



CINEUROPA

2024


38 EDICIÓN
7-24.11.2024

SANTIAGO DE
COMPOSTELA



“E nos ollos da xente vese o fracaso, e vese como medra a ira nos ollos dos famentos e nas súas almas inchan e maduran as uvas da ira preparándose para a colleita”

As uvas da ira, 1940



Como alcaldesa de Compostela, presentar Cineuropa é sempre un privilexio pois significa ofrecer á cidadanía a posibilidade de descubrir novos lugares, escoitar outras linguas e gozar das narracións das cinematografías máis ousadas e valentes. Abrimos de novo os ollos cara a ese cinema que permite que a nosa cidade volva ser porta de entrada ao coñecemento de dispares realidades sociais, económicas, culturais ou políticas; un cinema ao que o público de Compostela, fiel á cita, presta ano tras ano a súa ollada comprometida.

Esta 38ª edición chega da man do filme *Henry Fonda for president*, do cineasta e historiador austríaco Alexander Horwath, un poderoso ensaio cinematográfico estreado na última Berlinale que parte da figura e a carreira do mítico actor para construír na pantalla unha sólida reflexión sobre o concepto e os valores da democracia. Nun momento histórico e político no que moitos países cuestionan este sistema de goberno, Horwath pon o foco naquel no que Fonda escribiu a súa silueta como corazón da liberdade e entretece a historia americana a través dos retallos dos filmes encarnados polo actor. E así, a representación cinematográfica das bondades da democracia enfróntase a unha realidade marcada pola desafección política, a perda dos dereitos civís e a indiferenza ante quen é triturado polo sistema. É inevitable que ao fondo, as imaxes e as dimensións míticas de Fonda, parezan mirarnos de fronte.

O corazón do cinema, e o de Cineuropa, é a liberdade. A liberdade para programar as creacións que agroman ás marxes dos circuitos convencionais e tamén para volver a obras canónicas como *As uvas da ira* e dialogar con elas. O filme co que John Ford levou ao cinema o texto homónimo de Steinbeck e a desesperación do pobo americano durante a Gran Depresión, forma parte tamén da programación da edición e serve de inspiración á imaxe do festival. A proposta gráfica dá forma creativa á ira que agroma en resposta ás inxustizas, á carraxe que se acumula nos ollos ao contemplarmos as múltiples imaxes dun capitalismo descarnado que espreme as persoas máis débiles. Ese filme do ano 1940 segue de actualidade porque nos pon diante de situacións que, en pleno século XXI, seguimos sen resolver, como os desafiuzamentos, a emigración ou a pobreza estrutural. Desde unha ficción tecida no século pasado, a película préstase á conversa co presente e con ese documental no que Horwath combina historia do cinema e análise política, como crítica dunha autoimaxe estadounidense que só se serve a si propia trazando liñas entre o país que Estados Unidos soñou ser e o que realmente é, e interpelando o *horror vacui* ante as eleccións norteamericanas do 5 de novembro.

Na compañía destes dous filmes, o cinema máis recente ocupará os próximos días as pantallas do Teatro Principal, o Auditorio de Galicia, o Salón Teatro e NUMAX

para continuar afondando na intrincada relación entre conciencia política e relato cinematográfico, explorando múltiples perspectivas desde as que achegarse á realidade nunha ampla diversidade de procedencias, culturas, xéneros, linguas estéticas e ollares. O programa que cada ano presenta Cineuropa reflicte a súa audaz aproximación ao tecido do fragmentario, subliñando a súa abertura a formas e relatos cinematográficos non convencionais. Así é que poderemos ver entre as propostas deste ano a estrea absoluta de *7291*, un filme de Juanjo Castro sobre as mortes por COVID19 que aconteceron nas residencias para a terceira idade da Comunidade de Madrid e que recolle os testemuños de familiares que reclaman verdade, xustiza e reparación para todas esas vítimas; a través da longametraxe *Gou Zhen*, achegarémonos ao retrato da marxinalidade e a soidade desde os ollos do cineasta chinés Guan Hu; mergullarémonos nunha historia sobre amizade dirixida polas uruguaias Ana Guevara e Leticia Jorge en *Agarrame fuerte*; exploraremos a culpabilidade e a complexidade dos límites entre a violencia e o xogo que o novo realizador Halfdan Ullman ofrece en *Armand*, gañadora do premio á mellor ópera prima no Festival de Cannes 2024; descubriremos *Apocalipse nos Trópicos*, a investigación que Petra Costa desenvolve sobre o poderoso control que os líderes relixiosos exercen sobre a política en Brasil e que chega a Compostela tras transitar polos festivais de Donosti e Venecia; e aínda faremos parte desa reivindicación da desobediencia

fronte a ditadura e do dereito das mulleres ao desexo que Margarita Ledo Andión entretece en *Prefiro condenarme*.

Cineuropa conta co apoio incondicional de xeracións de público comprometido e non sería posible sen as achegas do Consorcio da Cidade de Santiago e a Deputación da Coruña e a colaboración de entidades e establecementos de Compostela e da contorna para os que non temos máis que agradecemento. O seu soporte permite, ano tras ano, presentar unha nova edición para levarnos a lugares insospeitados e circunstancias inimaxinables a través de películas que exploran a pobreza, a desigualdade de xénero, o trauma da guerra, o neoliberalismo ou o neautoritarismo, e que mesturan coñecemento, reflexión e, ás veces, empatía. Máis unha vez, convidovos a asistir. Pagará a pena.

Goretti Sanmartín Rei

Alcaldesa de Santiago de Compostela

QUEDEN A VIVIR DENTRO DO FESTIVAL

Cando nunha ocasión un crítico con ganas de transcendencia lle preguntou a John Ford que era o cinema —e supoñemos que Ford sabía algo diso— respondeu sen titubear, formulando unha interrogante retórica: “Vostede viu andar a Henry Fonda? Pois iso é o cinema”. Neste sentido, o escritor afroamericano James Baldwin tamén dixo que en *Young Mr. Lincoln* —que vostedes poderán descubrir ou revisitar nesta 38ª edición de Cineuropa— “Fonda andaba co ritmo melancólico dun negro”.

Por que parece que este novembro todos os camiños nos levan a Henry Fonda? O pasado febreiro —nunha Berlinale moi gris— asistimos a unha luzada de cinema maiúsculo que compensou os dez días de festival. Titulábase *Henry Fonda for President*, e nela o austríaco Alexander Horwarth conseguiu captar, a partir dun ensaio filmico sobre a vida e a carreira do actor norteamericano, algo así como o espírito do noso tempo: é dicir, o temor colectivo ante unhas forzas escuras que ameazan o núcleo das nosas liberdades cívicas.

Henry Fonda for President compón, a partir do imaxinario que xermina das múltiples personaxes ás que o actor deu vida na súa longa carreira, algo así como unha elexía por un ideal democrático que parece vir de moi atrás (desde cando Fonda interpretara os colonos do século XVII, a Abraham Lincoln ou os sen fogar da Gran Depresión) e que conclúe en 1982, ano no que faleceu despois de encarnar, polo menos en tres ocasións máis, o presidente dos Estados Unidos. A súa aura representaba uns valores de compromiso coa liberdade e con principios morais colectivos que parecían incommovibles. E que hoxe se ven ameazados pola turba populista e os multimillonarios do totalitarismo emerxente.

Por iso, ao mergullarnos en *Henry Fonda for President* o cine amósanos dun xeito hipnótico a súa capacidade para nos elevar por riba do máis obsceno ou miserable, para nos acoller e transcendelo. Quereríamos quedar vivir para sempre nesta República

de Fonda tan afastada do embrutecemento, igual que —na nenez— nos instalabamos na butaca e viviamos dentro da gran pantalla como se non houbera un mañá.

Isto quere ser Cineuropa. Un espazo onde desexariamos quedar a vivir. Ao leste ou ao oeste do edén, na compañía de iconas como Montgomery Clift, Ava Gardner, Lee Remick ou Warren Beatty. Soprando as candeas polo centésimo aniversario de Mastroianni, Marcello mio. Mentres sobre os rostros del e de María Schell, Visconti fai caer as folerpas chejovianas de *Noites brancas*.

Quedar a vivir coas historias de cada familia feliz, parecidas unhas a outras, pero ningunha como a das *Tres amigas* de Emmanuelle Mouret. E tamén coas familias infelices e os motivos diferentes para se sentiren desgraciadas que nos revelan, non sen humor, Mike Leigh, Paolo Sorrentino, François Ozon ou Paul Schrader. Deixarnos envolver por historias de amor perdido e procurado no sueste asiático do *Grand Tour* de Miguel Gomes. Viaxar a Corea do Sur con Isabelle Huppert. Ou aínda máis alá con Ángela Molina. Ter a cabeza a paxaros como a Andrea Arnold de *Bird*. Presenciar unha de superheroes con boina na profunda Francia rural de *L'Empire* de Bruno Dumont. Entrar *En la alcoba del sultán* con Javier Rebollo ou nas *Tardes de soledad* de Albert Serra. Ambos os dous virán ao Principal para nos presentaren as súas novas aventuras.

Desexar quedar a vivir neste Cineuropa para celebrarmos a arte do noso director máis iconoclasta, Alberto Gracia. A enormidade do talento que se aprecia na Ingrid García-Jonsson de *Una ballena*. E a capacidade de evocación dunha infancia de inocencia roubada da brasileira Flávia Castro.

Deixarnos arrolar pola fanfarra que inauguraré Cineuropa *por todo o alto*. Ou pola sensibilidade coa que C. Tangana reivindica o duende con *La guitarra flamenca de Yeraí Cortés*.

Tomar conciencia, sen saírmos deste territorio do soñado, do que sucede en Europa cando os perigos que axegan o inmigrante sen papeis de *A historia de Souleymane* tamén cercan na vida real ao actor que a protagoniza, Abou Sangare. E ser parte da estrea mundial de *7291*, o documental de Juanjo Castro sobre os protocolos da vergoña nos centros de maiores do goberno Ayuso durante os primeiros meses da pandemia. Non se viu aínda o docu en ningures. A lei do silencio. Que vexa a luz aquí pódenos facer sentir que este é un festival moi, moi libre.

Quedar a vivir dentro do festival. Ser durante toda unha xornada moi especial testemuña das montañas rusas de *El circo de los muchachos*, a serie sobre o Padre Silva e a súa particular Güiana ambientada en Ourense. Poderémola ver íntegra e en exclusiva antes da súa estrea, dirixida polo gañador dun Goya Elías Siminiani. Benposta en Cineuropa.

Se deciden de verdade apurar esta eternidade de 18 días en Cineuropa, poderán descubrir o ata agora enorme misterio doutro circo do que moito se leva falado: en *From Darkness to Light* van ser os primeiros —tras o seu pase en Venecia— en descubrir que hai de verdade nese proxecto de Jerry Lewis de realizar unha comedia cun *clown* no marco dun campo de concentración nazi, cos prisioneiros xudeus como audiencia. Este circo tolísimo convértese nunha película maldita coma ningunha outra, en bobinas agachadas ata hoxe, en lendas urbanas que puxeron en dúbida a existencia real deste proxecto disparatado. De feito, fíxose, filmouse case na súa totalidade. Nunca se estreou e afundiou a carreira e case a vida de Jerry Lewis.

E para quen será xa algo literal a idea de aspirar a quedar a vivir neste teatro é para a fangoria do noso maratón. Oito películas durante doce horas que comezarán, palabras maiores, coa máis recente curta das ALSO Sisters. As ourensás Sonia e Miriam Albert-Sobrino son xa figuras instaladas no cine de terror internacional con militancia de xénero. Coma elas en Utah. As súas curtas viaxaron polo circuito de festivais internacionais, de Sydney a Raindance. E en Cineuropa, co seu recentemente terminado *The Unbearing*, serán xefas dun maratón. E non dun calquera: recuperamos o chocolate con churros tras a post-pandemia. Ao mellor vostede pensa que non está xa na idade. Pero asegúrolle que esta noite sen fin é unha experiencia multisensorial.

Ben, niso quedamos. Vaian saltando de butaca e de sala en sala. Esquezan o de fóra. Pode esperar, chove e na televisión celebra os seus triunfos ou os seus asaltos ao poder persoal moi feo. Vostedes asalten os ceos deste festival, que sempre foi moi seu. Camiñemos estes dezaioito días xuntos como facía Henry Fonda en *Young Mr. Lincoln*. Co ritmo melancólico dun negro.

José Luis Losa
Director Cineuropa 38

PROGRAMA
POR DÍAS
PÁX. 13-19

PREMIOS
CINEUROPA 2024
PÁX. 21-27

SECCIÓNS OFICIAIS
LISTAXE DE
PELÍCULAS
PÁX. 29-31

PROXECCIÓNS
ESPECIAIS
(INAUGURACIÓN
E CLAUSURA)
PÁX. 33-35

SECCIÓN OFICIAL
EUROPEA
PÁX. 37-56

PANORAMA
INTERNACIONAL
PÁX. 59-66

PANORAMA
AUDIOVISUAL
GALEGO
PÁX. 69-83

DOCS CINEUROPA
PÁX. 85-92

NOVAS/OS
CINEASTAS
PÁX. 95-103

XURADO OFICIAL
PÁX. 106-107

XURADO NOVO
PÁX. 108-109

SECCIÓNS
PARALELAS
LISTAXE DE
PELÍCULAS
PÁX. 111-113

HENRY FONDA
FOR PRESIDENT:
O CORAZÓN DO
CINEMA É
A LIBERDADE
PÁX. 115-123

O CINEMA DA
CONSPIRACIÓN
PÁX. 125-128

BRANDO FAI CEN
ANOS. O ACTORS
ESTUDIO, DEUSES
E MONSTROS NA
REVOLUCIÓN DAS
EMOCIÓNS
PÁX. 131-145

LATIDOAMERICANO
PÁX. 147-149

FANTASTIQUE
COMPOSTELA
PÁX. 151-153

CINEFILIAS
PÁX. 155-158

MARATÓN
PÁX. 161-165

PELÍCULAS PREMIOS
CINEUROPA
PÁX. 167-169

ACTIVIDADES
PÁX. 171-187

PELÍCULAS
ORDENADAS
ALFABETICAMENTE
PÁX. 189-193

INFO PRÁCTICA
PÁX. 195-199

EQUIPO
PÁX. 200-201

CINEUROPA 38

PROGRAMA CINEUROPA

XOVES 7 DE NOVEMBRO**TEATRO PRINCIPAL**

20.00 SESIÓN INAUGURAL: EN FANFARE /
POR TODO O ALTO

VENRES 8 DE NOVEMBRO**TEATRO PRINCIPAL**

16.30 YOUNG MR. LINCOLN / O MOZO LINCOLN
18.45 CENT MILLE MILLIARDS / CEN MILLÓNS DE MILLÓNS
20.30 EN LA ALCOBA DEL SULTÁN · COLOQUIO
22.30 DAHOMEY

SALÓN TEATRO

16.00 THE THREE FACES OF EVE / AS TRES CARAS DE EVA
18.00 PROGRAMA CURTAS GALEGAS 1 · COLOQUIO
20.00 BLUE SUN PALACE
22.30 LA NUIT SE TRAÏNE / NIGHT CALL

SÁBADO 9 DE NOVEMBRO**TEATRO PRINCIPAL**

17.15 MY FAVOURITE CAKE / O MEU PASTEL FAVORITO
19.15 POLVO SERÁN · COLOQUIO
22.00 THE DEVIL'S BATH / O BAÑO DO DEMO

SALÓN TEATRO

16.00 AS NEVES · COLOQUIO
18.15 EN FANFARE / POR TODO O ALTO
20.30 GOU ZHEN / BLACK DOG / CAN NEGRO
22.45 APOCALYPSE IN THE TROPICS /
APOCALIPSE NOS TRÓPICOS

NUMAX

16.00 MESA DE DEBATE ACTOR'S STUDIO · BABYDOLL
19.00 EN LA ALCOBA DEL SULTÁN · COLOQUIO
21.15 HOTEL DO RIO (4 CAPÍTULOS)

DOMINGO 10 DE NOVEMBRO**TEATRO PRINCIPAL**

16.30 THE SEED OF THE SACRED FIG /
A SEMENTE DA FIGUEIRA SAGRADA
20.00 QUAND VIENT L'AUTOMNE /
CANDO CAE O OUTONO
22.15 GOU ZHEN / BLACK DOG / CAN NEGRO

SALÓN TEATRO

15.30 SAUVAGES / SALVAXES · EU VOU COMIGO
17.30 7291 · COLOQUIO
20.30 MY FAVOURITE CAKE /
O MEU PASTEL FAVORITO
22.30 CENT MILLE MILLIARDS /
CEN MILLÓNS DE MILLÓNS

NUMAX

16.00 THE KING OF MARVIN GARDENS /
O REI DE MARVIN GARDENS
18.00 PROGRAMA CURTAS GALEGAS 2 · COLOQUIO
20.15 BOB TREVINO LIKES IT
22.15 THE TRIP TO BOUNTIFUL /
REGRESO A BOUNTIFUL
AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART
16.00 LENNY
18.15 A HATFUL OF RAIN /
UN SOMBREIRO CHEO DE CHOIVA
20.30 A SAVANA E A MONTANHA · COLOQUIO

LUNS 11 DE NOVEMBRO**TEATRO PRINCIPAL**

16.00 THE KING OF COMEDY / O REI DA COMEDIA
18.15 DAHOMEY
19.45 POLVO SERÁN · COLOQUIO
22.30 SĂPTĂMĂNA MARE / SEMANA SANTA

SALÓN TEATRO

15.30 THE DAY OF THE LOCUST /
COMO PRAGA DE LANGOSTA (VERSION RESTAURADA)
18.30 PICO SACRO · COLOQUIO
20.30 QUAND VIENT L'AUTOMNE /
CANDO CAE O OUTONO 102'
22.30 LE NOTTI BIANCHE / NOITES BRANCAS

NUMAX

16.30 7291 · COLOQUIO
19.30 A SAVANA E A MONTANHA · COLOQUIO
21.15 SOUNDTRACK TO A COUP D'ETAT / BANDA
SONORA DUN GOLPE DE ESTADO

AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

16.00 YOU ONLY LIVE ONCE / SÓ SE VIVE UNHA VEZ
18.00 THE GRAPES OF WRATH / AS UVAS DA IRA
20.30 THE OX-BOW INCIDENT / INCIDENTE EN OX-BOW

MARTES 12 DE NOVEMBRO**TEATRO PRINCIPAL**

15.45 12 ANGRY MEN / 12 HOMES SEN PIEDADE
17.45 THE DEVIL'S BATH / O BAÑO DO DEMO
20.15 PREMIO CINEUROPA: ALBERTO GRACIA
· LA PARRA
23.00 APOCALYPSE IN THE TROPICS /
APOCALIPSE NOS TRÓPICOS

SALÓN TEATRO

17.00 SĂPTĂMĂNA MARE / SEMANA SANTA
19.30 PHANTOSMIA / FANTOSMIA

NUMAX

15.45 TWILIGHT'S LAST GLEAMING / ALERTA: MÍSILES
18.30 AURORA · COLOQUIO
19.45 PROGRAMA DE CURTAS GALEGAS 3 · COLOQUIO
21.30 LA PIEL EN PRIMAVERA

AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

16.00 MY DARLING CLEMENTINE /
PAIXÓN DOS FORTES
18.00 FORT APACHE
20.15 THE WRONG MAN / FALSO CULPABLE

MÉRCORES 13 DE NOVEMBRO**TEATRO PRINCIPAL**

17.00 LE DEUXIÈME ACTE / O SEGUNDO ACTO
19.00 GRAND TOUR
22.00 LE MANGEUR D'ÂMES / AS DESAPARICIÓNS

SALÓN TEATRO

16.30 SOUNDTRACK TO A COUP D'ETAT /
BANDA SONORA DUN GOLPE DE ESTADO
19.30 AZRAEL
21.30 MÒ SHÌ LÙ / STRANGER EYES /
OLLOS ESTRAÑOS

NUMAX

15.45 OPENING NIGHT / NOITE DE ESTREA
18.30 BULWORTH
20.30 LA GUITARRA FLAMENCA DE YERAI CORTÉS
22.20 LILITH
AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART
15.45 ALL FALL DOWN / O SEU PROPIO INFERNO
18.00 BLACK STONE / PEDRA NEGRA · COLOQUIO
20.00 SCARECROW / ESPANTALLO

XOVES 14 DE NOVEMBRO**TEATRO PRINCIPAL**

16.30 MÒ SHÌ LÙ / STRANGER EYES / OLLOS ESTRAÑOS
20.00 PREMIO CINEUROPA: INGRID GARCÍA-JONSSON
· UNA BALLENA
23.00 MADS

SALÓN TEATRO

16.00 SUMMER AND SMOKE / VERÁN E FUME

18.30 THE STRANGE ONE

20.15 QUIET LIFE / VIDA EN PAUSA

22.15 LA NOCHE DE LAS GAVIOTAS

NUMAX

15.45 EAST OF EDEN / AO LESTE DO EDÉN

18.00 A FACE IN THE CROWD /

UN ROSTRO NA MULTITUDE

20.15 ALELÍ · COLOQUIO

22.15 LONELYHEARTS / CORAZÓN SOLITARIOS

AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART15.30 ENCONTRO 'DO GUIÓN Á PANTALLA'
CON SPIROS JACOVIDES17.30 SOMETIMES A GREAT NOTION /
CASTA INVENCIBLE

20.00 SWEET BIRD OF YOUTH /

DOCE PAXARO DE XUVENTUDE

ZONA C10.30 XORNADA FORMATIVA NOVAS SOLUCIÓN DE
FINANCIAMENTO PARA A PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL**VENRES 15 DE NOVIEMBRE****TEATRO PRINCIPAL**15.30 THE KING OF MARVIN GARDENS /
O REI DE MARVIN GARDENS

17.30 APRIL / ABRIL

20.15 BIRD

22.45 STRANGE DARLING

SALÓN TEATRO

16.00 MISTER ROBERTS / ESCALA EN HAWAI

18.30 FAIL SAFE / PUNTO LÍMITE

20.45 HENRY FONDA FOR PRESIDENT · COLOQUIO

NUMAX

16.00 MI BESTIA

17.45 AKIPLĚŠA / TOXIC

20.00 PHANTOSMIA / FANTOSMIA

SÁBADO 16 DE NOVIEMBRE**TEATRO PRINCIPAL**

16.00 PROYECCIÓN ESPECIAL: EL CIRCO DE LOS

MUCHACHOS (SERIE ÍNTEGRA 5 CAPÍTULOS)

· COLOQUIO

22.15 GRAND TOUR

SALÓN TEATRO

15.45 VALENTINA O LA SERENIDAD · TOXOS

17.45 LE DEUXIÈME ACTE / O SEGUNDO ACTO

19.30 BIRD

21.45 ROCK BOTTOM · COLOQUIO

NUMAX

16.00 LA PIEL EN PRIMAVERA

18.00 TURN ME ON

20.00 LA GUITARRA FLAMENCA DE YERAI CORTÉS

22.00 THE PAWNBROKER / O PRESTAMISTA

DOMINGO 17 DE NOVIEMBRE**TEATRO PRINCIPAL**

12.00 CONCERTO DA BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA

16.00 BOB TREVINO LIKES IT

18.00 HARD TRUTHS / A MIÑA ÚNICA FAMILIA

20.00 PARTHENOPE

22.45 A TRAVELER'S NEEDS / YEHOAENGJAU PILYO
/ NECESIDADES DUNHA VIAXEIRA**SALÓN TEATRO**

17.00 THE SEED OF THE SACRED FIG /

A SEMENTE DA FIGUEIRA SAGRADA

20.30 LES FEMMES AU BALCON /

AS MULLERES DO BALCÓN

22.30 UNA BALLENA

NUMAX

16.00 THE LANDLORD / O CASEIRO

18.30 ROCK BOTTOM · COLOQUIO

20.45 HENRY FONDA FOR PRESIDENT · COLOQUIO

AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART15.30 THE MANCHURIAN CANDIDATE / O MENSAXEIRO
DO MEDO

17.45 SEVEN DAYS IN MAY / SETE DÍAS DE MAIO

20.00 SECONDS / PLAN DIABÓLICO

LUNS 18 DE NOVIEMBRE**TEATRO PRINCIPAL**

17.00 HARD TRUTHS / A MIÑA ÚNICA FAMILIA

19.00 TARDES DE SOLEDAD · COLOQUIO

22.15 FROM DARKNESS TO LIGHT / DA ESCURIDADE Á LUZ

SALÓN TEATRO16.00 A HATFUL OF RAIN /
UN SOMBREIRO CHEO DE CHOIVA

18.15 MOND / MOON

20.15 REAS

22.00 LE MANGEUR D'ÂMES / AS DESAPARICIÓNS

NUMAX

16.00 AKIPLĚŠA / TOXIC

18.00 SCARECROW / ESPANTALLO

20.15 FILMEI PAXAROS VOANDO · COLOQUIO

22.30 QUIET LIFE / VIDA EN PAUSA

AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

16.30 A STREETCAR NAMED DESIRE /

UN TRANVÍA CHAMADO DESEXO

19.00 ONE-EYED JACKS / O ROSTRO IMPENETRABLE

MARTES 19 DE NOVIEMBRE**TEATRO PRINCIPAL**

16.00 TURN ME ON

18.00 L'HISTOIRE DE SOULEYMANE /

A HISTORIA DE SOULEYMANE

20.00 OH, CANADA

22.00 TARDES DE SOLEDAD

SALÓN TEATRO

17.00 BLUE SUN PALACE

19.30 ARMAND / A TITORÍA

22.00 SANTOSH / SEGREDOS DUN CRIME

NUMAX

17.15 THE DAY OF THE LOCUST /

COMO PRAGA DE LANGOSTA

20.00 PROGRAMA VAL DEL OMAR · COLOQUIO

22.00 REAS

AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

16.00 BULWORTH

18.00 PRESENTACIÓN DO PROGRAMA XUVENTUDE CREA

19.45 TWILIGHT'S LAST GLEAMING / ALERTA: MISILES

MÉRCORES 20 DE NOVIEMBRE**TEATRO PRINCIPAL**

18.00 THE GIRL WITH THE NEEDLE /

A RAPAZA DA AGULLA

20.15 L'HISTOIRE DE SOULEYMANE /

A HISTORIA DE SOULEYMANE

22.00 PARTHENOPE

SALÓN TEATRO

16.00 MY DARLING CLEMENTINE / PAIXÓN DOS FORTES

18.00 MI BESTIA

20.15 PREMIO CINEUROPA: FLÁVIA CASTRO ·

DIÁRIO DE UMA BUSCA

22.45 AKIPLĚŠA / TOXIC

NUMAX

16.00 ONE-EYED JACKS / O ROSTRO IMPENETRABLE

18.45 AGARRAME FUERTE

20.15 WILD RIVER / RÍO SALVAXE

22.15 THE LANDLORD / O CASEIRO

AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

15.45 THE STRANGE ONE

17.45 MISTER ROBERTS / ESCALA EN HAWAI

20.00 BUSCANDO A SANTA COMPAÑA · COLOQUIO

XOVES 21 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

16.00 THE OX-BOW INCIDENT / INCIDENTE EN OX-BOW

17.45 LES FEMMES AU BALCON / AS MULLERES DO BALCÓN

20.00 TROIS AMIES / TRES AMIGAS

22.15 PELÍCULA SORPRESA

SALÓN TEATRO

16.00 SECONDS / PLAN DIABÓLICO

18.15 10 ANOS DE CINEMA EN CURSO EN GALICIA

20.15 PREFIRO CONDENARME · COLOQUIO

22.15 MOND / MOON

NUMAX

16.00 VACA MUGIENDO ENTRE RUINAS · COLOQUIO

18.30 RETAGUARDIA · COLOQUIO

20.30 WA ADA MAROUN ILA BEIRUT /

MAROUN VOLVE A BEIRUT · COLOQUIO

AUDITORIO DE GALICIA · SALA ÁNGEL BRAGE

20.30 CONCERTO DA RFG · STEAMBOAT BILL, JR. /

O HEROE DO RÍO

VENRES 22 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

16.30 SANTOSH / SEGREDOS DUN CRIME

19.00 APRIL / ABRIL

22.00 MARATÓN (THE UNBEARING / ESTADO DE NECESIDADE · PELÍCULA SORPRESA 1 · STRANGE DARLING · AZRAEL · MADS · LA NUIT SE TRAÎNE / NIGHTCALL · PELÍCULA SORPRESA 2 · LA NOCHE DE LAS GAVIOTAS)

SALÓN TEATRO

17.00 VOGTER / CONDENADOS

19.15 THE GIRL WITH THE NEEDLE /

A RAPAZA DA AGULLA

21.45 FROM DARKNESS TO LIGHT /

DA ESCURIDADE Á LUZ

SÁBADO 23 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

16.30 L'AMOUR OUF / BEATING HEARTS

20.00 CERIMONIA DE CLAUSURA · LES FANTÔMES /

A REDE PANTASMA

SALÓN TEATRO

15.45 VALENTINA O LA SERENIDAD ·

EU VOU COMIGO

17.45 L'EMPIRE / O IMPERIO

20.00 ARMAND / A TITORÍA

22.15 VOGTER / CONDENADOS

AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

15.45 LILITH

18.00 WILD RIVER / RÍO SALVAXE

20.00 THE PAWNBROKER / O PRESTAMISTA

DOMINGO 24 DE NOVIEMBRE

TEATRO PRINCIPAL

17.00 OH, CANADÁ

19.00 TROIS AMIES / TRES AMIGAS

21.30 A TRAVELER'S NEEDS / YEOHAENGJAUJI PILYO/

NECESIDADES DUNHA VIAXEIRA

SALÓN TEATRO

16.00 YOUNG MR. LINCOLN/ O MOZO LINCOLN

18.00 L'AMOUR OUF / BEATING HEARTS

21.15 L'EMPIRE / O IMPERIO

AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART

16.00 PLEIN SOLEIL / A PLENO SOL

18.15 AGARRAME FUERTE

19.45 A FACE IN THE CROWD /

UN ROSTRO NA MULTITUDE

"Non podo dicir
o que é correcto
segundo as
leis, pero sei o
que é correcto
segundo a
xustiza"

O mozo Lincoln, 1939

CINEUROPA 38

**PREMIOS
CINEUROPA**



©Óscar Orengo

ALBERTO GRACIA

Alberto Gracia é un exiliado romántico. Nada que ver con Jonás Trueba, aclaro. Alberto Gracia é unha estrela errante. Unha das súas películas nutricias titúlase así e fala de narcisismos, de non-mortos e de *friames*. A errancia é algo consubstancial ao seu cine –desde *O quinto evanxeo de Gaspar Hauser*, que tiña como antiheroe a ese tetrarca da misantropía que parecía querer vivir pechado –ou liberado– cun só xoguete, como o personaxe de Juan Marsé–.

Como autor declaradamente pop e namorado da moda xuvenil, Alberto é, non obstante, un fascinado polo punk de Fassbinder. E por aquel último hurra do cine libre que foi o da década dos 70 do século pasado.

Desta capacidade de conciliar xéneros e épocas naceu

ese Kaspar Hauser con ananos sadomasoquistas e un Batman plenipotenciario diante e detrás das cámaras que namoraron o xurado da crítica do Festival de Rotterdam no 2013. De feito, xerou entusiasmo en todo aquel estraño edificio holandés do Doelen e conquistou ese festival. Ata o punto de que, desde aquela, todas as súas longametraxes triunfaron en Rotterdam, un lugar postmoderno e portuario como Ferrol, que encaixa moito máis co modo de ser e de sentir de Alberto ca a asepsia mórbida de Cannes. A cada un o seu.

Lembro ben aquela noite do triunfo en Rotterdam porque foi algo así como o gol de Zarra: a primeira proeza internacional do que coído que aínda non se denominaba Novo Cinema Galego. Contabas no teu periódico esa noite –porque o palmarés soubémolo

moi tarde– que unha película nosa recibira un premio nun festival internacional e tiñas que repetilo dúas veces. Por alí andaba tamén aquela noite José Luis Cienfuegos, outro que tamén namorou de maneira instantánea do cine de Alberto Gracia.

La estrella errante, que é do 2018, foi como a homenaxe do director ferrolán a George A. Romero, o pai de todos os mortos viventes, que tamén ten as súas orixes en Ferrolterra. Como Kaspar Hauser, os zombis son aquí seres que fan da errancia unha maneira de ser. Alberto Gracia mutara do celuloide ao dixital e de novo o seu cine movíase entre o pop e o after-punk. Fala dun Vigo xa inexistente, aquel da movida oficialista. E do regreso á cidade, fané e escangallado, dun cantante de radio asasinado polo imperio Video-Star. Fala dun proceso de vampirización. Porque toda vida –xa o deixou escrito Scott Fitzgerald– é un proceso de demolición. E Alberto Gracia é o noso director experto en filmar decadencias, bailes airosos dos non-mortos. Habaneras sen porto. É o máis xenuíno baladista fílmico dunha Galicia entrevistada como un capitán Nemo. La estrella errante gañou en Sevilla o Premio Novas Olas, que daquela supoñía estar na cima da avant-garde. E iso non impide que Alberto namore dos anacronismos das cidades detidas no tempo, ese canalla.

Aquí terán, neste Cineuropa, o Ferrol de La Parra, onde só faltan os restos da Estatua da Liberdade que Rod Serling ideou para *O planeta de los simios*. Como distopía, *La Parra* non lle vai á zaga a aquel universo. De feito, Serling mataría por unha idea de guión como a da Ponte das Pías illando o resto do mundo de Ferrol.

Como unha balsa de pedra, orfa de *oremus* (onde foron os estaleiros ou a Mariña) e dese patriarca do garrote vil chamado Francisco Franco. *La Parra* é Alberto Gracia, de volta á súa cidade trinta anos despois. “Para poder apreciar de verdade Ferrol tes que estar fóra trinta anos. Se non, serías como o peixe no acuario, que non sabe o que é a auga”.

Alberto di que o seu cine ten sempre nas súas raíces un feito autobiográfico. A desaparición do seu pai, quen lle deu as leis para que el as saltase, creo que é motor de moitas chaves deste paseo pola pensión e a morte. Deste terreo baldío, deses personaxes que non acaban de saír do beirado do gato ferrolán.

La Parra tamén se estreou noutra cidade navieira, a xa devandita Rotterdam. Pero esta, calvinista e próspera. Non como as ruínas xudeocristiás do Ferrol anegado no peso da culpa. Ou quizais teña algo o Ferrol de La Parra da Santa María de *El astillero* de Onetti. De feito, a película de Alberto Gracia, que pasou por festivais de medio mundo, fixo unha parada moi especial en Montevideo. E alí foi celebrada como algo propio.

Sempre lixeiro de equipaxe, que non de lecturas ou referencias artísticas das máis belas artes, Alberto Gracia paréceme o máis iconoclasta e menos fachendoso dos autores do Novo Cinema Galego. Non sei se por iso tiña como valor de lei alardear de non ser profeta na súa terra. Que este tributo o acabe de convencer de que aquí é moi querido.

José Luis Losa



FLÁVIA CASTRO

O cinema de Flávia Castro, tanto na súa vertente documental (*Diário de uma busca*, 2010) como na ficción sobre a súa propia infancia no exilio parisiense e o seu regreso a Brasil (*Deslembro*, 2019), así como no seu traballo como guionista de *Imagens do Estado Novo 1937-45*, configuran unha visión particular e valiosísima do século XX brasileiro —en parte fielmente histórica, en parte atravesada pola memoria e a sensibilidade dunha nena ou dunha adolescente. Un país sometido ao autoritarismo —ou directamente ao fascismo— produto dos réximes militares nacidos ou apoiados pola Operación Cóndor no Cono Sur latinoamericano.

O cinema de Flávia Castro traballa sobre a fantasía dunha infancia no exilio como limbo idealizado (ou non) e o retorno a un país onde a ditadura aínda domina o escenario. A proba de que ese réxime é capaz de apoiar os peores criminais golpea a Castro e a súa familia en outubro de 1984, cando o seu pai aparece morto no apartamento dun ex oficial nazi en Porto Alegre.

Cando nin a nostalgia nin o ensimesmamento abundan, que facer coa materia precaria que nos ofrece a memoria? Para o creador dunha obra ficcional construída a partir da memoria traumática dos anos de chumbo, contestar esa pregunta quizais sexa o máis importante. Lembrar non é un xesto autosuficiente, moito menos necesariamente positivo. A memoria pódenos servir tanto para iluminar os nosos puntos cegos como para impulsar fantasías neofascistas. Só a imaxinación nos pode ofrecer o engano e a arte para facer da memoria triste a materia para unha vida que busca a liberdade e a alegría.

E isto é exactamente o que fai a longametraxe *Deslembro*. A película usa a materia precaria da memoria infantil e xuvenil sobre o período entre 1968 e 1976, no que a represión se fixo máis crúa e violenta. Non hai en *Deslembro* nin unha pegada do melodrama nostálxico, da falsa neutralidade. A través dun camiño propio, Flávia Castro utiliza para a súa ficción histórica os materiais da

súa experiencia, pero faino tranquilamente, sen esforzo esaxerado de contención emocional.

Podémosos achegar á intelixencia crítica de *Deslembro* facendo un paralelo entre a película e o documental en primeira persoa *Diário de uma busca*. Investigando a morte do seu pai, Castro relata os sucesivos exilios da familia, as separacións e as novas relacións e a difícil readaptación ao Brasil. Ao final de *Diário de uma busca*, temos o retrato dun home deprimido e desilusionado coa loita política, e dos seus fillos, que tras o seu pasamento lidan co trauma dunha morte inexplicada. En *Deslembro*, Flávia Castro proxecta, para personaxes e situacións diferentes, varias lembranzas e cuestionamentos xa bosquexados no seu documental, pero, libre das limitacións da non ficción, articula mellor a súa investigación sobre a experiencia familiar, a militancia política radical e o efecto das desaparicións políticas nos sobreviventes. A ficción, ceiba e enerxizada pola memoria persoal, chega a lugares aos que as regras da non ficción dificultaban o acceso, para darnos o papel de *voyeurs* dese mito que é “a realidade como é” no relato en primeira persoa.

Hoxe, cando Brasil tivo que revivir o negacionismo da ditadura, unha vez que un capitán dese réxime, Jair Mesías Bolsonaro, alcanzou a presidencia do país, faise máis necesaria ca nunca a forza para evocar do cinema de Flávia Castro. Agora, que, aínda que Bolsonaro fora desaloxado do poder polas urnas, a metade dun país que tamén sofre a fractura desaprendeu as leccións da Historia e se atreve a reivindicar o papel daquela ditadura. Flávia Castro está rematando agora dous novos filmes, *Cyclone* e *As vitrines*, nos que reconstrúe o momento do *putsch* de Pinochet, cando ela e mais

a súa familia se refuxian na embaixada de Arxentina naquel Chile asolado polo golpe. E a directora afirma:

“Golpe é unha das palabras máis antigas da miña vida. Nunca tiven que preguntar o seu significado; eu ben o sabía. A palabra sempre entraba nas discusións políticas que se espallaban ao longo do serán na casa. A miúdo adormecía embalada polo ritmo de palabras como trotskismo, loita de clases, resistencia. Eran palabras íntimas, aínda que eu non entendese o seu significado. Pero ‘golpe’, porque afectou a nosa vida dun xeito drástico e definitivo, eu xa sabía o que quería dicir (ou pensaba que sabía). A historia dos nenos que acompañaron os seus pais na loita contra a ditadura é un exilio invisible sobre o que aínda se puxeron poucas imaxes ou se falou pouco.”

Este Premio Cineuropa para Flávia Castro é, máis ca nunca, unha complicidade co cinema da memoria daqueles que perderon a liberdade, a vida ou a identificación cunha terra que deixara de ser a súa. Necesitamos que Flávia e outras e outros cineastas coma ela mostren esas vitrinas do recordo. Que convertan en imaxes reveladoras ese pulso contra a amnesia, contra o deslembro ao que nos queren devolver os fascismos de agora, que, coma os de sempre —porque son a mesma cousa— pretenden borrar do mapa as ideas de liberdade colectiva e individual, as loitas por unha sociedade máis xusta. Aquelas grandes *alamedas* que nunca chegaron a abrirse de todo e que agora ameazan de novo con bombardear. Necesitamos o cinema que nos lembre quen fomos. Para que ningunha das agora chamadas guerras culturais reaccionarias sexa capaz de anular as nosas identidades de clase, de pobo, de soño.



©Paco Navarro

INGRID GARCÍA-JONSSON

Aínda que xa levaba un par de anos na profesión, a Ingrid García-Jonsson coñecémola un día de maio do 2014 no festival de Cannes, na proxección na sala Debussy de *Hermosa juventud*, a película de Jaime Rosales que concursaba na sección Un Certain Regard. Quero ser tan concreto porque naquela proxección produciuse a descuberta colectiva dunha actriz que posuía a capacidade de impregnar de verdade de seda e esparto aquel tan estimable retrato dos máis precarios da crise económica da burbulla inmobiliaria. Rosales –que foi Premio Cineuropa no 2008– acertou ao se achegar sen embozos a situacións non exentas de crueldade ás que se vían forzados os nosos mozos

e mozas moídos por aquela precariedade imposta por decreto. Naquela historia de sacrificios e sucesivos desencantos agromaba a auréola dunha actriz da que emanaban, ao tempo, amargura e vitalismo. Esa moza de *look* non casual, senón máis ben accidental, levaba sobre os ombreiros o desconcerto e a esperanza, a fragilidade do xunco que nunca quebra. Era o de Ingrid García-Jonsson un deses papeis que te acompaña logo, fóra da sala. Que che fai compartir co resto o achado. E memorizar a estilizada lonxitude do seu nome.

Despois de gozar dunha Ingrid ao cadrado, nun exercicio de cine de *doppelgänger* como *Ana de día*, no cal a súa capacidade de desdoblamento estaba por

riba do ton xeral da proposta, reencontramos a actriz nun rexistro de plenitude libertaria como a Salomé de *Love Me Not* de Luis Miñarro. Como nunha relectura entre Oscar Wilde e Pasolini, Miñarro servíalle aquí a Ingrid García-Jonsson a cabeza do Bautista –que non era outro ca o noso Óliver Laxe– e brindáballe á actriz unha performance de grandioso empurrón libertario, cun punto de tripi nese rigodón narrativo como de calleo de cantina mexicana e pansexual.

Nesta fin de festa transxénero de *Love Me Not*, na que a actriz enarboraba a española tardo franquista do eurovisivo *Vivo cantando* de (a outra) Salomé como acto de puritita subversión, aprendemos a ver en Ingrid García-Jonsson un aire axitado de diva do *underground*.

Quizais por iso é que non podo deixar de ver na presenza da actriz nun musical de conciencia tan *mainstream* como *Explota explota*, do uruguaio Nacho Álvarez, unha omnipotente capacidade de transformación de todo o que a rodea. Así, moito máis alá do tributo ben fundamentado a Raffaella Carrà ou do musical retro-queer, a min pareceume que García-Jonsson é quen de rebentar esas costuras da película e de derivala en moitos momentos cara ao inesperadamente lisérxico-vintage, como nunha planificación extrema dos zooms de Valerio Lazarov, aquí tan visiblemente homenaxeado.


Recoñecida esa forza interna da actriz por dous prebostes do *establishment* cinematográfico español, como son Álex de la Iglesia en *Veneciafrenia* e Isabel Coixet en *Un amor*, reencóntrome coa Ingrid García-Jonsson da que máis gusto por imprevisible –e repito, *underground*– nunha película soberbia estreada hai

só dúas semanas no Festival de Cine Fantástico de Sitges. *Una ballena* –dirixida por Pablo Hernando, con quen xa traballara ela en *Berseker*– é un prodixio de construción de cine negro de alta graduación e pureza que agora –non entendo por que– a moda empeza a etiquetar como neo-noir, cando o seu clasicismo é gozosamente ancián.

Ambientada nunha sombría atmosfera portuaria de Biscaia, un microcosmos de escuridade case lunar, *Una ballena* ofrécenos un *tour de force* interpretativo entre ese actor cada día máis colosal que é Ramón Barea, e unha Ingrid García-Jonsson que perfila como se tal cousa, cunha sutileza e aparencia de sinxeleza que leva dentro un traballo de complexidade indescifrable, a súa personaxe de asasina a soldo. Un carácter que, no seu hieratismo, entronca coa estirpe dos protagonistas de Jean Pierre Melville. É tan formidable a irrupción de García-Jonsson neste *polar* que parece que acaba de chegar directamente propulsada dende a pantalla na que se proxecta *Le samourai*.

Melville contra Melville, á que asistimos en *Una ballena*, é unha das cimas da serie negra nunca filmadas no noso cine. Cun Barea telúrico, como saído dun peirao da Marsella dos 50, e unha Ingrid García-Jonsson chegada da cara escura doutro planeta para agasallarnos esta *killer* entre galáctica e existencialista que merece un Goya súbito na súa autenticidade abraiante, fronte a imposturas como as falsas rapazas Almodóvar falando en inglés sobre as preferencias de Virginia Woolf á hora de tomar o té.

José Luis Losa



CINEUROPA 38

SECCIÓNS OFICIAIS

**PROXECCÍONS ESPECIAIS:
INAUGURACIÓN E CLAUSURA**

- EN FANFARE / POR TODO O ALTO
- LES FANTÔMES / A REDE FANTASMA

SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

- A SAVANA E A MONTANHA
- APRIL / ABRIL
- BIRD
- BLACK STONE / PEDRA NEGRA
- CENT MILLE MILLIARDS / CEN MILLÓNS DE MILLÓNS
- DAHOMEY
- EL CIRCO DE LOS MUCHACHOS
- EN FANFARE / POR TODO O ALTO
- EN LA ALCOBA DEL SULTÁN
- GRAND TOUR
- HARD TRUTHS / A MIÑA ÚNICA FAMILIA
- HENRY FONDA FOR PRESIDENT
- HOTEL DO RIO
- L'AMOUR OUF / BEATING HEARTS /
- L'EMPIRE / O IMPERIO
- L'HISTOIRE DE SOULEYMANE /
- A HISTORIA DE SOULEYMANE
- LA GUITARRA FLAMENCA DE YERAI CORTÉS
- LA NUIT SE TRAÎNE / NIGHTCALL
- LE DEUXIÈME ACTE / O SEGUNDO ACTO
- PARTHENOPE
- POLVO SERÁN

- QUAND VIENT L'AUTOMNE /
- CANDO CAE O OUTONO
- QUIET LIFE / VIDA EN PAUSA
- SĂPTĂMÂNĂ MARE / SEMANA SANTA
- TARDES DE SOLEDAD
- THE DEVIL'S BATH / O BAÑO DO DEMO
- THE GIRL WITH THE NEEDLE / A RAPAZA
- DA AGULLA
- TROIS AMIES / TRES AMIGAS
- UNA BALLENA
- VOGTER / CONDENADOS

PANORAMA INTERNACIONAL

- A TRAVELER'S NEEDS / NECESIDADES
- DUNHA VIAXEIRA
- AGARRAME FUERTE
- APOCALYPSE IN THE TROPICS /
- APOCALIPSE NOS TRÓPICOS
- BOB TREVINO LIKES IT
- GOU ZHEN / BLACK DOG / CAN NEGRO
- MÒ SHÌ LÙ / STRANGER EYES / OLLOS
- ESTRANOS
- MY FAVOURITE CAKE / O MEU PASTEL
- FAVORITO
- OH, CANADA
- PHANTOSMIA / FANTOSMIA
- THE SEED OF THE SACRED FIG /
- A SEMENTE DA FIGUEIRA SAGRADA

PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

- 12 DE MAIO DE 1937
- A FOTOGRAFÍA VELADA É ESPAZO PARA
- UNHA PROPOSTA DE MEMORIA
- A MORTE DO ÚLTIMO ALCALDE FRANQUISTA
- AÍNDA HOXE AS HORAS
- AQUARIUM
- ARDE ARAL
- AS NEVES
- AURORA
- BARXACOVA
- BUSCANDO A SANTA COMPAÑA
- EU VOU COMIGO
- FILMEI PAXAROS VOANDO
- LA PARRA
- O FRÍO
- PICO SACRO
- PREFIRO CONDENARME
- QUEIMAR CANDO MORRA
- RUOVESI
- SEGUNDA II
- TAQUIÓN
- THE UNBEARING / ESTADO DE NECESIDADE
- TOXOS

DOCS CINEUROPA

- 7291
- APOCALYPSE IN THE TROPICS /
- APOCALIPSE NOS TRÓPICOS

- DAHOMEY
- FROM DARKNESS TO LIGHT /
- DA ESCURIDADE Á LUZ
- LA GUITARRA FLAMENCA DE YERAI CORTÉS
- RETAGUARDIA
- SOUNDTRACK TO A COUP D'ETAT /
- BANDA SONORA DUN GOLPE DE ESTADO
- VACA MUGIENDO ENTRE RUINAS
- WA ADA MAROUN ILA BEIRUT /
- MAROUN VOLVE A BEIRUT

NOVAS/OS CINEASTAS

- AKIPLÉŠA / TOXIC
- ARMAND / A TITORÍA
- BLUE SUN PALACE
- HENRY FONDA FOR PRESIDENT
- LA PIEL EN PRIMAVERA
- LE FEMMES AU BALCON /
- AS MULLERES DO BALCÓN
- MI BESTIA
- MOND / MOON
- REAS
- ROCK BOTTOM
- SANTOSH / SEGREDOS DUN CRIME
- TURN ME ON



CINEUROPA 38

SECCIONES OFICIAIS

PROYECCIONES ESPECIAIS:

INAUGURACIÓN
E CLAUSURA

INAUGURACIÓN

XOVES 7, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL

SÁBADO 9, 18.15 | SALÓN TEATRO

EN FANFARE POR TODO O ALTO (2024)

Emmanuel Courcol

Francia / 103 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Benjamin Lavernhe, Pierre Lottin, Sarah Suco

Ficha técnica:

•**Guión:** Emmanuel Courcol, Irène Muscari

•**Fotografía:** Maxence Lemonnier

•**Edición:** Guerric Catala

•**Producción:** Marc Boudre

Sinopse:

Thibaut é un famoso director de orquestra cuxa vida dá un xiro inesperado cando sabe que é adoptado e descobre a existencia dun irmán, Jimmy. Malia ás súas diferencias e aos distintos camiños que tomaron, o amor pola música convértese no fío que os une. Os dous irmáns inician unha viaxe emocional que os levará a descubrir non só a súa conexión familiar, senón tamén a forza transformadora da música.

Emmanuel Courcol (Angers, Francia). Despois de actuar en varias longametraxes, Courcol aventurouse no guión co filme *Mademoiselle* (2001) dirixido por Philippe Lioret. No 2010, foi nominado, xunto a Lioret e Olivier Adam, ao Premio César ao Mellor Guión Orixinal por *Welcome*. O debut como director de Courcol foi no 2016 con *Ceasefire*. A súa segunda longametraxe, *The Big Hit*, foi galardoada co Premio do Cine Europeo á Mellor Comedia no 2020. Esta é a terceira película dirixida por Courcol e estreouse no Festival de Cannes do 2024.

🏆 PREMIO DO PÚBLICO NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024



CLAUSURA

SÁBADO 23, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL

LES FANTÔMES A REDE FANTASMA (2024)

Jonathan Millet

Francia / 106 min / Ficción / Francés, árabe, inglés

Ficha artística:

Adam Bessa, Tawfeek Barhom, Julia Franz Richter, Hala Rajab

Ficha técnica:

•**Guión:** Jonathan Millet, Florence Rochati

•**Fotografía:** Olivier Boonjing

•**Edición:** Laurent Sénéchal

•**Producción:** Pauline Seigland, Nicole Gerhards, Julie Esparbes


Sinopse:

Hamid é un profesor sirio que foi forzado ao exilio pola brutalidade do réxime do seu país. Decide unirse a un grupo secreto dedicado a perseguir e capturar os líderes responsables da represión e sufrimento do seu pobo. Despois de anos de dor e recordos indelebles, a súa misión lévao a Francia, onde segue o rastro dun home que simboliza o seu peor pesadelo: o seu antigo torturador, un oficial de alto rango que agora vive na clandestinidade. A loita de Hamid pola xustiza mestúrase cun desexo de vinganza que o consome.

Jonathan Millet (París, Francia) estudou filosofía antes de se embarcar nunha viaxe por máis de 30 países e de filmar en lugares como Sudán, Paquistán e Irán. Esta experiencia marcou profundamente o seu traballo como director. Millet dirixiu curtametraxes de ficción, como *Et toujours nous marcherons* e *La veillée*, seleccionadas en prestixiosos festivais, e mais documentais, entre os que se inclúen *Ceuta, douce prison* (2014) e *Dernières nouvelles des étoiles* (2018). Este filme é o seu debut na longametraxe.

🏆 SELECCIONADA PARA A SECCIÓN SEMANA DA CRÍTICA DO FESTIVAL DE CANNES 2024





CINEUROPA 38

SECCIONES OFICIAIS

SECCIÓN
OFICIAL
EUROPEA

Desta *nave nodriza* partiu a primeira edición de Cineuropa. E nada mudou substancialmente. Ouseicasi. Naturalmente foron variando os nomes dos directores que enchían o Principal, ocupado ata nas localidades de visión dificultosa. Xa non están Kieslowski nin Alain Tanner, Bertrand Tavernier, Claude Chabrol, Eric Rohmer, Ettore Scola ou Bergman. Si, lembrade esas longas colas para ver o último de Bergman. Era o século XX.

Sobreviven en activo -mellor ou peor- Ken Loach, Peter Greenaway, Wim Wenders. E un Mike Leigh que neste 2024 regresa ao Principal coa súa nova película, *Hard Truths*. Leigh foi un dos autores de maior importancia daquela primeira década do festival. High Hopes revelounos no segundo Cineuropa, o de 1988, a súa cabreada fauna humana excluída do thatcherismo. Logo viñeron *Life is Sweet*, esa reverberación do nihilismo máis descarnado titulada *Naked, Secrets and Lies, Career Girls e All or Nothing*. Vaia anos, Mr. Leigh.

En *Hard Truths*, estreada en San Sebastián hai un mes, o director británico retorna ao que mellor sabe amosar: o amor/odio

de familias disfuncionais, os personaxes anoxados co mundo, os Quixotes da queixa. Cada familia de Mike Leigh é infeliz ao seu xeito, *comme il faut*. Aquí repite coa gran Marianne Jean Baptiste, coa que chegaron ambos os dous ás portas do Óscar grazas a *Secrets and Lies* en 1996.

Non hai na sección oficial europea reaparición ningunha que veña de tan atrás como a de Mike Leigh. Si contamos co *gotha* de quen brillou nos festivais deste ano e, non só co deles, senón tamén co doutros que levan xa bastante tempo levando a batuta autoral do cine. Teremos a Premios Cineuropa como Miguel Gomes (*Grand Tour*), Albert Serra (*Tardes de soledad*) ou João Canijo (*Hotel do Rio*). A europeos con Óscar como Paolo Sorrentino. E a unha representación francesa por todo o alto, coas películas de Bruno Dumont, François Ozon (non contei as veces, pero coido que se debe tratar do director con maior número de películas presentes na historia do festival), Quentin Dupieux, Mati Diop, Emmanuelle Mouret ou Virgil Vernier.

E estarán o sueco Magnus Von Horn, que xerou filias e fobias con *The girl with*

the needle, que a nós nos gusta moito; a británica Andrea Arnold, con *Bird*; e a directora do momento, a xeorxiana Dea Kulumbegashvili, que coa súa opera prima *Beginning* gañara a Cuncha de Ouro en San Sebastián e que hai un mes, con *April*, levou o Premio Especial do Xurado en Venecia e logo o de mellor película na sección Zabaltegi de San Sebastián. Tamén chegan multipremiados -na Berlinale e en Sitges-, os austríacos Severin Fiala e Verónica Franz, con *The Devil's Bath*, que nada ten de cine de terror, senón de crúa reconstrución histórica e atmosférica do desacougante ambiente luterano dun supersticioso século XVIII.

Contaremos ademais cunha colleita de cine español como había ben de anos que non tiñamos: o *Polvo* serán do catalán Carlos Marqués-Marcet, protagonizado por Ángela Molina -Premio Cineuropa-; ou a esperadísima nova película de Javier Rebollo, que nos visitara con Pepe Sacristán no 2011 con *El muerto y ser feliz* e que agora trae *En la alcoba del sultán*, con Pilar López de Ayala.

Poderémonos achegar tamén ao xa citado Albert Serra, premiado cunha Cuncha de Ouro por *Tardes de soledad*. E a unha

actriz soberbia, que sairá premiada deste festival: a interpretación de Ingrid García-Jonsson (para sermos xustos, o que fan ela e un tamén descomunal Ramón Barea) en *Una ballena*, de Pablo Hernando, é digna de respirarse coa sala chea. Esta será unha das noites máis especiais deste 38º Cineuropa.

Resta a que para a maior parte do equipo é unha das dúas -ou como moito tres- películas do ano: *Henry Fonda for President* é unha balada ou unha elexía por aquela Norteamérica liberal (no mellor dos sentidos) que hoxe parece secuestrada por aqueles que o márketing do Partido Demócrata chama rariños pero que en realidade son golpistas totalitarios. Cando Cineuropa comece xa saberemos a que nos enfrontamos.

Polo de agora, gocen de todo isto. E da película sorpresa, que completará algunhas quinielas.

DOMINGO 10, 20.30 | SALA MOZART
LUNS 11, 19.30 | NUMAX

A SAVANA E A MONTANHA (2024)

Paulo Carneiro

Portugal, Uruguai / 77 min / Ficción-documental / Portugués

Ficha artística:

Aída Fernandes, Maria Loureiro, Elisabete Pires, Daniel Loureiro, Rita Mó, Inês Mó, Nelson Gomes, Carlos Libo, Paulo Sanches

Ficha técnica:

- Guión:** Paulo Carneiro, Alex Piperno
- Fotografía:** Duarte Domingos
- Edición:** Magdalena Schinca, Paulo Carneiro, Alex Piperno
- Produción:** Paulo Carneiro, Miguel de Jesús, Alex Piperno

Sinopse:

Un documental híbrido captura a loita creativa dos habitantes de Covas do Barroso, no norte de Portugal, contra os plans da empresa británica Savannah Resources, que quere construír a mina de litio a ceo aberto máis grande de Europa a poucos metros das súas casas. Ante esta ameaza inminente, a comunidade réunese para organizarse e expulsar a compañía das súas terras, utilizando actuacións musicais e escenificacións inspiradas no oeste para visibilizar a súa resistencia. A través da arte e da solidariedade, os veciños non só defenden o seu territorio, senón que tamén afirman a súa identidade cultural, loitando por un futuro no que as súas voces sexan escoitadas e respectadas.

Paulo Carneiro (Lisboa, Portugal). Director e guionista graduado na Escola Superior de Teatro e Cinema de Lisboa. Comezou a súa carreira no mundo do documental, onde se destacou por explorar as relacións entre as persoas e o medio ambiente. En *A Savana e a Montanha* combina o documental e a ficción para contar unha historia sobre a identidade, a memoria e a conexión co territorio rural en Portugal.

🏆 **SELECCIONADA NA QUINCENA DOS CINEASTAS DO FESTIVAL DE CANNES 2024**



VENRES 15, 17.30 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 22, 19.00 | TEATRO PRINCIPAL

APRIL
ABRIL (2024)

Dea Kulumbegashvili

Xeorxia / 134 min / Ficción / Xeorxiano

Ficha artística:

Ia Sukhlishvili, Kakha Kintsurashvili, Merab Ninidze

Ficha técnica:

- Guión:** Dea Kulumbegashvili
- Fotografía:** Arseni Khachatryan
- Edición:** Jacopo Ramella Pajrin
- Produción:** Ilan Amouyal, David Zerat, Luca Guadagnino, Francesco Melzi d'Eril, Gabriele Moratti, Alexandra Rossi, Archil Gelovani

Sinopse:

Trala morte dun bebé durante o parto, a moral e a profesionalidade de Nina, unha xinecóloga obstetra, son cuestionadas. Xorden rumores sobre a súa posible práctica de abortos ilegais para aquelas mulleres que realmente os precisan. A situación desata un intenso debate sobre ética médica e as difíciles decisións que as mulleres deben tomar, poñendo en perigo tanto a carreira de Nina como a súa integridade profesional. A historia explora a complexidade das eleccións e as repercusións que estas teñen na vida das persoas implicadas.

Dea Kulumbegashvili (Tiflis, Xeorxia). A súa primeira obra, *Invisible Spaces*, foi candidata á Palma de Ouro da Curtametraxe de Cannes no 2014, e converteuse na primeira película de Xeorxia en formar parte da Sección Oficial do prestigioso certame. A súa segunda curta, *Léthé*, estreouse no 2016 na Quincena dos Realizadores de Cannes e tivo unha destacada proxección en numerosos festivais internacionais. En 2020 estrouse nas longametraxes coa multipremiada *Beginning*.

🏆 **PREMIO ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL DE VENEZIA 2024**

🏆 **MELLOR FILME DA SECCIÓN ZABALTEGI-TABAKALERA NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIAN 2024**



VENRES 15, 20.15 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 16, 19.30 | SALÓN TEATRO

BIRD (2024)

Andrea Arnold

Reino Unido / 119 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Barry Keoghan, Franz Rogowski, James Nelson-Joyce, Jasmine Jobson, Rhys Yates, Joanne Matthews, Frankie Box, Nykiya Adams, Jason Buda

Ficha técnica:

- Guión:** Andrea Arnold
- Fotografía:** Robbie Ryan
- Edición:** Joe Bini
- Produción:** Lee Groombridge, Juliette Howell, Tessa Ross

Sinopse:

Bailey é unha nena de 12 anos que vive co seu pai, Bug, e mais co seu irmán Hunter nunha casa ocupada no norte de Kent. Bug non ten moito tempo para os seus fillos e Bailey, que se achega á puberdade, busca atención e aventuras fóra da casa. Nesa procura coñece na rúa a un home que se fai chamar Bird e que parece ser a única persoa cun sorriso para Bailey no seu problemático e amargo universo. Un vitalista drama social cun toque fantástico.

Andrea Arnold (Dartford, Reino Unido). É unha directora e guionista considerada como unha das cineastas máis destacadas do cinema contemporáneo. Gañou un Óscar no 2005 coa súa curtametraxe *Wasp*. Entre as súas longametraxes máis aclamadas destacan *Red Road* (2006), *Fish Tank* (2009) e *American Honey* (2016), polas que recibiu premios en Cannes e noutros festivais internacionais.

🏆 **CANDIDATA Á PALMA DE OURO NO FESTIVAL DE CANNES 2024**



MÉRCORES 13, 18.00 | SALA MOZART

BLACK STONE
PEDRA NEGRA (2022)

Spiros Jacovides

Grecia / 87 min / Ficción / Grego

Ficha artística:

Eleni Kokkidou, Julio Katsis, Negros Tou Moria, Ahilleas Hariskos

Ficha técnica:

- Guión:** Spiros Jacovides, Ziad Semaan
- Fotografía:** Ahilleas Hariskos
- Edición:** Ioanna Pogiantzi
- Produción:** Maria Kontogianni, Mihalis Sarantinos

Sinopse:

Mentres un equipo de documentalistas grava unha reportaxe sobre funcionarios ausentes, topan con Haroula, unha nai grega desesperada que busca o seu fillo desaparecido, un funcionario que se esvaeceu sen deixar rastro. A súa preocupación aumenta cando o nome do seu fillo aparece vinculado cun caso de fraude gubernamental, no que parece estar implicada unha muller estranxeira. Decidida a demostrar a súa inocencia, Haroula embárcase nunha peculiar viaxe, acompañada do seu outro fillo, Lefteris, que ten unha discapacidade, e dun taxista greco-africano que se ofrece a axudalos. Pola súa banda, o equipo de documentalistas segue a súa travesía, gravando cada paso desta odisea.

Spiros Jacovides (Atenas, Grecia). Cineasta recoñecido polo seu traballo en documentais e longametraxes que exploran temáticas sociais, familiares e políticas con gran sensibilidade e humor irónico. Nado a finais dos anos 70, Jacovides medrou nun contorno influenciado polos cambios políticos e culturais do seu país, algo que logo se reflectiría na súa obra cinematográfica. Estudou Cinema e Medios Audiovisuais en Londres, onde se interesou particularmente pola combinación de ficción e documental como ferramentas narrativas.

🏆 **MELLOR DEBUT, PREMIO DO PÚBLICO, PREMIO DO XURADO NOVO NO FESTIVAL DE TESALÓNICA 2022**



VENRES 8, 18.45 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 10, 22.30 | SALÓN TEATRO

CENT MILLE MILLIARDS CEN MILLONS DE MILLONS (2024)

Virgil Vernier

Francia / 77 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Zakaria Bouti, Victoire Song, Mina Gajovic

Ficha técnica:

·**Guión:** Virgil Vernier, Benjamin Klintoe

·**Fotografía:** Jordane Chouzenoux

·**Edición:** Charlotte Cheric

·**Producción:** Jean des Forêts, Amélie Jacquis

Sinopse:

Afine é convidado a pasar as festas de Nadal cunha vella amiga, Vesna, que coída de Julia, unha nena de doce anos filla duns pais ricos e ocupados que están a traballar nun proxecto en Mónaco. Nunha conversa nocturna, Julia desvela un mundo de palacios e diamantes, expoñendo a Afine a unha realidade máis grande e transformando o rumbo da súa vida para sempre.

Virgil Vernier (París, Francia). Leva facendo películas dende o 2001. Os seus filmes combinan ficción, documental e mito, buscando darlles voz a personaxes contemporáneas, e prestándolles asemade especial atención ás paisaxes e ás historias que as arrodean. As súas películas proxectáronse en Cannes, Locarno, IndieLisboa, Berlín, Róterdam e San Sebastián.

COMPETENCIA OFICIAL NO FESTIVAL DE LOCARNO 2024



VENRES 8, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL
LUNS 11, 18.15 | TEATRO PRINCIPAL

DAHOMEY (2024)

Mati Diop

Francia, Senegal, Benin / 67 min / Documental / Francés

Ficha artística:

la Sukhitashvili, Kakha Kintsurashvili, Merab Ninidze

Ficha técnica:

·**Guión:** Mati Diop

·**Fotografía:** Josephine Drouin Viillard

·**Edición:** Gabriel Gonzalez

·**Producción:** Mati Diop, Eve Robin, Judith Lou Lévy

Sinopse:

En novembro do 2021 o goberno francés devolveulle á República de Benín 26 tesouros do Reino de Dahomey que saquearan as tropas coloniais francesas en 1892. Mati Diop documenta este traslado dándolles voz aos tesouros e reapropiándose da súa historia. Mentres tanto, na Universidade de Abomey-Calavi, os estudantes participan nun intenso debate sobre a restitución destas reliquias e sobre o impacto da cultura colonialista imposta, cuestionando o seu retorno a unha nación que avanzou sen elas.

Mati Diop (París, Francia). Cineasta e actriz que traballa tanto en Francia como en Senegal. As súas películas, formalmente atrevidas, exploran o exilio e a identidade, a memoria e a perda, empregando ferramentas tanto da ficción como do documental. Os filmes de Mati Diop evocan lugares afastados. Personaxes tanto ficticios como case documentais anhelan lugares alén do seu alcance ou, ás veces, como se estivesen en transe, avanzan magneticamente cara a eles. Tanto ten onde se desenvolvan as películas, sempre existe o espectro doutro lugar e, quizais con el, a posibilidade dunha vida diferente. Comezou coas curtas *Snow Canon* (2011) e *Big in Vietnam* (2012), ás que seguiron o documental *A Thousand Suns* (2013) e a longa *Atlantique* (2019).

OSO DE OURO DA BERLINALE 2024



SÁBADO 16, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL
PASE ESPECIAL CO EQUIPO DA SERIE

EL CIRCO DE LOS MUCHACHOS (2024)

Eliás León Siminiani

España / 5 capítulos de 50 minutos / Documental / Español

Ficha artística:

Barry Keoghan, Franz Rogowski, James Nelson-Joyce, Jasmine Jobson, Rhys Yates, Joanne Matthews, Frankie Box, Nykiya Adams, Jason Buda

Ficha técnica:

·**Guión:** Eliás León Siminiani, Juan Alba, Pepe Coira (asesoría)

·**Fotografía:** Hernán Pérez

·**Edición:** Juan Alba, Jaume Patris, Lucía Casal, Salvador Antico, Miguel Ariza

·**Producción:** Borja Pena, Eliás León Siminiani

Sinopse:

Serie sobre a historia da Cidade dos Muchachos, fundada por Jesús Silva, "o Cura", que xunto a 15 rapaces creou unha cidade e un proxecto educativo para mozos sen recursos na España franquista de 1956. A serie está creada a partir dunha combinación de materiais e entrevistas inéditas e dun arquivo único que percorre máis de 50 anos de historia e que conta ata con imaxes gravadas desde o propio estudio de televisión creado en Benposta.

Eliás León Siminiani (Santander, 1971). Estudou filoloxía hispánica e cinema na Universidade de Columbia en Nova York. É investigador sobre diversos formatos e xéneros. Gañou un premio Goya á mellor curta de ficción no 2023 co filme *Arquitectura emocional 1959* e o premio á mellor curta en Europa Cinema 2007 por *Ludoterapia*, entre outros galardóns. Siminiani dirixiu tamén docuseries que tiveron moita repercusión como *El caso Asunta: Operación Nenúfar* (2017) e *El caso Alcàsser* (2019).

ESTREA ABSOLUTA EN CINEUROPA



KOVES 7, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 9, 18.15 | SALÓN TEATRO

EN FANFARE POR TODO O ALTO (2024)

Emmanuel Courcol

Francia / 103 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Benjamin Lavernhe, Pierre Lottin, Sarah Suco

Ficha técnica:

·**Guión:** Emmanuel Courcol, Irène Muscari

·**Fotografía:** Maxence Lemonnier

·**Edición:** Guerric Catala

·**Producción:** Marc Boudre

Sinopse:

Thibaut é un director de orquestra de sona internacional que viaxa polo mundo, disfrutando do éxito e da admiración. A súa vida dá un xiro inesperado cando sabe que é adoptado e descobre a existencia dun irmán, Jimmy, que traballa como empregado nun comedor escolar e toca o trombón nunha banda de música no norte de Francia. Malia ás súas diferencias e aos distintos camiños que tomaron, o amor pola música convértese no fío que os une.

Emmanuel Courcol (Angers, Francia). É un actor e cineasta licenciado en interpretación pola École Nationale des Arts et Techniques du Théâtre. Despois de actuar en varias longametraxes, Courcol aventureouse no guión co filme *Mademoiselle* (2001) dirixido por Philippe Lioret. No 2010, foi nominado, xunto a Lioret e Olivier Adam, ao Premio César ao Mellor Guión Orixinal por *Welcome*. O debut como director de Courcol foi no 2016 con *Ceasefire*. A súa segunda longametraxe, *The Big Hit*, foi galardoada co Premio do Cine Europeo á Mellor Comedia no 2020. *En fanfare* é a terceira película dirixida por Courcol.

PREMIO DO PÚBLICO NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024



VENRES 8, 20.30 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 9, 19.00 | NUMAX

EN LA ALCOBA DEL SULTÁN (2024)

Javier Rebollo

España, Francia / 102 min / Ficción / Español, francés, árabe, inglés

Ficha artística:

Pilar López de Ayala, Félix Moati, Iliès Kadri, Jan Budař

Ficha técnica:

•**Guión:** Javier Rebollo, Luis Bértolo

•**Fotografía:** Santiago Racaj

•**Edición:** Marine de Contes

•**Producción:** Jérôme Vidal, Roberto Butragueño, Luís Miñarro, Nathalie Trafford

Sinopse:

A comezos do século XX, o sultán de Marrocos, Moulay Abd el-Aziz, desexa explorar os misterios da cinematografía e busca a alguén que o guíe. O seu camiño crúzase co de Gabriel Veyre, operador de cámara dos irmáns Lumière. Durante unha viaxe ao campo, Gabriel atopa un anuncio solicitando un experto para instruír ao sultán. Dúas semanas despois, consegue un contrato de tres meses, que acabarán por converterse en trinta anos, introducindo ao venerable sultán no fascinante mundo do cinema.

Javier Rebollo (Madrid). Director e guionista español, formado na Escola de Cine de San Antonio de los Baños en Cuba. Comezou a súa carreira no cinema dirixindo curtametraxes e foi recoñecido pola súa obra *La mujer sin piano* (2009), que foi seleccionada en festivais internacionais e recibiu varios premios. A súa segunda longametraxe, *Los ojos de Julia* (2010), consolidou a súa posición como un director innovador no panorama cinematográfico español. Rebollo é coñecido polo seu estilo narrativo único e por abordar temas complexos e emocionais. Actualmente, continúa traballando en novos proxectos cinematográficos e colaborando con destacados artistas do sector.

🏆 **NOMINADA Á ESPIGA DE OURO DA SEMINCI 2024**



MÉRCORES 13, 19.00 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 16, 22.15 | TEATRO PRINCIPAL

GRAND TOUR (2024)

Miguel Gomes

Portugal, Italia, Francia / 129 min / Ficción / Portugués, chinés, tailandés, francés, birmano, vietnamita, filipino, xaponés

Ficha artística:

Gonçalo Waddington, Crista Alfaiate, Lang Khê Tran, Jani Zhao, João Pedro Vaz, Manuela Couto

Ficha técnica:

•**Guión:** Telmo Churro, Maureen Fazendeiro,

Miguel Gomes, Mariana Ricardo, Babu Targino

•**Fotografía:** Gui Liang, Sayombhu Mukdeeprom, Rui Poças

•**Edición:** Telmo Churro, Pedro Filipe Marques

•**Producción:** Filipa Reis, Marta Donzelli, Gregorio Paonessa, Tom Dercourt

Sinopse:

En 1917, Edward, un funcionario británico destinado en Birmania, decide fuxir da súa prometida Molly o mesmo día da súa chegada para casar. Aterrorizado ante a perspectiva do matrimonio, emprende unha viaxe por Asia, onde o pánico inicial vai sendo substituído por unha fonda melancolía, que leva a Edward a cuestionarse o sentido da súa existencia. Mentres tanto, Molly, decidida, segue os seus pasos a través de exóticos destinos asiáticos.

Miguel Gomes (Lisboa, Portugal). Gañou recoñecemento internacional coa súa primeira longametraxe, *A Cara que Mereces* (2004), eloxiada pola crítica. É coñecido pola súa triloxía *As Mil e Uma Noites* (2015), que explora a situación social e política de Portugal. A súa obra destaca por un estilo narrativo innovador, que mestura a realidade e a fantasía, e mais por un profundo compromiso coas narrativas sociais.

🏆 **MELLOR DIRECCIÓN NO FESTIVAL DE CANNES 2024**

🏆 **MELLOR MONTAXE NA SEMINCI 2024**



DOMINGO 17, 18.00 | TEATRO PRINCIPAL
LUNS 18, 17.00 | TEATRO PRINCIPAL

**HARD TRUTHS
A MIÑA ÚNICA FAMILIA (2024)**

Mike Leigh

Reino Unido / 97 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Marianne Jean-Baptiste, Michele Austin, David Webber, Ani Nelson, Sophia Brown

Ficha técnica:

•**Guión:** Mike Leigh

•**Fotografía:** Dick Pope

•**Edición:** Tania Reddin

•**Producción:** Georgina Lowe, Henry Woolley, Laura Fernández Espeso

Sinopse:

Para Pansy a vida é unha loita constante. Chea de dor física e mental, a súa maneira de relacionarse co mundo é a través do anoxo e a confrontación: discute coa súa familia, co dentista, coa caixeira do supermercado... O seu marido Curtley hai tempo que non sabe como tratala, mentres que Moses, o seu fillo, vive inmerso no seu mundo, apenas di unha palabra e o único que fai durante todo o día é camiñar sen rumbo pola cidade. Só a súa cariñosa irmá Chantelle a comprende e pode axudala.

Mike Leigh (Salford, Reino Unido). Estudou na Real Academia de Arte Dramática de Camberwell, na Escola Central de Arte e na Escola de Cinema de Londres. A súa primeira película foi *Bleak Moments* (1971), seguida de diversas series para a televisión. *Segredos e mentiras* e *Topsy-Turvy* tiveron nove nominacións aos Óscar entre as dúas. A última delas gañou dous destes premios e mais a Palma de Ouro do Festival de Cinema de Cannes de 1996.

🏆 **SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024**



★★★
CINEUROPA
2024
 38 EDICIÓN
 7-24.11.2024
 SANTIAGO DE
 COMPOSTELA
 ★★★

SE PRECISAS
MÁIS
INFORMACIÓN
OU QUERES
MERCAR
AS TÚAS
ENTRADAS
FISICAMENTE,
VISÍTANOS NA
ZONA C

VENRES 15, 20.45 | SALÓN TEATRO

DOMINGO 17, 20.45 | NUMAX

HENRY FONDA FOR PRESIDENT (2024)

Alexander Horwath

Austria, Alemaña / 184 min / Documental / Inglés, alemán

Ficha artística:

Robert De Niro, Henry Fonda, Jane Fonda

Ficha técnica:

·**Guión:** Alexander Horwath

·**Fotografía:** Michael Palm

·**Edición:** Michael Palm

·**Produción:** Irene Höfer, Andreas Schroth, Ralph Wieser

Sinopse:

Coa voz de Henry Fonda como guía, tomada da súa última entrevista en 1981, este filme-ensaio expón un percorrido pola historia política de Estados Unidos desde o seu acervo cinematográfico. Unha viaxe xeográfica e temporal que nos leva dunha costa a outra, de 1651 a 1976; a través dos personaxes aos que Fonda deu vida. As imaxes de arquivo contrastan coas que roda Horwath na actualidade, sinalando o declive do soño americano e imaxinando unha república de lugares, tempos e personaxes: os Estados Unidos de Fonda.

Alexander Horwath (Viena, Austria). Foi director da Viennale - Festival Internacional de Cinema de Viena e mais do Museo de Cinema de Austria. Traballou no programa de cine de Documenta 12 e noutros proxectos artísticos. Os seus ensaios e libros trataron temas como Josef von Sternberg, Ruth Beckermann, Guy Debord, o cinema de vangarda austríaco, a curadoría de cinema ou o cinema estadounidense dos 60 e 70. É membro da Akademie der Künste en Berlín e profesor na Universidade de Música e Artes Performativas de Viena. *Henry Fonda for President* é a súa primeira película.

SELECCIONADA NO FÓRUM DA BERLINALE 2024
PREMIO ESPECIAL TIEMPO DE HISTORIA NA SEMINCI 2024



SÁBADO 9, 21.15 | NUMAX

HOTEL DO RIO (2024)

João Canijo

Portugal / 4 capítulos de 45 minutos / Ficción / Portugués

Ficha artística:

Anabela Moreira, Rita Blanco, Beatriz Batarda, Madalena Almeida, Cleia Almeida, Nuno Lopes

Ficha técnica:

·**Guión:** João Canijo, Rui Cardoso Martins, Manuel Altavilla

·**Fotografía:** Leonor Teles

·**Edición:** João Braz

·**Produción:** Pedro Borges, François d'Artemare

Sinopse:

Todo acontece ao longo dunha fin de semana, nun hotel provincial, á beira do río. Unha familia ameazada pola bancarota do hotel e esnaquizada por celos e desamores pero, sobre todo, pola incapacidade de amar. Tres grupos de hóspedes que nesa fin de semana se desprazan ao lugar buscando resolver as súas crises. No espazo escuro do hotel, á beira da auga, revélanse novos amores e aversións, vidas frustradas e paixóns desastrosas.

Un novo cruzamento das historias que Canijo teceu en *Mal Viver* e *Viver Mal*, dous filmes proxectados durante a 37ª edición do festival na que o director recibiu o Premio Cineuropa.

João Canijo (Porto, Portugal). Director e guionista, é unha das figuras máis destacadas do cinema de autor en Portugal. Comezou a súa carreira como asistente de dirección de Manoel de Oliveira e Wim Wenders, antes de dirixir as súas propias longametraxes. Entre as súas obras máis recoñecidas atópanse *Sangue do Meu Sangue* (2011) e *Fátima* (2017), aclamadas por explorar temas sociais e familiares con gran intensidade emocional.



SÁBADO 23, 16.30 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 24, 18.00 | SALÓN TEATRO

L'AMOUR OUF
BEATING HEARTS (2024)

Gilles Lellouche
 Francia, Bélxica / 166 min / Ficción / Francés

Ficha artística:
 Adèle Exarchopoulos, François Civil, Vincent Lacoste,
 Alain Chabat

Ficha técnica:
 ·**Guión:** Gilles Lellouche, Audrey Diwan,
 Ahmed Hamidi, Julien Lambroschini
 ·**Fotografía:** Laurent Tangy
 ·**Edición:** Simon Jacquet
 ·**Produción:** Alain Attal, Hugo Sélignac

Sinopse:
 Jackie e Clotaire medran na mesma vila e van ao mesmo instituto, pero pertencen a clases sociais moi diferentes. Ela provén dunha familia de clase media-alta e está centrada nos estudos, mentres que el, de orixe humilde, é rebelde e adoita faltar a clase. Aínda que a vida parece querer separalos, os seus camiños crúzanse e namóranse apaixonadamente. Con todo, a súa historia de amor parece condenada ao fracaso cando Clotaire, tras varios conflitos coa lei, é condenado a 12 anos de prisión, o que pon en xaque a súa relación.

Gilles Lellouche (Savigny-sur-Orge, Francia). É un destacado actor e director que desde moi novo mostrou interese pola arte o que o levou a estudar interpretación e comezar a súa carreira no teatro. Pouco despois pasou á gran pantalla, actuando en curtametraxes e filmes independentes. O seu debut como guionista e director con *Narco* consolidouno como un talento emerxente. Ao longo da súa carreira, Lellouche interpretou unha gran variedade de personaxes en películas como *Pequenas mentiras sen importancia*, *Non llo digas a ninguén* e *Grandes familias*. Ademais, destacou na dirección con filmes como *O gran baño* e *Os infieis*.

🏆 SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE CANNES 2024



SÁBADO 23, 17.45 | SALÓN TEATRO
DOMINGO 24, 21.15 | SALÓN TEATRO

L'EMPIRE
O IMPERIO (2024)

Bruno Dumont
 Francia, Italia, Alemaña, Bélxica, Portugal / 110 min / Ficción / Francés

Ficha artística:
 Camille Cottin, Lyna Khoudri, Fabrice Luchini, Anamaria Vartolomei, Bernard Pruvost, Julien Manier, Philippe Jore

Ficha técnica:
 ·**Guión:** Bruno Dumont
 ·**Fotografía:** David Chambille
 ·**Edición:** Bruno Dumont, Desideria Rayner
 ·**Produción:** Rachid Bouchareb, Jean Bréhat, Bertrand Faivre, Andrea Paris, Matteo Rovere

Sinopse:
 Na Costa de Ópalo, no norte de Francia, unha tranquila vila de mariñeiros agacha un segredo extraordinario baixo a súa aparente calma. Co nacemento de Margat, fillo dunha parella que se acaba de separar, desátase unha batalla épica e oculta entre cabaleiros de imperios interplanetarios. As forzas extraterrestres, divididas entre o ben e o mal, enfróntanse nunha loita brutal polo destino deste neno único, mentres que os habitantes do pobo seguen, indiferentes, coas súas rutinas cotiás. Un relato onde o mundano e o cósmico se entrelazan

Bruno Dumont (Bailleul, Francia). Cineasta coñecido polas súas películas filosóficas e a miúdo sombrizas que exploran a natureza humana, a moralidade e a espiritualidade. Inicialmente estudante de filosofía, Dumont gañou recoñecemento internacional con *La Vie de Jésus* (1997) e *L'Humanité* (1999), que gañaron importantes premios en Cannes. As súas obras combinan realismo e temas metafísicos e utilizan a miúdo actores non profesionais.

🏆 PREMIO DO XURADO NA BERLINALE 2024



MARTES 19, 18.00 | TEATRO PRINCIPAL
MÉRCORES 20, 20.15 | TEATRO PRINCIPAL

L'HISTOIRE DE SOULEYMANE
A HISTORIA DE SOULEYMANE (2024)

Boris Lojkine
 Francia / 92 min / Ficción / Francés

Ficha artística:
 Abou Sangare, Nina Meurisse

Ficha técnica:
 ·**Guión:** Boris Lojkine, Delphine Agut
 ·**Fotografía:** Tristan Galand
 ·**Edición:** Tristan Galand
 ·**Produción:** Bruno Nahon

Sinopse:
 Mentres pedalea polas rúas de París para repartir comida, Souleymane repite a súa historia unha e outra vez. En dous días terá que se enfrontar á entrevista para a solicitude de asilo, un momento crucial que determinará se vai conseguir ou non os documentos que lle posibilitarán quedar no país. Malia á súa determinación, Souleymane sente que non está preparado para esta entrevista e comezan a pesarlle as incertezas sobre o seu futuro, mentres que as súas experiencias e desafíos como refuxiado comezan a aflorar.

Boris Lojkine (París, Francia). Cineasta que se destaca pola súa dedicación a contar historias sociais e culturais. Comezou dirixindo documentais inspirados na súa estada en Vietnam, antes de traballar na República Democrática do Congo. A súa primeira longametraxe, *Hope*, que aborda a vida de inmigrantes africanos, foi aclamada na Semana da Crítica do Festival de Cannes no 2015. Desde aquela, Lojkine continuou a explorar temas relevantes a través de obras como *Nous, étudiants*, *Camille* e esta última *L'histoire de Souleymane*.

🏆 PREMIO DO XURADO E MELLOR ACTOR (ABOU SANGARE) NA SECCIÓN UN CERTAIN REGARD DO FESTIVAL DE CANNES 2024



MÉRCORES 13, 20.30 | NUMAX
SÁBADO 16, 20.00 | NUMAX

LA GUITARRA FLAMENCA DE YERAI
CORTÉS (2024)

C. Tangana
 España / 91 min / Documental / Español

Ficha artística:
 Yeraí Cortés, María Merino de Paz, Miguel Cortés, Tania García

Ficha técnica:
 ·**Fotografía:** Uri Barcelona, Nauzet Gaspar, Àlvar Riu,
 Diego Trenas, Arnau Valls
 ·**Edición:** Cristóbal Fernández, Marcos Flórez
 ·**Produción:** Santos Bacana, C. Tangana, Cristina Trenas,
 Chavela Utrera

Sinopse:
 Cando C. Tangana coñece a Yeraí Cortés queda completamente fascinado co seu talento e intrigado pola súa historia familiar. Yeraí é unha figura inusual dentro do flamenco, tan respectada polos xitanos máis tradicionalistas como polos artistas vangardistas da nova onda da que el forma parte. Deciden emprender unha viaxe xuntos para gravaren un disco no que as cancións veñen marcadas por unha gran pena. O propio proceso artístico enfróntao co seu pasado e empúxao a explorar un segredo familiar a través do cal trata de redimir a relación cos seus pais. O resultado é unha película que desenvolve unha experiencia musical única para mergullarnos nunha historia de paixón, amor e perdón.

C. Tangana (Madrid, España). Nado como Antón Álvarez Alfaro, é un destacado cantante español. Coñecido polo seu enfoque innovador na música urbana, C. Tangana levou a súa creatividade ao mundo do cinema, onde explorou a intersección entre música e narrativa visual. Este documental réndelle homenaxe á cultura flamenca e á súa evolución no contexto contemporáneo. A través dun enfoque íntimo e poético, retrata a vida e a música do guitarrista Yeraí Cortés, salientando a importancia da tradición na música.

🏆 MENCIÓN ESPECIAL NA SECCIÓN DE NOVOS DIRECTORES DO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024



VENRES 8, 22.30 | SALÓN TEATRO
VENRES 22, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL
 (MARATÓN)

**LA NUIT SE TRAÎNE
 NIGHTCALL (2024)**

Michiel Blanchart

Bélxica, Francia / 97 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Jonathan Feltre, Natacha Krief, Jonas Bloquet

Ficha técnica:

- Guión:** Michiel Blanchart, Gilles Marchand
- Fotografía:** Sylvestre Vannoorenberghe
- Edición:** Matthieu Jamet
- Produción:** Nicolas Duval Adassovsky, Michaël Goldberg, Margaux Marciano, Boris Van Gils

Sinopse:

Mady é unha estudante que traballa polas noites como cerralleira para chegar a final de mes. Durante un traballo rutineiro, abre a porta equivocada e convértese accidentalmente en cómplice dun caso de delincuencia organizada. Atrapada, ten que percorrer a cidade para borrar todas as pegadas da súa implicación, mentres intenta encontrar a Claire, a muller que a traizoou. Nesta carreira contrarreloxo, Mady só ten unha noite para saír deste pesadelo, mentres que o que está en xogo non deixa de aumentar.

Michiel Blanchart (Bruxelas, Bélxica) é un director e guionista formado na Universidade de La Cambre, onde se especializou en cine e medios visuais. A súa carreira comezou con curtas que lle valeron premios en festivais locais, o que o impulsou a explorar historias máis complexas e cinematográficas en longametraxes. Este filme é a súa ópera prima e foi aclamada pola súa delicada representación da soidade e a busca de conexión na vida moderna.

🏆 SELECCIONADA NA SECCIÓN ÓRBITA DO FESTIVAL DE SITGES 2024



MÉRCORES 13, 17.00 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 16, 17.45 | SALÓN TEATRO

**LE DEUXIÈME ACTE
 O SEGUNDO ACTO (2024)**

Quentin Dupieux

Francia / 85 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Léa Seydoux, Vincent Lindon, Louis Garrel, Raphaël Quenard, Manuel Guillot

Ficha técnica:

- Guión:** Quentin Dupieux
- Fotografía:** Quentin Dupieux
- Edición:** Quentin Dupieux
- Produción:** Hugo Sélignac

Sinopse:

Florence está decidida a presentarlle ao seu pai, Guillaume, ao home dos seus soños, David. Mais David non comparte os mesmos sentimentos que Florence e trama un plan para disuadila, empurrándoa aos brazos do seu amigo Willy. Os destinos de Florence, David, Guillaume e Willy cruzaranse nun restaurante illado no medio da nada, onde as tensións e emocións non deixan de aparecer. Neste ambiente peculiar, as verdadeiras intencións e desexos de cada un comezan a revelarse, complicando as relacións e levando a un desenlace inesperado.

Quentin Dupieux (Hauts-de-Seine, Francia). É cineasta e músico. Na súa faceta musical é coñecido co pseudónimo Mr. Oizo. Aínda que a súa carreira cinematográfica e musical se desenvolveu en paralelo, obtivo especial atención tras a publicación da súa canción *Flat Beat*, que se converteu nun éxito en toda Europa en 1999. Dupieux considérase un verdadeiro autor, pois é o escritor, montador e director de fotografía de todas as súas películas. Ata (co)compuxo a música para a metade delas. As películas de Dupieux son a miúdo únicas, afastándose das convencións narrativas, cun gran gusto polo absurdo e un sentido do humor escuro.

🏆 FILME INAUGURAL DO FESTIVAL DE CANNES 2024



DOMINGO 17, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL
MÉRCORES 20, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL

PARTHENOPE (2024)

Paolo Sorrentino

Italia, Francia / 136 min / Ficción / Italiano, napolitano

Ficha artística:

Celeste Dalla Porta, Gary Oldman, Luisa Ranieri, Silvio Orlando, Stefania Sandrelli, Isabella Ferrari, Peppe Lanzetta, Alfonso Santagata, Lorenzo Gleijeses, Silvia Degrandi

Ficha técnica:

- Guión:** Paolo Sorrentino
- Fotografía:** Daria D'Antonio
- Edición:** Cristiano Travaglioli
- Produción:** Lorenzo Mieli, Anthony Vaccarello, Paolo Sorrentino, Ardavan Safaee

Sinopse:

Unha epopea feminina desprovista de heroísmo pero repleta dunha paixón inexorable pola liberdade, por Nápoles e polos rostros do amor, todos eses amores verdadeiros, inútiles e inconfesables. O perfecto verán de Capri, o desenfado da mocidade, que acaba en emboscada. E todos os outros personaxes: os napolitanos, observados e amados, desilusionados e vitais, coa súa melancolía, a súa ironía trágica e a súa ollada abatida. A vida, tanto sexa ordinaria como memorable, é longa abondo, e o paso do tempo ofrece un amplo repertorio de emocións. E como marco, tan preto e tan lonxe, Nápoles, esa cidade sublime que encanta, engaiola, berra, ri e sempre sabe como ferirte.

Paolo Sorrentino (Nápoles, Italia). Director e guionista, é unha das figuras máis destacadas do cinema contemporáneo. Gañou recoñecemento internacional con *La grande bellezza* (2013), que lle valeu o Óscar á Mellor Película Estranxeira. É coñecido polo seu estilo visual exuberante e sofisticado, así como pola súa exploración de temas como a decadencia, a beleza e o poder. Sorrentino continúa a súa traxectoria dirixindo filmes que destacan pola súa intensidade estética e emocional.

🏆 SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE CANNES 2024



SÁBADO 9, 19.15 | TEATRO PRINCIPAL
LUNS 11, 19.45 | TEATRO PRINCIPAL

POLVO SERÁN (2024)

Carlos Marques-Marcet

España, Suíza, Italia / 106 min / Ficción / Español, inglés

Ficha artística:

Alfredo Castro, Ángela Molina, Mònica Almirall

Ficha técnica:

- Guión:** Carlos Marques-Marcet, Clara Roquet, Coral Cruz
- Fotografía:** Gabriel Sandru
- Edición:** Chiara Dainese
- Produción:** Tono Folguera, Ariadna Dot, Giovanni Pompili, Eugenia Mumenthaler, David Epiney

Sinopse:

Tras ser diagnosticada cunha enfermidade terminal, Claudia decide emprender a súa derradeira viaxe a Suíza, onde a lei permite o suicidio asistido. Alí poderá decidir como e cando rematar a súa vida, buscando un final digno e controlado. Flavio, o seu compañeiro de vida durante máis de corenta anos, decide unirse a esta viaxe sen retorno e ofrécelle o seu apoio incondicional. No entanto, a súa filla Violeta convértese na mediadora involuntaria entre os seus pais e todo o que deixan atrás, loitando por atopar o seu lugar nesta complexa historia familiar, repleta de amor, arrepentimento e eleccións difíciles.

Carlos Marqués-Marcet (Barcelona, España). Director, escritor e editor de Barcelona. Licenciado en Comunicación Audiovisual pola Universidade Pompeu Fabra, estudou tamén na Escola de Teatro, Cine e Televisión de UCLA de Los Ángeles. Na súa filmografía destacan *10.000 km* (2014), *Tierra firme* (2017), *Los días que vendrán* (2019) e *La mort de Guillem* (2020).

🏆 **ESPIGA DE PRATA Á MELLOR PELÍCULA (EX AEQUO) E MENCIÓN ESPECIAL PARA ANGELA MOLINA E ALFREDO CASTRO NA SEMINCI 2024**

🏆 **PREMIO PLATFORM NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE TORONTO 2024**



DOMINGO 10, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL
LUNS 11, 20.30 | SALÓN TEATRO

**QUAND VIENT L'AUTOMNE
 CANDO CAE O OUTONO (2024)**

François Ozon
 Francia / 102 min / Ficción / Francés

Ficha artística:
 Hélène Vincent, Josiane Balasko, Pierre Lottin,
 Ludvine Sagnier, Sophie Guillemin

Ficha técnica:
 ·**Guión:** François Ozon, Philippe Piazzo
 ·**Fotografía:** Jérôme Alméras
 ·**Edición:** Anita Roth
 ·**Producción:** François Ozon

Sinopse:
 Michelle vive unha xubilación tranquila nunha vila de Borgoña xunto á súa mellor amiga, Marie-Claude. Todo vai ben ata que polo día de Todos os Santos chega a súa filla Valérie, que lle leva o seu neto Lucas para deixalo alí a semana de vacacións escolares. A situación complica cando, estresada pola visita, Michelle prepara uns cogomelos silvestres tóxicos e llos dá ao neno. O que inicialmente parecía un infortunio vira cara a un enredo inusual, especialmente cando Michelle coñece o fillo de Marie-Claude, que acaba de saír da cadea.

François Ozon (París, Francia). Director de cine e guionista. Considérase un dos cineastas franceses modernos máis importantes. As súas películas caracterízanse pola súa beleza estética, un agudo humor satírico e unha visión liberal da sexualidade humana. Entre as súas películas figuran, entre outras, *Dans la maison* (2012) Cuncha de Ouro e premio do xurado ao mellor guion en San Sebastián, *8 femmes* (2002) ou *Grace à Dieu* (2018), gran premio do xurado na Berlinale de 2018.

🏆 **PREMIO AO MELLOR GUIÓN E CUNCHA DE PRATA AO MELLOR ACTOR DE REPARTO (PIERRE LOTTIN) NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024**



XOVES 14, 20.15 | SALÓN TEATRO
LUNS 18, 22.30 | NUMAX

**QUIET LIFE
 VIDA EN PAUSA (2024)**

Alexandros Avranas
 Francia / 85 min / Ficción / Francés

Ficha artística:
 Chulpan Khamatova, Grigory Dobrygin, Naomi Lamp,
 Miroslava Pashutina, Eleni Roussinou

Ficha técnica:
 ·**Guión:** Alexandros Avranas, Stavros Pamballis
 ·**Fotografía:** Olympia Mytilinaiou
 ·**Edición:** Dounia Sichov
 ·**Produción:** Alejandro Arenas, Adeline Fontan Tessaour,
 Sylvie Pialat, Benoît Quainon

Sinopse:
 Sergei e Natalia e as súas dúas fillas son unha familia de refuxiados que intentan levar unha vida normal en Suecia: traballan arreo, envían as pequenas á escola local e aprenden o idioma, esperando ser algún día cidadáns do país. Pero cando rexeitan a súa soledade de asilo, á súa filla menor, Katja, dálle un vaído e cae nun misterioso coma. Esta síndrome que afecta a nenos refuxiados provoca preocupación entre médicos e políticos. Os pais, no entanto, loitan por atopar unha cura, enfrentándose a un dilema moral que poñerá á proba a súa resistencia e a súa unidade familiar en circunstancias extremas.

Alexandros Avranas (Larissa, Grecia). Comezou a estudar escultura na Escola de Belas Artes de Atenas e despois continuou na Universitat der Kunst de Berlín. Coa súa primeira película *Without* gañou sete premios no 49º Festival de Cine de Tesalónica e foi nomeado para o Premio ao Mellor Director no Festival Internacional de Cine de Milán. En todas as súas obras, tanto no cine como nas artes visuais, examina cuestións sociais e políticas. Alexandros Avranas ridiculiza e denuncia a nosa indiferenza e pasividade.

🏆 **SECCIÓN ORIZZONTI DO FESTIVAL DE VENEZIA 2024**



LUNS 11, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL
MARTES 12, 17.00 | SALÓN TEATRO

**SĂPTĂMĂNA MARE
 SEMANA SANTA (2024)**

Andrei Cohn
 Romanía, Suíza / 133 min / Ficción / Romanés

Ficha artística:
 Doru Bem, Nicoleta Lefter, Ciprian Chiriche,
 Mario Gheorghe Dinu, Ana Cioneta

Ficha técnica:
 ·**Guión:** Andrei Cohn
 ·**Fotografía:** Andrei Butica
 ·**Edición:** Dana Bunescu, Andrei Iancu
 ·**Producción:** Anca Puiu, Dan Wechsler, Bogdan Zarnoiuanu

Sinopse:
Leiva vive coa súa muller Sura e máis co seu fillo Eli nunha vila situada nunha idílica paisaxe romanésa. Esta familia xudía xenta a pousada do lugar, punto de encontro de viaxeiros e da comunidade a finais do século XIX. A primeira vista, as persoas que comen e beben aquí son todas iguais. Este é o seu lugar de pertenza. Pero as súas conversas de sobremesa revelan prexuízos e sentimentos racistas. Un pouco de burla aquí, algo de envexa acolá, atribucións venenosas. Nada fóra do común, polo menos por agora. Os que están preto sempre bromean entre eles.

Andrei Cohn (Bucarest, Romanía). Director e guionista de cinema e televisión, graduado na Universidade Nacional de Cinema e Teatro 'I.L. Caragiale' de Bucarest. Comezou a súa carreira coa curtametraxe *A Step Forward* (2012), que foi ben recibida en varios festivais internacionais. A súa primeira longametraxe, *The Last Goodbye* (2013), foi eloxiada por abordar temas de identidade e pertenza. Cohn é coñecido por un estilo narrativo que combina a crítica social cunha ollada íntima sobre as personaxes. Tamén dirixiu *The Other Child* (2021), que explora a complexidade das relacións familiares.

🏆 **MELLOR ACTOR (DORU BEM) NO FESTIVAL DE SARAIEVO 2024 SELECCIONADA NO FÓRUM DA BERLINALE 2024**



LUNS 18, 19.00 | TEATRO PRINCIPAL
MARTES 19, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL

TARDES DE SOLEDAD (2024)

Albert Serra
 España, Francia, Portugal / 125 min / Documental / Español


Ficha artística:
 Andrés Roca Rey, Roberto Domínguez, Francisco Manuel Durán, Antonio Gutiérrez

Ficha técnica:
 ·**Guión:** Albert Serra
 ·**Fotografía:** Artur Tort
 ·**Edición:** Albert Serra, Artur Tort
 ·**Producción:** Montse Triola, Albert Serra, Pierre-Olivier Bardet, Léa Bardet, Luis Ferrón, Joaquim Sapinho, Marta Vieira Alves, Olivier Père

Sinopse:
 Retrato dunha estrela do toureo en activo, Andrés Roca Rey, que permite reflexionar sobre a experiencia íntima do toureiro, que asume o risco de se enfrontar ao touro como un deber persoal por respecto á tradición e como un desafío estético. Este desafío crea unha forma de beleza efémera a través da confrontación material e violenta entre a racionalidade humana e a brutalidade do animal salvaxe.

Albert Serra (Cataluña, España). Debutou internacionalmente con *Honor de caballería*, estreada na Quinzaine des Réalisateurs de Cannes do 2006 e aclamada pola crítica. No 2009 regresou ao certame francés con *El cant dels ocells*, seleccionada e galardoada en varios festivais internacionais. No 2013 escribiu e dirixiu a película *Historia de mi muerte*, premiada co Leopardo de Ouro de Locarno. No 2019 volveu de novo a Cannes con *Liberté*, coa que gañou o premio especial do xurado. No 2022 dirixiu *Pacifiction*, un thriller hipnótico rodado na Polonia Francesa que foi elixida a mellor película do 2022 segundo *Cahiers du Cinéma*.

🏆 **CONCHA DE OURO NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024**



SÁBADO 9, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL
MARTES 12, 17.45 | TEATRO PRINCIPAL

**THE DEVIL'S BATH
 O BAÑO DO DEMO (2024)**

Severin Fiala, Veronika Franz

Austria, Alemaña / 121 min / Ficción / Alemán

Ficha artística:

Anja F. Plaschg, David Scheid, Maria Hofstätter

Ficha técnica:

·**Guión:** Severin Fiala, Veronika Franz

·**Fotografía:** Martin Gschlacht

·**Edición:** Michael Palm

·**Produción:** Ulrich Seidl, Bettina Brokemper

Sinopse:

Austria, século XVIII. Agnes prepárase para casar co seu amado e soña cun futuro feliz. Mais a súa vida dá un xiro dramático cando mata un bebé e é condenada á morte. Así que se vai achegando a data da súa execución, comeza a sentir a mente e o corazón cada vez máis pesados e queda atrapada nunha espiral de angustia e desesperación. Empeza a desenvolver malos pensamentos e a cuestionar a súa propia humanidade e as decisións que a levaron a esa situación extrema.

Severin Fiala (Horn, Austria) e **Veronika Franz** (Viena, Austria). Parella de directores e guionistas coñecida polo seu enfoque sombrío e perturbador no xénero do terror. Gañaron recoñecemento internacional con *Goodnight Mommy* (2014) e con *The Lodge* (2019), ambas as dúas películas caracterizadas pola súa atmosfera desacougante e por un profundo estudo psicolóxico dos personaxes. *O baño do demo* continúa na mesma liña e destaca polo seu cuidado visual e narrativo, consolidando a Fiala e Franz como un dos tándem creativos máis relevantes no cinema de terror contemporáneo.

🏆 **OSO DE PRATA Á CONTRIBUCIÓN ARTÍSTICA NA BERLINALE 2024**

🏆 **PREMIO Á MELLOR PELÍCULA DA SECCIÓN OFICIAL, DO XURADO DA CRÍTICA E DO XURADO NOVO EN SITGES 2024**



MÉRCORES 20, 18.00 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 22, 19.15 | SALÓN TEATRO

**THE GIRL WITH THE NEEDLE
 A RAPAZA DA AGULLA (2024)**

Magnus von Horn

Dinamarca / 115 min / Ficción / Danés

Ficha artística:

Victoria Carmen Sonne, Trine Dyrholm, Besir Zeciri, Ava Knox Martin

Ficha técnica:

·**Guión:** Line Langebek Knudsen, Magnus von Horn

·**Fotografía:** Michal Dymek

·**Edición:** Agnieszka Glinska

·**Produción:** Malene Blenkov, Mariusz Wlodarski, Madeleine Ekman

Sinopse:

Karoline é unha moza que loita por sobrevivir na Copenhague posterior á Primeira Guerra Mundial. Tras ser despedida da fábrica na que traballa, descobre que está embarazada. Entón coñece a Dagmar, unha muller carismática que dirixe unha axencia de adopción clandestina e axuda as nais que non poden coidar os fillos a atopar para eles fogares de acollida. Sen outro lugar ao que ir, Karoline acepta converterse en ama de cría e desenvolve unha forte conexión con Dagmar. Así e todo, o mundo de Karoline comeza a derrubarse cando descobre os segredos ocultos detrás do traballo de Dagmar.

Magnus von Horn (Göteborg, Suecia). Graduouse na Escola Nacional de Cine de Łódź no 2013. Uns meses despois de chegar a Polonia sufriu unha brutal agresión, o que espertou o seu interese polas persoas violentas, un tema recorrente na súa obra. A súa primeira película foi unha curta documental sobre un criminal polaco. A súa longametraxe debut, *The Here After* (2015) estreouse na Quinzaine des Réalisateurs de Cannes.

🏆 **SECCIÓN OFICIAL DE CANNES 2024**

🏆 **MELLOR FILME, MELLOR ACTRIZ DE REPARTO (TRINE DYRHOIM) E MELLOR FOTOGRAFÍA NO FESTIVAL DE CINE DE POLONIA 2024**



XOVES 21, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 24, 19.00 | TEATRO PRINCIPAL

TROIS AMIES | TRES AMIGAS (2024)

Emmanuel Mouret

Francia / 118 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Camille Cottin, Sara Forestier, India Hair, Grégoire Ludig, Damien Bonnard, Vincent Macaigne

Ficha técnica:

·**Guión:** Emmanuel Mouret, Carmen Leroi

·**Fotografía:** Laurent Desmet

·**Edición:** Martial Salomon

·**Produción:** Frédéric Niedermayer, Rémi Burah, Olivier Père

Sinopse:

Joan xa non se sente namorada de Víctor e decide ser honesta con el e con ela mesma. A súa mellor amiga, Alice, quere convencer de que un matrimonio razoable, sen amor pero con tenrura, pode ser máis satisfactorio ca a paixón. Pola súa banda, Rebecca, a terceira amiga, cre no amor como unha aventura e mantén unha relación secreta con Eric, o compañeiro de Alice. Cando Joan decide finalmente deixar a Víctor, este desaparece misteriosamente, o que provoca un cambio radical nas vidas das tres amigas, que deberán enfrontarse ás súas propias crenzas e reivindicacións sobre o amor, a lealdade e a amizade.

Emmanuel Mouret (Marsella, Francia). Director, guionista e actor coñecido polo seu estilo distintivo que combina comedia romántica e drama. Mouret gañou atención internacional con *Les deux amis* (2015) e *Mademoiselle de Jonquières* (2018), que destacan pola súa aguda observación das relacións humanas e dos matices da vida amorosa. En *Trois amies* continúa explorando as complexidades das amizades e dos desexos, utilizando o enfoque humorístico e íntimo que o caracteriza. A película foi ben recibida en festivais de cine e eloxiada pola crítica, consolidando a súa reputación como un dos cineastas franceses contemporáneos máis interesantes e orixinais.

🏆 **SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE VENECIA 2024**



XOVES 14, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 17, 22.30 | SALÓN TEATRO

UNA BALLENA (2024)

Pablo Hernando

España / 108 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Ingrid García-Jonsson, Ramón Barea, Asier Tartás, Kepa Errasti

Ficha técnica:

·**Guión:** Pablo Hernando

·**Fotografía:** Sara Gallego

·**Edición:** Pablo Hernando

·**Produción:** Leire Apellaniz, Cristiano Bortone, Daniela Porto

Sinopse:

Cando Ingrid preme o disparador, as súas vítimas non saben quen lles disparou. A súa habilidade para infiltrarse e desaparecer sen deixar pegada convértese na súa mellor arma como implacable asesina a soldo. Pero ese poder provén doutra dimensión, dun lugar habitado por criaturas monstruosas que a afastan cada vez máis da súa humanidade. A medida que Ingrid se mergulla máis no seu inquietante mundo, a liña entre a súa identidade e a das súas vítimas comeza a esvaerse, revelando un conflito interno que a levará a cuestionar o prezo da súa vida de violencia e a súa verdadeira natureza.

Pablo Hernando (Vitoria, España). Director e guionista que ten no seu haber cinco curtas, entre as que destacan *Agustín del futuro* e *Magia*. Ademais, dirixiu a longametraxe *Berserker* (2015), presentada no Festival de Cine Europeo de Sevilla. Hernando tamén se dedica á actuación, á animación e ten experiencia en edición e produción, mostra da súa versatilidade no mundo do cine.

🏆 **SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES 2024**



VENRES 22, 17.00 | SALÓN TEATRO
SÁBADO 23, 22.15 | SALÓN TEATRO

**VOGTER
CONDENADOS (2024)**

Gustav Möller

Dinamarca, Suecia / 100 min / Ficción / Danés

Ficha artística:

Sidse Babett Knudsen, Sebastian Bull, Dar Salim, Marina Bouras, Olaf Johannessen, Jacob Lohmann, Siir Tilif, Rami Zayat, Mathias Petersen

Ficha técnica:

- Guión:** Gustav Möller, Emil Nygaard Albertsen
- Fotografía:** Jasper J. Spanning
- Edición:** Rasmus Stensgaard Madsen
- Produción:** Lina Flint, Thomas Heinesen, Eva Åkergren, Katrine Vogelsang, Calle Marthin, Henrik Zein

Sinopse:


Eva, unha funcionaria de prisións idealista, atópase ante o dilema da súa vida cando Mikkel, un mozo do seu pasado, é trasladado ao cárcere no que traballa. A súa obsesión pola súa presenza lévaa a solicitar un traslado ao pavillón máis duro e perigoso do centro. A medida que se mergulla nunha realidade cada vez máis complicada e intensa, Eva comeza a explorar os límites da súa moralidade e das súas conviccións. Este encontro provoca un cambio significativo no seu carácter, amosando un lado máis escuro e complexo que ela non imaxinaba posuír.

Gustav Möller (Göteborg, Suecia). Graduado como director na Escola Nacional de Cinema de Dinamarca no 2015, gañou o Next Nordic Generation Award pola súa película de tese, *In Darkness*. No 2018 debutou na longametraxe co exitoso thriller psicológico *The Guilty*, que tivo a súa estrea mundial no Festival de Sundance. A película gañou varios premios ao redor do mundo, incluíndo os de mellor película, mellor director e mellor guión orixinal nos Premios do Cinema Danés, e tamén foi preseleccionada para os Óscar no 2019. Ademais fai series para a televisión.

 SECCIÓN OFICIAL DA BERLINALE 2024



★★★★
CINEUROPA
2024
38 EDICIÓN
7-24.11.2024
SANTIAGO DE
COMPOSTELA
★★★★



CINEUROPA 38

SECCIONES OFICIAIS

PANORAMA
INTERNACIONAL

Esta sección é contraforte imprescindible da historia de Cineuropa. Pouco sentido tería confundir as raíces esenciais do festival, asentadas nas cinematografías do noso continente, coa exclusión de todo aquilo que se crea en todas as partes do mundo. Moito antes de que se acuñasen conceptos como o multiculturalismo, parecíanos evidente que un achegamento ao mellor cine creativo que se fai cada tempada non podía poñer as anteolleiras ante o que está a suceder fóra de Europa. Así, aínda no século XX, entre os nomes totémicos do festival -xunto a Ken Loach, Kieslowski, Leigh, Kiarostami ou Angelopoulos- figuraban nun idéntico nivel de reclamo Zhang Yimou, Takeshi Kitano, Jane Campion, Abel Ferrara ou Arturo Ripstein.

Este *travelling* polo mellor cine realizado fóra de Europa ten agora tamén liña de continuidade na sección máis relevante de Cineuropa: a competición internacional de novas e novos realizadores. Pero hai directores e directoras de referencia aos que accedemos a través deste Panorama. Para Paul Schrader -xunto a Scorsese, único supervivente en activo do Novo Hollywood, se consideramos a *Megalópole* do sempre adorado Coppola como un excursio de cine zombie- *Oh, Canada* é a súa vixésimosexta película como director. Iso sen contar cos arraigados elementos da súa autoría que habitan nos guións para Scorsese de *Taxi Driver*, *A última tentación de Cristo* ou *Ao límite*.

E así e todo, Schrader está a vivir unha década de impensada revitalización (de feito, a súa única nominación ao Óscar como guionista é de *First Reformed*, que dirixiu no 2017). Poderíamos saltar os canons e considerar a Schrader un novo realizador atendendo á vitalidade ruxinte do seu cine nos últimos tempos. Sen dúbida ningunha. Pero o feito é que en Panorama reatopámonos con el. Nunha película, *Oh, Canada*, que competiu na pasada edición de Cannes, na que el,

á súa vez, se atopa con Richard Gere, case 50 anos despois de *American Gigolo*. E co novelista Rusell Banks, do cal puliu Schrader a súa opera magna *Affliction*, e coa novela na que se basea *Oh, Canada* legou un libro testamentario.

Amais de Schrader, esta sección aliméntase das firmas autorais do coreano Hong Sang-soo, do iraní Mohammed Rassoulof e do filipino Lav Díaz, todos eles triunfadores en Berlín, Venecia ou Cannes. Hong Sang-soo -Oso de Prata á mellor dirección por ese *A Traveler's Needs*- volve incorporar a Isabelle Huppert como protagonista do seu universo intimista.

Rassoulof, premio do xurado en Cannes con *The Seed of the Sacred Fig*, tivo ao universo cinéfilo en vilo mentres non se sabía se finalmente o réxime dos aiatolás lle permitía saír do país. Finalmente apareceu na Croisette o último día da competición, e os quince minutos de aplausos tras a proxección do seu filme apuntaban cara á Palma de Ouro que finalmente gañou Sean Baker con *Anora*.

De Lav Díaz ofrecemos como premiere en España *Phantasmia*, que tivo a súa estrea mundial hai un par de meses en Venecia. Díaz xa gañou no Lido o León de Ouro no 2016 con *The Woman who Left*.

En Panorama veremos tamén a radiografía do Brasil que elevou a Bolsonaro en *Apocalypse nos trópicos*; o neo-noir chinés, *Black Dog*, que gañou en Cannes a sección Un Certain Regard; os melodramas *My Favourite Cake*, historia de amor outonal baixo a opresión dunha ditadura; e *Bob Trevino Likes It*, no que John Leguizamo desprega un arsenal de emocións que conmoveron en Sundance. E o esplendor do cine latinoamericano de *Agarrame fuerte*, *La piel en primavera* e, moi particularmente, de *Reas*, a modo de musical carcerario arxentino de *women power* que só se pode entender como mural de resistencia fronte ao bárbaro Milei.

DOMINGO 17, 22.45 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 24, 21.30 | TEATRO PRINCIPAL

A TRAVELER'S NEEDS
YEOHAENGJAI PILYO
NECESIDADES DUNHA VIAXEIRA
(2024)

Hong Sang-soo

Corea do Sur / 90 min / Ficción / Inglés, francés, coreano

Ficha artística:

Yunhee Cho, Kwon Hae-hyo, Isabelle Huppert

Ficha técnica:

- **Guión:** Hong Sang-soo
- **Fotografía:** Hong Sang-soo
- **Edición:** Hong Sang-soo
- **Produción:** Hong Sang-soo

Sinopse:

Ninguén sabe de onde vén esta muller. Está sentada nun banco do parque e toca dilixentemente unha frauta doce infantil. Disque é francesa. Sen cartos nin medios para se manter, aconselláronlle ensinar francés. Así é como chega a ter como alumnas a dúas coreanas. Á muller gústalle andar descalza e deitarse nas rochas. E cando se sente con forzas, intenta vivir a vida do xeito máis racional posible. Pero as cousas seguen sendo tan difíciles coma sempre. Confía en que o *makgeolli* (bebida alcohólica coreana) lle proporcione un pouco de acougo cada día.

Hong Sang-soo (Seúl, Corea do Sur). É un nome esencial no cinema contemporáneo e un habitual nos grandes festivais. Sang-soo debutou en 1996 con *The Day a Pig Fell into the Well* e desde aquela escribiu e dirixiu máis de trinta longametraxes. O seu cinema, cunha aparencia sinxela e un espírito tradicional, exuda un humanismo que cativou o público de todo o mundo e que o levou a gañar, entre outros, o premio á mellor dirección en Locarno, Berlín e San Sebastián.

🏆 OSO DE PRATA NA BERLINALE 2024



MÉRCORES 20, 18.45 | NUMAX
DOMINGO 24, 18.15 | SALA MOZART

AGARRAME FUERTE (2024)

Ana Guevara, Leticia Jorge

Uruguai / 71 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Chiara Hourcade, Victoria Jorge, Eva Dans

Ficha técnica:

- **Guión:** Ana Guevara, Leticia Jorge
- **Fotografía:** Soledad Rodríguez
- **Edición:** Lucía Casal, Stephanie Tabárez
- **Produción:** Agustina Chiarino, Hernán Olivera

Sinopse:

Adela, profundamente comovida pola morte da súa amiga Elena, atópase atrapada nunha dor que parece non ter fin. Buscando consolo, e esgotada emocionalmente, retrocede nunha viaxe no tempo a un outono de hai dez anos, a unha casa na praia onde o tempo parece deterse. Alí, Elena e mais outra amiga, Luci, agardan por ela, listas para pasar un fin de semana perfecto. Este reencontro máxico ofrécelle a Adela a oportunidade de revivir momentos de felicidade compartida, de amizade profunda e sororidade que trascenden a morte e o paso do tempo. Un relato que explora o poder da memoria e o vínculo inquebrantable entre amigas que, malia todo, non desaparecen.

Ana Guevara (Montevideo, Uruguai) e **Leticia Jorge** (Montevideo, Uruguai). Directoras e guionistas que traballan xuntas desde 2004. Comezaron con curtas, pero é con *Tanta agua* (2013), o seu debut nas longametraxes, cando conseguen un gran recoñecemento en festivais como a Berlinale ou San Sebastián. No 2019 tamén estrearon *Aleli*, que tamén vai ser proxectada nesta edición de Cineuropa.

🏆 PREMIO NORA EPHRON NO FESTIVAL TRIBECA DE NOVA YORK 2024
 🏆 CANDIDATA POR URUGUAI AOS PREMIOS GOYA



SÁBADO 9, 22.45 | SALÓN TEATRO
MARTES 12, 23.00 | TEATRO PRINCIPAL

APOCALYPSE IN THE TROPICS
APOCALIPSE NOS TRÓPICOS (2024)

Petra Costa

Brasil / 110 min / Documental / Inglés, portugués

Ficha artística:

Petra Costa, Jair Bolsonaro, Luiz Inácio Lula da Silva, Michelle Bolsonaro, Silas Malafaia, Oscar Niemeyer, Elizete Malafaia

Ficha técnica:

- **Guión:** Petra Costa, Alessandra Orofino, Nels Bangerter, David Barker, Tina Baz
- **Fotografía:** João Atala, Pedro Urano, Murilo Salazar
- **Edición:** Jordana Berg, Tina Baz, David Barker, Nels Bangerter, Victor Miaciro, Eduardo Gripa
- **Produción:** Petra Costa, Alessandra Orofino, Malene Flindt Pedersen

Sinopse:

Durante a crise do Covid-19 multitudes de fieis evanxélicos pregaban pedindo a intervención de Xesús. Mentres, na Amazonía milleiros de vítimas enterrábanse en fosas comúns. Ademais, unha vaga de bolsonaristas invadiu os pazos dos tres poderes reclamando unha intervención militar. Simultaneamente, na televisión os líderes evanxélicos prometíanlles riqueza e felicidade neste mundo aos seus seguidores de os axudaren a tomar o poder.

Petra Costa (Brasil). Comezou a súa carreira como cineasta coa curta *Olhos de ressaca* (2011), unha representación poética do avellentamento e o amor a través da perspectiva dos seus avós. Logo viñeron *Elena* (2012), a súa primeira longametraxe, e *Olmo e a Gaivota* (2015), codirixida con Lea Glob e estreada no Festival de Locarno. O seu terceiro filme, *Democracia em vertigem*, estreouse no festival de Sundance e foi nominado ao Óscar como mellor documental.

🏆 SECCIÓN OFICIAL NOS FESTIVALS DE VENEZIA E SAN SEBASTIÁN 2024



DOMINGO 10, 20.15 | NUMAX
DOMINGO 17, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

BOB TREVINO LIKES IT (2024)

Tracie Laymon

Estados Unidos / 102 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Barbie Ferreira, John Leguizamo, French Stewart

Ficha técnica:

- **Guión:** Tracie Laymon
- **Fotografía:** John Rosario
- **Edición:** Anisha Acharya
- **Produción:** Tracie Laymon, Sean Mullin, Edgar Rosa, Felipe Dieppa, Heather Denton

Sinopse:

Unha moza de vinte anos que loita contra a soidade e a insatisfacción persoal atopa accidentalmente a un descoñecido en Facebook que comparte o mesmo nome ca o seu egoísta pai: Bob Trevino. Decidida a pechar as feridas do pasado, comeza a falar con el. A medida que a súa relación avanza, este home convértese nun inesperado apoio que lle da ánimos á moza, desafiando a súa percepción sobre as relacións e a familia.

Tracie Laymon (Houston, Estados Unidos). É unha talentosa guionista, produtora e directora. Tras un trágico accidente aos 17 anos, fundou a súa produtora "Fractured and Fused Films". Durante a súa etapa universitaria, traballou en Detour Films e como fotógrafa para Time Warner News, o que lle deu a experiencia necesaria para crear curtametraxes e vídeos musicais. Obtivo recoñecemento en festivais internacionais, como o SXSW. Este é o seu debut na longametraxe.

🏆 GANADORA DO GRAN PREMIO DO XURADO E DO PREMIO DO PÚBLICO NO FESTIVAL SXSW- SOUTH BY SOUTH WEST 2024

🏆 PREMIO DO PÚBLICO NA SECCIÓN OFICIAL DA SEMINCI 2024



SÁBADO 9, 20.30 | SALÓN TEATRO
DOMINGO 10, 22.15 | TEATRO PRINCIPAL

**GOU ZHEN | BLACK DOG
 CAN NEGRO (2024)**

Guan Hu

China / 106 min / Ficción / Mandarín

Ficha artística:

Eddie Peng, Tong Liya, Jia Zhangke, Zhang Yi

Ficha técnica:

·**Guión:** Guan Hu, Ge Rui, Wu Bing

·**Fotografía:** Gao Weizhe

·**Edición:** Matthieu Laclau, He Yongyi

·**Producción:** Liang Jing, Zhu Wenjiu, Justine O., Wang Donghui

Sinopse:

Lang sae da cadea e retorna á súa vila natal, un lugar semiderruído case sen xente. Mentres traballa para limpar a cidade de cans rabiosos antes dos Xogos Olímpicos de Pequín, establece unha insólita relación cun can negro. Estas dúas almas solitarias emprenden xuntas unha nova viaxe.

Guan Hu (Pequín, China). Está considerado un dos pioneiros da sexta xeración de directores chineses. Debutou con *Dirt* (1994), un retrato da escena da música rock de Pequín. No 2002 estreou *Eyes of Beauty* e, no 2009, a súa terceira longa, *Cow*, proxección no Festival de Venecia. Logo viñeron *Design of Death* (2012), *The Chef, The Actor, The Scoundrel* (2013) e *Mr. Six* (2015), que clausurou o Festival de Venecia. No 2019 participou xunto a varios cineastas chineses emerxentes na película colectiva *My People, My Country*, un dos maiores éxitos do cinema chinés de todos os tempos.

🏆 PREMIO UN CERTAIN REGARD NO FESTIVAL DE CANNES 2024
 🏆 MELLOR DIRECCIÓN E MELLOR FOTOGRAFÍA NA SEMINCI 2024



MÉRCORES 13, 21.30 | SALÓN TEATRO
XOVES 14, 16.30 | TEATRO PRINCIPAL

**MÒ SHÌ LÙ | STRANGER EYES
 OLLOS ESTRANOS (2024)**

Yeo Siew Hua

Singapur, Taiwán, Francia, Estados Unidos / 125 min / Ficción / Mandarín, inglés

Ficha artística:

Chien-Ho Wu, Lee Kang-sheng, Anicca Panna, Vera Chen, Pete Teo, Xenia Tan, Maryanne Ng-Yew

Ficha técnica:

·**Guión:** Yeo Siew Hua

·**Fotografía:** Hideho Urata

·**Edición:** Jean-Christophe Bouzy

·**Producción:** Fran Borgia, Stefano Centini, Jean Laurent Csinidis, Alex C. Lo, Dan Koh, Fran Borgia

Sinopse:

Trala misteriosa desaparición da súa filla de dous anos, Darren e Tara comezan a recibir estraños vídeos que revelan que alguén estivo a espiar a súa vida cotiá, capturando ata momentos íntimos. Esta situación de vulnerabilidade provoca unha fonda inestabilidade na súa relación, e a policía decide instalar vixilancia arredor da súa casa para atrapar o voyeur.

Yeo Siew Hua (Singapur). É un director e escritor que gañou o premio Leopardo de Ouro de Locarno pola súa película *A Land Imagined* (2018). O seu debut nalongametraxe, *In The House of Straw* (2009), foi eloxiado pola crítica como unha película significativa da Nova Onda de Singapur. Yeo é membro da Academia dos Premios de Cine da Asia-Pacífico (APSA) e membro fundador do colectivo de cine 13 Little Pictures en Singapur.

🏆 SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE VENECIA 2024
 🏆 ESPIGA DE PRATA Á MELLOR PELÍCULA (EX AEQUO) NA SEMINCI 2024



SÁBADO 9, 17.15 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 10, 20.30 | SALÓN TEATRO

**MY FAVOURITE CAKE
 O MEU PASTEL FAVORITO (2024)**

Maryam Moghaddam, Behtash Sanaeeha

Irán, Francia, Suecia, Alemaña / 97 min / Ficción / Persa

Ficha artística:

Esmaeel Mehrabi, Lili Farhadpour

Ficha técnica:

·**Guión:** Maryam Moghaddam, Behtash Sanaeeha

·**Fotografía:** Mohammad Haddadi

·**Edición:** Ata Mehrad, Behtash Sanaeeha, Ricardo Saraiva

·**Producción:** Etienne de Ricaud, Peter Krupenin, Gholamreza Moosavi, Behtash Sanaeeha, Christopher Zitterbart

Sinopse:

Despois de perder o seu home e mais a súa filla, Mahin, de 70 anos, leva unha vida solitaria en Teherán. Un día decide quedar coas amigas para tomar o té e ese encontro convértese nun momento de transformación. Neste ambiente cálido e acolledor, Mahin coñece a alguén que a fai sentir viva de novo, reavivando a súa vida amorosa. O que comeza como un encontro inesperado transfórmase axiña nunha tarde chea de sorpresas que desafían a súa soidade e fan que reconsidera o seu futuro.

Maryam Moghaddam (Teherán, Irán) e **Behtash Sanaeeha** (Shiraz, Irán). Estes dous directores e guionistas, teñen unha traxectoria recoñecida por festivais internacionais e consolidáronse como dúas das voces máis importantes do cinema iraní contemporáneo. Son coñecidos por películas que exploran as dinámicas sociais e políticas do seu país a través de narrativas intimistas e poéticas.

🏆 PREMIO FIPRESCI E DO XURADO ECUMÉNICO NA BERLINALE 2024



MARTES 19, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 24, 17.00 | TEATRO PRINCIPAL

OH, CANADA (2024)

Paul Schrader

Estados Unidos / 95 min / Ficción / Inglés, francés

Ficha artística:

Richard Gere, Jacob Elordi, Uma Thurman, Victoria Hill, Michael Imperioli, Penelope Mitchell, Kristine Froseth

Ficha técnica:

·**Guión:** Paul Schrader. Baseado nunha historia de Russell Banks

·**Fotografía:** Andrew Wonder

·**Edición:** Benjamin Rodriguez Jr.

·**Producción:** Tiffany Boyle, David Gonzales, Meghan Hanlon, Scott LaStaiti, Luisa Law

Sinopse:

Leonard Fife é un exiliado que escapou a Canadá durante a guerra de Vietnam. Ao bordo da morte, Fife concédelle unha derradeira entrevista a un dos seus antigos alumnos para revelar toda a verdade sobre a súa vida, nunha confesión filmada diante da súa muller.

Paul Schrader (Grand Rapids, Estados Unidos). É un guionista, director de cine e crítico de cinema estadounidense. Foi o guionista de *Taxi Driver* (1976) de Martin Scorsese e continuou a súa colaboración con el escribindo ou coescribindo *Raging Bull* (1980), *The Last Temptation of Christ* (1988) e *Bringing Out the Dead* (1999). Schrader tamén dirixiu 24 filmes, entre os que destacan *Blue Collar* (1978), *Hardcore* (1979), *American Gigolo* (1980), *Cat People* (1982), *Mishima: A Life in Four Chapters* (1985), *Light Sleeper* (1992), *Affliction* (1997) e *First Reformed* (2017), que lle valeu a súa primeira nominación aos Óscar.

🏆 SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE CANNES 2024
 🏆 SECCIÓN PERLAK DO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024



MARTES 12, 19.30 | SALÓN TEATRO
VENRES 15, 20.00 | NUMAX

PHANTOSMIA
FANTOSMIA (2024)

Lav Diaz

Filipinas / 246 min / Ficción / Tagalo

Ficha artística:

Ronnie Lazaro, Janine Gutiérrez, Paul Jake Paule, Hazel Orenco

Ficha técnica:

·**Guión:** Lav Diaz

·**Fotografía:** Lav Diaz

·**Edición:** Lav Diaz

·**Producción:** Paul Soriano, Mark Victor, Lav Diaz,
 Bianca Trinidad

Sinopse:

O misterioso problema olfactivo de Hilarión Zabala reapareceu. Un especialista sospeita que se trata dun caso persistente de fantosmia, un cheiro fantasma, posiblemente causado por un trauma, por unha profunda fractura psicolóxica. A radical terapia recomendada para curar a doenza implica que Hilarión debe volver atrás e enfrontarse ás correntes máis escuras da súa vida pasada no servizo militar. Reasignado na remota colonia penal de Pulo, Hilarión terá tamén que confrontar as terribles realidades dese lugar.

Lav Diaz (Mindanao, Filipinas). É un dos nomes máis recoñecidos no circuito internacional de festivais de cine. É director, guionista, produtor, editor, director de fotografía, poeta, compositor, deseñador de produción e actor. A súa película *Melancolia* (2008), unha historia sobre as vítimas das execucións sumarias, gañou o gran premio na categoría Horizontes do Festival de Venecia. No 2018 gañou o León de Ouro dese mesmo certame co filme *A muller que marchou*. O festival de Venecia descríbeo como o "pai ideolóxico do novo cinema filipino".

🏆 **SELECCIONADA FÓRA DE CONCURSO NO FESTIVAL DE VENECIA 2024**



DOMINGO 10, 16.30 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 17, 17.00 | SALÓN TEATRO

THE SEED OF THE SACRED FIG
A SEMENTE DA FIGUEIRA SAGRADA
(2024)

Mohammad Rasoulof

Irán, Alemaña, Francia / 168 min / Ficción / Persa

Ficha artística:

Soheila Golestani, Setareh Maleki, Missagh Zareh,
 Mahsa Rostami

Ficha técnica:

·**Guión:** Mohammad Rasoulof

·**Fotografía:** Pooyan Aghababaei

·**Edición:** Andrew Bird

·**Producción:** Rozita Hendijanian, Mohammad Rasoulof,
 Amin Sadraei, Jean-Christophe Simon, Mani Tilgner


Sinopse:

O xuíz de instrución Iman vive unha época de convulsión política en Teherán e a paranoia comeza a apoderarse del. Cando a súa pistola desaparece misteriosamente, a súa desconfianza aumenta e comeza a sospeitar da súa muller e das súas fillas. Este ambiente leva a Iman a impor medidas draconianas no seu fogar, provocando unha crecente tensión nos lazos familiares.

Mohammad Rasoulof (Shiraz, Irán). Director e guionista recoñecido por abordar con valentía temas sociais e políticos no seu cinema. A súa obra está marcada por unha profunda crítica ás limitacións á liberdade de expresión e aos dereitos humanos en Irán, o que lle valeu múltiples premios internacionais, pero tamén a persecución e a censura no seu país. Entre as súas películas máis destacadas atópanse *A Man of Integrity* (2017), que gañou o premio Un Certain Regard en Cannes, e *There Is No Evil* (2020), galardoada co Oso de Ouro no Festival de Berlín.

🏆 **PREMIO ESPECIAL DO XURADO E PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE CANNES 2024**

🏆 **PREMIO DO PÚBLICO CIDADE DONOSTIA NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024**



C

Compostela
Cultura

compostelacultura.gal



CONCELLO DE
 SANTIAGO



CINEUROPA 38

SECCIÓNS OFICIAIS

PANORAMA
AUDIOVISUAL
GALEGO

Xa daquela, na primeira década deste século, en Cineuropa apostamos firmemente polo audiovisual galego cos primeiros indicios de que en Galicia agromaba unha xeración de olladas poderosísimas. Seguimos daquela as primeiras curtametraxes de Óliver Laxe ou de Lois Patiño, entre moitos outros. E as longametraxes de Alberte Pagán. Inauguramos a edición do 2007 coa primeira longa de Alfonso Zarauza. E a do 2008 con *Liste, pronunciado Lister*, de Margarita Ledo. Os seis cineastas devanditos son xa posuidores do Premio Cineuropa. Nesta edición poderemos gozar dos últimos traballos de Alberte (*Arde Ara*) e de Margarita (*Prefiro condenarme*). Faremos o seguimento da obra dalgúns dos pioneiros do Novo Cinema Galego. Revisitaremos *As Neves*, a primeira longa de Sonia Méndez, unha das tres integrantes do noso xurado internacional. E incorporamos á lista de Premios Cineuropa outorgados aos nosos talentos autorais ao máis heterodoxo dos creadores do noso cinema: Alberto Gracia. Xunto ao Óliver Laxe de *Todos vós sodes capitáns*, Alberto trouxo un dos primeiros recoñecementos en festivais internacionais do Novo Cinema Galego: o Premio da Crítica no vangardista Festival de

Rotterdam por *O quinto evanxeo de Gaspar Hauser*. Alberto Gracia é o grande iconoclasta da nosa xeración de ouro de cineastas, con obras como *La estrella errante ou Tengan cuidado ahí afuera*. Nesta edición do festival, como marco da entrega do Premio Cineuropa, assistiremos á estrea de *La Parra*, que se presentou mundialmente no seu festival fetiche, Rotterdam. *La Parra*, xa o verán, é unha autopsia de Ferrol como balsa de pedra, como terra esquecida polo tempo, segundo a visión dun ferrolán como Gracia, que volveu ao seu espazo natal trinta anos despois.

Tentamos achegar as novas olladas do cinema galego coas autoras máis novas en formato curta. Abrimos a Maratón cun filme dirixido polas ALSO Sisters, unhas irmás de Ourense emigradas en Utah. E sumamos unha última novidade, acompañar as proxección de Cineuropa Miúda con curtas galegas creadas pensando nos públicos máis novos. Poderíamos dicir que son o noso público do futuro pero non, as nenas e nenos son tamén o presente de Cineuropa.

SÁBADO 9, 16.00 | SALÓN TEATRO

AS NEVES (2024)

Sonia Méndez

España / 83 min / Ficción / Galego

Ficha artística:

Andrea Varela, David Fernández, Antía Mariño,
Xacobe Bruña, Irene Rodríguez

Ficha técnica:


- Guión:** Sonia Méndez
- Fotografía:** Lucía C. Pan
- Edición:** Juliana Montañés
- Produción:** Pedro Hernández Santos, Nati Juncal

Sinopse:

As Neves é unha vila galega de montaña na que todo o mundo se coñece. A noite de entroido un grupo de adolescentes celebra unha festa e nela drórganse con cogomelos por primeira vez. Ao día seguinte espertan cun temporal de neve e a nova de que Paula, unha das mozas da festa, desapareceu. No entanto, a vila queda incomunicada e cae internet. Cada vez é máis urxente atopala. Iníciase unha investigación que causará un profundo cambio nas súas vidas e na súa relación co mundo.

Sonia Méndez (Vigo) conta cunha longa traxectoria no campo da interpretación, a dirección e a produción audiovisual. Dirixiu, guionizou e produciu seis curtametraxes e as webseries *Angélica* e *Roberta* e *Antes de perder*. Dende 2014, dirixe o festival de contidos dixitais Carballo Interplay e en 2018 funda con Nati Juncal Cósmica Producións. Con ela desenvolve a longametraxe documental *A poeta analfabeta*, estreada na 34ª edición de Cineuropa, e *As Neves*, a súa primeira longametraxe de ficción. Estreada na última edición do Festival de Málaga, na que competiu pola Biznaga de Prata, a película foi tamén candidata ao premio Dunia Ayaso do Festival Internacional de Cine de San Sebastián e á Compétition Belle Jeunesse do 23º Festival de Cinéma Espagnol de Marsella. Entre os novos proxectos nos que está a traballar cóntase a longametraxe de ficción *Historia dun amor* e o documental *A muller borrada*.

🏆 SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE MÁLAGA 2024



MARTES 12, 18.30 | NUMAX

AURORA (2024)

Area Erina

España / 65 min / Documental / Galego

Ficha técnica:

- Guión:** Area Erina
- Fotografía:** Area Erina
- Edición:** Area Erina, Andrés Goteira
- Produción:** Laura Doval, Antonio D. Morris, Suso López, Andrés Goteira

Sinopse:

Aurora e Area, mulleres achegadas de mundos totalmente dispares e con gran diferenza de idade entre elas, establecen unha forte relación de intimidade, confianza e profundas conversas ligadas á morte, a familia, a guerra e a muller.

A cámara é o terceiro personaxe nesta permanente procura na que a mirada, ao igual ca elas, varía organicamente no tempo.

Area Erina (Vigo). Licenciada en Humanidades pola Universidade Carlos III de Madrid, ten un Master de Ensino da Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela. Formouse en edición e montaxe de vídeo en diversas escolas e cursos en Madrid e en Galicia. Como artista visual cultiva diversas disciplinas como o vídeo, a fotografía, a colaxe ou o celuloide, e dilúe os límites entre elas, pasando do plástico e analóxico ao dixital. Traballou como técnica de edición para varias produtoras e mais como realizadora *freelance* de publicidade, videoclips e promoción de cinema e teatro. É realizadora audiovisual no campo do cinema de non-ficción e experimental e no da montaxe en directo.

🏆 PREMIO CIMA E PREMIO MELLOR INTERPRETACIÓN (AURORA ALVAREZ) NA SECCIÓN PANORAMA GALICIA NO OUFF 2024

🏆 SECCIÓN OFICIAL NO FESTIVAL DE MÁLAGA 2024



MÉRCORES 20, 20.00 | SALA MOZART

BUSCANDO A SANTA COMPAÑA (2024)

Fernando Cortizo

España / 82 min / Documental / Galego

Ficha técnica:

- Guión:** Fernando Cortizo
- Fotografía:** Fernando Cortizo
- Edición:** Fernando Cortizo
- Produción:** Fernando Cortizo, Isabel Rey

Sinopse:

Esta película recolle a busca contrarreloxo das derradeiras testemuñas dun fenómeno que atemorizou a toda unha poboación durante séculos. Son os fráxiles bastións dunha cultura ancestral agonizante, invisibilizada nun mundo cada vez máis homoxéneo e globalizado. O multipremiado director de cine Fernando Cortizo embárcase nesta trepidante aventura tras a misteriosa lenda galega da Santa Compañía. Unha investigación con formato de *roadmovie* documental realizada coa intención de aclarar que é o que se agocha tras esta crenza milenaria.

Fernando Cortizo (Santiago de Compostela). Leva máis de 20 anos traballando no sector audiovisual, centrado principalmente no terreo documental e no sector da animación. Con *O Apóstolo* conseguiu o gran logro de realizar a primeira longametraxe de animación elaborada con tecnoloxía *stop-motion* estereoscópica rodada en Europa. Con esta película acadou unha nominación aos Premios Goya, a preselección aos Óscars e seis premios da Academia Galega, incluídos mellor director e mellor película.

🏆 SECCIÓN OFICIAL NO OUFF 2024

🏆 SECCIÓN AQUELARRRES NO PUFA-PUCELA FANTÁSTICA 2024



LUNS 18, 20.15 | NUMAX

FILMEI PAXAROS VOANDO (2024)

Zeltia Outeiriño

España / 100 min / Documental / Galego

Ficha artística:

Socorro González González, Pepe Outeiriño, Antonio Outeiriño, Concha Outeiriño, Marcos Outeiriño González

Ficha técnica:

- Guión:** Zeltia Outeiriño
- Fotografía:** Lucía C. Pan
- Edición:** Zeltia Outeiriño González, Nuria Mosqueira
- Produción:** Sílvia Fuentes, Mireia Graell

Sinopse:

Zeltia, tras dúas décadas en Barcelona lonxe da súa Galicia natal e da súa nai Socorro, unha muller conservadora da que se afastou, regresa á súa terra para filmar unha película e explorar o seu desarraigamento familiar. Na súa procura de respostas, segue a vida do seu tío Antonio, un artesán téxtil co que se identifica pola súa creatividade e visión da vida. Con todo, é coa súa nai con quen realmente se reencontra, sobre todo cando a saúde de Socorro empeora. Entre rodaxes e cuidados, nai e filla atopan un espazo para sandar vellas feridas e compartir momentos de complicidade e amor.

Zeltia Outeiriño (Madrid). Emigrou da súa terra, Galicia, aos 23 anos coa intención de estudar cinema e cursou a licenciatura en Comunicación Audiovisual na Universidade de Barcelona. Tras traballar como operadora de cámara de televisión durante tres anos, fíxose *freelance* audiovisual. Especializouse na realización de proxectos de vídeo participativo e documental, moitos deles producidos desde o colectivo *As Mirillas*, do cal é cofundadora. Algúns destes proxectos movéronse por festivais de cinema arredor dos dereitos humanos e a conciencia social. No 2019 cursou o Máster de Documental Creativo da Universidade Pompeu Fabra. *Filmei paxaros voando* é a súa primeira longametraxe documental.

🏆 SECCIÓN OFICIAL NACIONAL NO FESTIVAL L'ALTERNATIVA BARCELONA 2024



MARTES 12, 20.15 | TEATRO PRINCIPAL

LA PARRA (2024)

Alberto Gracia

España / 90 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Alfonso Míguez, Pilar Soto, Lorena Iglesias, Emilio Buale

Ficha técnica:•**Guión:** Alberto Gracia•**Fotografía:** Ion de Sosa•**Edición:** Velasco Broca, Alberto Gracia•**Produción:** Belí Martínez, Roi Carballido, Javier Tasío**Sinopse:**

Damián, un home de mediana idade que vive de maneira precaria nunha gran cidade, recibe a nova da morte do seu pai e vese obrigado a regresar ao seu Ferrol natal logo de máis de vinte anos de ausencia. O lugar, que lembraba vibrante, converteuse nunha ruína que parece atrapar a todos os seus habitantes. Damián participa tamén nun concurso televisivo no que se premia a literalidade. Cando o programa vai a publicidade, comeza a súa verdadeira historia: o regreso a un Ferrol en decadencia.

Alberto Gracia (Ferrol). Estudou na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, onde cursou a especialidade de escultura, e realizou exposicións en diferentes países. A súa obra participa de ferramentas como a pintura, o debuxo, a *performance*, o vídeo e a instalación. Interesado na estética, publicou o libro de ensaio titulado *Microfugas. Teoría y juego de la profanación* (Aristas Martínez, 2010). Ademais, participou dende aquela en proxectos de investigación como *Grid Spinoza* (2011) e en conferencias e mesas redondas relacionadas co tema. A súa ópera prima, *O quinto evanxeo de Gaspar Hauser*, gañou o premio da crítica en Rotterdam. A súa segunda longa, *La estrella errante*, gañou o premio Novas Olas no Festival de Cinema Europeo de Sevilla. Esta é a súa terceira longametraxe.

SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE ROTTERDAM 2024

GRAN PREMIO ALQUIMIAS DA SEMINCI 2024



LUNS 11, 18.30 | SALÓN TEATRO

PICO SACRO (2024)

Alberto Lobelle

España / 79 min / Documental / Galego

Ficha técnica:•**Guión:** Alberto Lobelle•**Fotografía:** Alberto Lobelle•**Edición:** Alberto Lobelle•**Produción:** Roi Carballido, Alberto Lobelle**Sinopse:**

Unha lenda sobre o Pico Sacro fala da súa orixe máxica. Conta que unha frecha, gardada durante cen anos, foi cravada polo soberano daquelas terras no seu val máis amplo, coa punta cara ao ceo, e que a lúa, atraendo a frecha como fai coas mareas, transformou o obxecto nun monte sagrado. Inspirado polas representacións do Monte Fuji de Hokusai e da montaña Sainte-Victoire de Cézanne, *Pico Sacro* busca revelar a beleza e o misterio que se agocha baixo a realidade, coas montañas máxicas como protagonistas e símbolos de conexión cósmica.

Alberto Lobelle (Monforte de Lemos). Empeza no audiovisual aos 22 anos realizando un curso de operador de cámara. Ao ano seguinte ingresa na Escola de Imaxe e Son da Coruña, onde dirixe, escribe e produce os seus primeiros traballos. No eido profesional, traballa en series de televisión, documentais, curtametraxes, anuncios e películas. O seu primeiro traballo como director é *Matisse escribe con dous eses* (2011), longametraxe seleccionada, entre outros festivais, en Documenta Madrid 11 e no AI Jazeera International Documentary Film Festival 2011.



XOVES 21, 20.15 | SALÓN TEATRO

PREFIRO CONDENARME (2024)

Margarita Ledo Andión

España / 88 min / Non-ficción / Galego, francés

Ficha artística:

Sagrario Ribela Fra, Nardo Beceiro Ribela, Melania Cruz, Mónica Camaño, Iria Pinheiro, Antón Lopo

Ficha técnica:•**Guión:** Margarita Ledo Andión, Eva Veiga•**Fotografía:** Alberte Branco•**Edición:** Clara G. Nieto•**Produción:** Olaia Ledo, Nati Juncal, Bea Villar, Carmen Ciller**Sinopse:**

A historia de mil caras de Sagrario, mariscadora na ría de Ferrol, atravesada pola ditadura e a transición, enfróntanos a unha nai díscola, unha esfera familiar en perpetuo desasosego e un xuízo por adúltera aos 33 anos, en 1972, por mor da filla que ten co seu amante, un carpinteiro "digno de querer". Como unha nova Antígona, Sagrario sitúase fóra da regra e coa súa desobediencia reclama a lei aínda non escrita á vez que o desexo. No fondo, a igualdade coas de "arriba" que ninguén critica.

Margarita Ledo Andión (Castro de Rei). Catedrática, escritora, investigadora e cineasta recoñecida polo seu compromiso coa memoria histórica e a defensa da cultura galega. Nacida en 1951, destacou tanto no ámbito académico como no audiovisual. A súa película *Nación* (2020) foi amplamente premiada, incluíndo o Mestre Mateo ao Mellor Documental no 2021. Entre as súas obras máis coñecidas están *Santa liberdade* (2004) e *Liste, pronunciado Lister* (2007), centradas na resistencia ás ditaduras ibéricas. Ledo Andión recibiu numerosos galardóns ao longo da súa carreira, como o Premio Nacional da Cultura Galega no 2008 e o Premio Otero Pedrayo no 2017. No 2022, foi distinguida co Mestre Mateo de honor e co Premio Fernando Rey de AGA. As súas películas foron adquiridas polo Museo Reina Sofía, consolidando o seu legado como unha figura esencial no cinema galego e español.

SECCIÓN FIRST LOOK NO FESTIVAL DE LOCARNO 2024

SECCIÓN LAS NUEVAS OLAS NO FESTIVAL DE SEVILLA 2024



★★★
CINEUROPA
 38 EDICIÓN
 7-24.11.2024
 SANTIAGO DE
 COMPOSTELA
 ★★★

CURTAS PROGRAMA 1 VENRES 8, 18.00 | SALÓN TEATRO

AQUARIUM (2024)**Margherita Morello**

España / 11 min / Ficción / Galego

Ficha artística:

Paula Quintas, Arturo Cobas, Clara Ferrao, Nuria Sotelo, Quico Cadaval

Ficha técnica:


- **Guión:** Margherita Morello
- **Fotografía:** Olmo Couto
- **Edición:** Margherita Morello
- **Produción:** Marta Caride

Sinopse:

Nun futuro distópico, Electra traballa nunha empresa de marketing onde as súas habilidades creativas son limitadas. Así e todo, aproveita o seu tempo libre para deseñar roupa, un reflexo da súa verdadeira paixón. A súa dedicación é recompensada cun ascenso a directora do seu departamento. Esta promoción provoca celos en Goa, unha compañeira que considera que debería ser a elixida. Para vingar a súa frustración, Goa sabota a Electra, manipula o xefe e logra que a despidan. A historia aborda a ambición, a traizón e a loita de Electra por recuperar o seu lugar nun mundo hostil.

Margherita Morello (Xénova, Italia). Reside en Galicia dende o 2001. Dende pequena explorou distintas artes como a pintura, o debuxo, a música e a escritura e aos 20 anos especializouse no audiovisual. Licenciada en Comunicación Intercultural e cun máster en Documental de Creación, traballa no sector audiovisual dende o 2003 como directora, produtora e montadora e fundou unha produtora de seu, OROBORO FILMS. Recientemente dirixiu o documental *A memoria dos peregrinos* e desenvolveu o guión da súa primeira longa de ficción, *A nena e o baleiro*, que chegou a semifinista en festivais nacionais.

 SELECCIONADA NO FESTIVAL DE CANS 2024

 SELECCIONADA NO ONED ART/EXPERIMENTAL FILM FESTIVAL
**BARXACOVA (2023)****Rosa Taboada**

España / 11 min / Ficción / Galego

Ficha artística:

Alfonso Míguez

Ficha técnica:

- **Guión:** Xosé Gallego
- **Fotografía:** Jaime Cuña
- **Edición:** Rosa Taboada
- **Produción:** Rosa Taboada

Sinopse:

Un home regresa da cidade a unha casa illada na vila de Barxacova, situada na Ribeira Sacra. A natureza que o rodea intensifica as súas reflexións sobre o sentido da vida, nun espazo marcado pola soidade e o silencio. Barxacova, parte do concello de Parada de Sil, é coñecida pola súa necrópole de San Vitor, datada entre os séculos IX e X, con sepulcros orientados ao leste-oeste sobre o río Mao, nunha paisaxe de 593 metros de altitude. O guión que acompaña esta trama está inspirado en textos de Albert Camus, como *O Estranxeiro* e *Calígula*, e reflexiona sobre a existencia humana.

Rosa Taboada (Santiago de Compostela). Filósofa de formación, ten unha longa traxectoria dedicada á creación audiovisual. Os seus traballos acadaron premios recoñecidos, como o Xohana Torres do Concello de Santiago polo seu filme documental *Na procura da Luz*, sobre a poeta e membro da RAG Luz Pozo Garza. Foi finalista do Premio Luis Ksado cunha serie fotográfica da súa curta *Os paraísos artificiais*, realizada baixo a supervisión do cineasta Víctor Erice. Os seus traballos adoitan estar relacionados coa arte e coa cultura, e tamén coa defensa da igualdade de xénero e outras temáticas sociais, e co pensamento e reflexión crítica.

**O FRÍO (2024)****Pablo Dopazo**

España / 17 min / Ficción / Galego

Ficha artística:

Jose María Sanjurjo, Daniel Sanjurjo

Ficha técnica:

- **Guión:** Pablo Dopazo
- **Fotografía:** Jaime Olmedo
- **Edición:** Carlos Martínez Peñalver
- **Produción:** Pablo Dopazo, Anna Kulyk

Sinopse:

Un día normal na vida dun home de clase traballadora é interrompido por un acontecemento extraordinario. Chema traballa nun mercado de abastos nunha pequena cidade do noroeste de España. O seu día comeza ben cedo, entre pedidos, caixas de xeo e peixe e paquetes de marisco que transporta con dedicación. Tras unha dura xornada de traballo, volve á casa, preparado para descansar. Mais esa tarde recibe unha chamada inesperada que perturba a súa rutina e normalidade; é o pasado que regresa, obrigándoo a confrontarse a algo que cría esquecido. A súa vida cambia por completo a partir dese momento, e o que parecía unha xeira máis transfórmase nunha encrucillada onde pasado e presente coliden.

Pablo Dopazo (Marín). Estudou Literatura e Filosofía en Santiago de Compostela e Madrid. Logo de se confrontar a numerosas dificultades para levar a cabo os seus proxectos, decidiu fundar Nova Industria Films xunto a Anna Kulyk. Esta produtora nace coa intención de realizar obras que prioricen a independencia artística. A súa nova curtametraxe, *O frío*, marca o comezo desta nova etapa e é a primeira produción de Nova Industria Films.

**SEGUNDA II (2024)****Anita Pico**

España / 17 min / Documental / Galego

Ficha artística:

Segunda García

Ficha técnica:

- **Guión:** Anita Pico
- **Fotografía:** Pedro Galbán
- **Edición:** Ro López
- **Produción:** Henfunk Studio

Sinopse:

Segunda leva a marca do seu nome desde que naceu, un nome que semellaba predestinala a ser unha segunda opción. Mais desde Couso, unha pequena aldea galega, esta muller, agora xa con oitenta anos, demostrou ter a mesma determinación e personalidade ca os emperadores romanos que unha vez dominaron o mundo. Ao longo da súa vida, Segunda non se limitou a seguir as regras impostas pola sociedade, senón que loitou por construír o seu propio camiño.

Anita Pico (A Coruña). *Segunda II* é a súa cuarta curtametraxe tras *Blacks or Whites* (2019), *What a Circus* (2020), curta da BBC rodada no seu programa de novos talentos, e *Lique*. Comezou a súa carreira en Reino Unido, e conta con créditos como guionista en producións de HBOMax, TVE ou BBC. No 2022 bota a andar o seu estudio creativo audiovisual Henfunk Studio e en 2024 estrea a súa serie dixital *Pulp Air*, comedia galega que percorre festivais por todo o mundo.

 MELHOR DOCUMENTAL NO AKIDA INTERNATIONAL FILM FESTIVAL 2024
 MELHOR DOCUMENTAL NO RIR FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAS DE COMEDIA 2024


CURTAS PROGRAMA 2 DOMINGO 10, 18.00 | NUMAX

A FOTOGRAFÍA VELADA É ESPAZO PARA UNHA PROPOSTA DE MEMORIA (2024)

Sabela Eiriz

España / 10 min / Documental / Galego

Ficha técnica:

·**Guión:** Sabela Eiriz

·**Fotografía:** Sabela Eiriz

Sinopse:

Este ensaio visual explora a intersección entre a memoria e a fotografía tomando como punto de partida a fascinación e a frustración polas imaxes erradas provocadas por fallos técnicos ou accidentais. Estas distorsións levan a cuestionar a capacidade da fotografía para capturar e preservar a memoria. Inicialmente, constrúese unha narrativa hipotética a partir das abstraccións xeradas por esas imaxes, e, posteriormente, interveñen as diapositivas. Os erros producidos pola cámara reflíctense como metáforas da memoria: fráxil, imperfecta e suxeita á reinterpretación co paso do tempo.

Sabela Eiriz (Lugo). Artista multidisciplinar, fotógrafa e videógrafa *freelance*. Doutora en Artes e Educación, tamén é docente universitaria. Licenciouse en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela e completou a súa formación en Barcelona con másters en Fotografía e Deseño (Elisava, 2014) e Estudos Comparados de Literatura, Arte e Pensamento (UPF, 2016). De volta en Galicia, realizou o máster de Profesorado en Artes Plásticas e Visuais (UDC, 2020) e especializouse en documentación audiovisual e fotografía de retrato e escena.

🏆 MENCIÓN DO XURADO EN CURTOCIRCUÍTO 2024



ARDE ARAL (2024)

Alberte Pagán

España / 36 min / Galego

Ficha técnica:

·**Guión:** Alberte Pagán

·**Fotografía:** Alberte Pagán

Sinopse:

Arde Aral é a vixésimo terceira entrega da serie *Superficies*. A película utiliza imaxes gravadas nas beiras kazaka e uzbeka do Mar de Aral, proxectadas sobre leite (superficies líquidas e refilmadas), co que transforma a pantalla nun lenzo plástico. Mentres unha voz reflexiona sobre a viaxe, as imaxes e o son alternan entre a harmonía e a disonancia.

Alberte Pagán Vázquez (O Carballiño). Cineasta e escritor. Licenciado en Filoloxía Xermánica e en Filoloxía Hispánica pola USC, é teórico e investigador de cinema experimental. Comisario de ciclos no CGAC, publicou *Introdución aos clásicos do cinema experimental* en 1999. A súa obra inclúe filmes con compoñentes políticas sobre comunidades non occidentais e a serie *Superficies*, que explora a metanarración, a subversión de códigos e a hibridación de materiais.



QUEIMAR CANDO MORRA (2024)

Inés Pintor

España / 12 min / Documental / Galego

Ficha técnica:

·**Guión:** Inés Pintor Sierra

·**Fotografía:** Inés Pintor Sierra

Sinopse:

O 11 de agosto do 2020 falece a miña avoa Encarna. Ao baleirarmos a súa casa, atopamos un paquete nun armario do seu cuarto acompañado dunha nota que dicía: «Queimar cando morra, painoso e ao lume». Ao abrillo, comecei a reconstruír a súa historia, a nosa historia familiar. A vida dunha muller, e de todas as mulleres que naceron nos anos 30, que casaban e tiñan fillos. Este proxecto é unha reflexión sobre a familia a través das imaxes de Súper 8 e as fotos que atopei nese paquete, e tamén unha reflexión sobre como lembramos as nosas vivencias persoais e como o pasado familiar nos marca no presente. O importante non é o que nos deixan os nosos seres queridos ao marcharen, senón o que nós xeramos con eses records.

Inés Pintor (Madrid). Directora e guionista. Licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidade Carlos III, completou a súa formación en escolas como Séptima Ars de Madrid e a Escola de Imaxe e Son da Coruña, especializándose en Súper 8 e 16 mm. Dirixiu o documental *Mujer(es)Mujer*, producido por Socialdocs, e máis de vinte curtametraxes, das que tamén foi guionista. Participou en producións como *El Ministerio del Tiempo* e *Blancanieves* de Pablo Berger. Desde o 2016 traballa na súa produtora La breve historia. No 2021 cocreou a serie *El tiempo que te doy* para Netflix. No 2023 gañou o laboratorio *QueerCineLab* co proxecto *Ese lugar partido* e actualmente adapta *Sigue mi voz* de Ariana Godoy para o cine.

🏆 MENCIÓN DO XURADO EN CURTOCIRCUÍTO 2024



TAQUIÓN (2024)

Miguel Barcia

España / 4 min / Ficción / Galego

Ficha artística:

Miguel Barcia

Ficha técnica:

·**Guión:** Miguel Barcia

·**Fotografía:** Miguel Barcia

·**Edición:** Miguel Barcia

·**Produción:** Miguel Barcia

Sinopse:

Un mozo constrúe unha máquina do tempo coa que viaxa a través das lembranzas dos seus devanceiros, explorando distintos momentos da historia familiar. A peculiaridade desta viaxe no tempo é que os records aparecen fragmentados e deformados, representados por unha mestura de vídeos caseiros e fotogramas impresos e escaneados. Esta técnica visual suxire a fragilidade e distorsión da memoria ao longo do tempo, achegando unha perspectiva única sobre a relación entre pasado e presente.

Miguel Barcia (Vigo). Estudou na Universidade de Vigo o grao de Comunicación Audiovisual. A súa maior especialidade é a dirección de fotografía, traballando en curtametraxes como *Tara* (2023) e *Gralla* (2024), ambas dirixidas por Rebeca Tella e Daniel Filloy, ou *Aquel ruído nocturno*, de Mario Filloy (en desenvolvemento). *Taquión* é a súa opera prima como director na ficción, malia ter máis percorrido no eido dos videoclips. Algúns exemplos son *Mi cruz* (West SRK, 2024) e *Terrifier* (Mda, 2024).

🏆 PREMIO NOVAS CAMADAS NO FESTIVAL DE CANS 2024
🏆 PREMIO XUVENTUDE CREA 2023



CURTAS PROGRAMA 3 MARTES 12, 19.45 | NUMAX

12 DE MAIO DE 1937 (2024)

Mar Caldas

España / 28 min / Documental / Galego

Ficha técnica:

- Guión: Mar Caldas
- Fotografía: Mar Caldas
- Edición: Mar Caldas
- Produción: Mar Caldas

Sinopse:

O meu avó, Xosé Caldas, sindicalista e concelleiro socialista, foi fusilado en Vigo o 12 de maio de 1937 durante a Guerra Civil. Os fíos condutores desta historia de perda e violencia son a miña voz en *off* e mais as fotografías do álbum familiar e do estudio Pacheco. Pasado e presente, a historia familiar e a historia colectiva, a memoria transxeneracional e a historia social entrecruzáanse nun relato que demanda xustiza e no que a ollada feminista é persistente.

Mar Caldas (Vigo). Esta artista visual galega é doutora en Belas Artes pola Universidade de Vigo. O seu traballo artístico incorpora diferentes prácticas e medios: vídeo, *performance*, texto, fotografía. Interesada polas políticas de representación e pola ollada do espectador, tratou temáticas como a subxectividade, o quebrantamento dos roles sexuais, a desactivación do voyeurismo, as relacións de dominación, os traballos das mulleres do rural, a microhistoria e a memoria democrática.

Realizou exposicións individuais en museos e centros de arte como o Colegio de España (París, 2019), a Casa Fernando Pessoa (Lisboa, 2011), o Museo de Arte Contemporáneo Unión Fenosa (A Coruña, 2002) ou o Museo de Arte de Santa Catarina (Florianópolis, Brazil, 1996). Actualmente está a preparar unha exposición individual no CGAC que se inaugurará en xaneiro do 2025.

🏆 PREMIO DO PÚBLICO NA MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA ETNOGRÁFICO (MICE) 2024



A MORTE DO ÚLTIMO ALCALDE FRANQUISTA (2024)

Andrew Finkelman, Lola Sounigo

España / 5 min / Documental / Galego

Ficha técnica:

- Guión: Andrew Finkelman, Lola Sounigo
- Fotografía: Andrew Finkelman, Lola Sounigo
- Edición: Andrew Finkelman, Lola Sounigo
- Produción: Andrew Finkelman, Lola Sounigo

Sinopse:

Un ensaio visual que ten lugar no enterro de Senén Pousa Soto, un alcalde designado por Franco que exerceu o cargo ata o 2023 na aldea de Beade, de 300 habitantes. Xustapoñendo o "Pacto do Esquecemento" de España coas celebracións públicas de Soto durante a ditadura, o filme contempla a memoria histórica e o esquecemento como ferramentas de transición.

Andrew Finkelman (Portland, Estados Unidos) e **Lola Sounigo** (Neuilly-sur-Seine, Francia). Chegaron a Galicia no 2022 cunha bolsa Fulbright e establecéronse na Coruña, onde exploraron a súa creatividade e colaboraron en diversos proxectos artísticos. Alí crearon curtametraxes que reflicten as súas experiencias e a riqueza cultural dos lugares polos que pasaron, fusionando as súas perspectivas e influencias artísticas.



AÍNDA HOXE AS HORAS (2024)

Mirian Opazo

España / 10 min / Non-ficción / Galego

Ficha técnica:

- Guión: Mirian Opazo
- Fotografía: Mirian Opazo

Sinopse:

Aínda hoxe as horas é unha peza sinxela, pequeniña, que sae do burato do peito polo que debemos deixar escapar a negrura cando nos asolaga os pulmóns. Este filme é unha carta de amor. O amor e a morte son indelebles, coma o granito eterno do alto do Forgoselo.

Mirian Opazo (Xinzo de Limia). Cineasta e artista visual destacada pola súa orixinalidade e compromiso co cinema. Licenciada en Belas Artes e cun Mestrado en Creación e Prácticas Artísticas, está a piques de iniciar o seu doutoramento en Historia da Arte na Universidade de Salamanca, centrado na memoria e o cinema. Froito da súa participación no Chanfaina Lab creou *Aínda hoxe as horas*. A súa obra está a gañar recoñecemento, tanto en Galicia como a nivel nacional, por mor do seu enfoque innovador e profundo sobre a identidade e a experiencia humana.



RUOVESI (2023)

Andrea Zapata

España / 19 min / Ficción / Finés, español

Ficha artística:

- Silvia Eliana Aedo, Lasse Poser, Sonja Linnea Lampinen, Lotta Tenhunen, Julia Amelia Girau González

Ficha técnica:

- Guión: Andrea Zapata
- Fotografía: Andrea Zapata
- Edición: Andrea Zapata
- Produción: Belí Martínez, Andrea Zapata

Sinopse:

Cecilia, supervivente da represión militar chilena, atópase agora exiliada na remota Finlandia. A súa neta Aava convértese nun faro de esperanza para ela e ofrécelle un novo espazo no que afrontar e aliviar a súa complexa loita interior, que entrelaza a política co desarraigamento xeográfico e familiar. Esta relación interxeracional entre Cecilia e Aava permite que ambas as dúas busquen un equilibrio entre o pasado de sufrimento e as posibilidades de reconstrución da vida nun contexto diferente, explorando as dinámicas do exilio e da busca da identidade.

Andrea Zapata (Vigo). Cineasta e montadora que desenvolve a súa obra entre Galicia e Finlandia. As súas películas exploran a intersección entre ficción e non-ficción e abordan temas como as dinámicas familiares, a dislocación cultural e a fe. Formada en Comunicación Audiovisual e Montaxe Cinematográfica, colaborou en festivais internacionais e en proxectos de cine cubano. Entre as súas obras destacan *Guitarra de palo*, aclamada pola crítica, e *Aava*, que recibiu premios en festivais como Cannes e Cans. Actualmente, traballa na súa longametraxe *Vastalike* e continúa a dar clases sobre historia da arte, música, cine e literatura.

🏆 MELLOR FOTOGRAFÍA EN CANS 2024
🏆 MENCIÓN DO XURADO EN INTERSECCIÓN 2024



CURTAS MIÚDAS

DOMINGO 10, 15.30 | SALÓN TEATRO

SÁBADO 23, 15.45 | SALÓN TEATRO

EU VOU COMIGO (2024)

Chelo Loureiro

España / 7 min / Animación / Galego

Todos os públicos

Ficha técnica:

- Guión:** Chelo Loureiro
- Fotografía:** Nani García
- Voz:** Uxía Castroo

Sinopse:

Elisa está namorada de Martín, pero el parece non decatarse dos seus sentimentos. Ao buscar consello para atraer a súa atención, cae na conta de que moita xente lle suxire mudar non só o seu aspecto, senón tamén o celme da súa identidade. Ante esta encrucillada, Elisa enfrenta a difícil decisión de renunciar á súa esencia auténtica para conquistar a Martín. A medida que reflexiona, pregúntase se realmente paga a pena transformarse por alguén que non parece valorala tal como é.

Chelo Loureiro (Ferrol). Membro da Xunta Directiva do Clúster Audiovisual Galego, da Academia de Artes e Ciencias Cinematográficas de España e da Academia Galega do Audiovisual. Na súa carreira cinematográfica destaca a súa primeira longametraxe como directora, *Valentina*, que gañou o Premio Goya á mellor película de animación no 2022. A súa filmografía acumula máis de 300 premios internacionais, entre eles 4 premios Goya e 10 Premios Mestre Mateo.



SÁBADO 16, 15.45 | SALÓN TEATRO

TOXOS (2023)

Jacqueline Reimúndez, Anxo Cambón

España / 12 min / Ficción / Galego, castelán

Todos os públicos

Ficha artística:

Mariña Gestoso, Iria León, Carla Álvarez, Rubén Buezas, Nicolás Silva, Paloma San Martín, Gonzalo Valcárcel

Ficha técnica:

- Guión:** Jacqueline Reimúndez
- Fotografía:** Samuel Román
- Voz:** Samuel Román

Sinopse:

Toxos é unha historia de aventuras que viaxa polas lendas e o misticismo galego da man de catro rapaces e rapazas de 12 anos e unha cadela. A súa curiosidade tras ler un libro de historias da tradición oral galega lévaos a descubrir a veracidade dunha lenda dunha grade de ouro agochada no río Ulla.

Anxo Cambón (A Coruña) e **Jacqueline Reimúndez** (A Estrada). Realizaron esta curtametraxe como Traballo de Fin de Grao de Comunicación Audiovisual da Universidade da Coruña. Con ela acadaron a matrícula de honra e o premio ao mellor TFG de Temática Galega.

🏆 **MELLOR PEZA DE FICCIÓN E MENCIÓN Á MELLOR INTERPRETACIÓN NO FACOM FEST 2023**



MARATÓN

VENRES 22, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL

THE UNBEARING ESTADO DE NECESIDADE (2024)

Miriam Albert-Sobrino, Sonia Albert-Sobrino

Estados Unidos / 14 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Katerina Eichenberger, Branden Greenberg, Tim Hughes, James Choi


Ficha técnica:

- Guión:** Katerina Eichenberger
- Fotografía:** Miriam Albert-Sobrino, Sonia Albert-Sobrino
- Edición:** Miriam Albert-Sobrino, Sonia Albert-Sobrino
- Produción:** Sean Valdivieso, James Mackenzie, Katerina Eichenberger, HyeYun Lee

Sinopse:


Alice Tilden, unha traballadora de control de pragas nunha América totalitaria, descobre que está embarazada. Como o aborto é ilegal, pídelle axuda ao seu mozo Jimmy, pero este rexeita axudala e ameázala. Desesperada, Alice consegue pílulas abortivas de contrabando, pero decátase axiña de que foron manipuladas. Algo aterrador comeza a medrar dentro dela a un ritmo alarmante, e, atrapada no seu apartamento, terá que loitar contra esa presenza sinistra antes de perder o control sobre o seu propio corpo.

Sonia e **Miriam Albert-Sobrino** (Ourense). Coñecidas como as ALSO Sisters, son dúas cineastas que exploran e amplifican a experiencia feminina en sociedades patriarcais a través das súas narrativas. Especializadas no xénero de terror, o seu traballo foi recoñecido en diversos festivais internacionais e a súa primeira longametraxe foi nominada a Mellor Debut no 25º Raindance Film Festival. Actualmente, teñen dúas curtametraxes no circuito de festivais e están en posprodución da súa segunda longametraxe, *The Stairwell*. Tamén ensinan cine na Universidade de Utah.



“Alí onde haxa unha loita para que a xente famenta poida comer, alí estarei”

As uvas da ira, 1940



CINEUROPA 38

SECCIONES OFICIAIS

DOCS
CINEUROPA

Docs Cineuropa é este ano sede dunha estrea absoluta: *7291*, o documental de Juanjo Castro sobre os protocolos da vergoña ordenados polo goberno autonómico de Madrid presidido por Isabel Díaz Ayuso nas residencias de maiores durante os primeiros meses da pandemia da COVID-19. Estes protocolos saldáronse con eses 7291 falecidos sen apoio humano nin asistencia médica ningunha en menos de dous meses. Cremos que a nova, por suposto, é que esta actuación non se xudicializou máis alá do pronto rexeitamento das institucións de primeira instancia madrileñas. Tamén nos deixa abraizados que se abandonase esta actuación criminóxena como a título de inventario, sen que o xuízo político calcinase civilmente aos responsables da Comunidade de Madrid e aos parentes achegados de Díaz Ayuso que se lucraron ao seu redor co tráfico de máscaras.

No tocante ao cine, que é o que máis nos atinxe aquí, é abraiante que dende que Juanjo Castro acabou de montar a súa película hai tres meses, esta non se quixese proxectar noutros certames. O poder de impoñer o silencio de Díaz Ayuso nos medios de comunicación públicos e privados é tan amplo que non se pode descartar que algúns compañeiros e compañeiras doutros festivais visen mediatizada a súa liberdade á hora de decidir programar ou non esta crónica do abandono

de milleiros de anciáns á súa sorte, persoas das que seica nin se pode reivindicar a memoria. Porque esta memoria viva apagaría as ambicións políticas da lideresa do trumpismo español.

Memoria democrática. Velaí o fundamento incombustible da poética da derrota -porén insubmisa- do asturiano Ramón Lluís Bande. El visitou noutras ocasións Cineuropa coas súas imaxes do que foi a Guerra Civil en Asturias: a resistencia, a revolución, as bombas, a retirada, o cerco, a represión, as fosas. As baladas partisanas dese territorio veciño, Asturias, lugar mítico da loita obreira, que Bande sabe desprover de auras innecesarias. Cómprennos en Galicia máis cineastas e poetas da memoria de quen fomos e de quen nos deixaron ser.

En Cineuropa temos a fortuna de traballar sempre con absoluta autonomía no tocante ás decisións en contido e ás liñas de programación. Por iso puidemos proxectar daquela *Frankenstein 04155*, que sinalaba a administracións centrais populares e socialistas, e a emoción vivida no Principal naquel pase do documental de Aitor Rei fica para sempre entre as lembranzas indelebles da historia do festival. É a mesma intención a que nos anima a estrear agora *7291*, de novo cunha cifra no título como cartografía da morte e da desidia ou -algo peor- dun goberno

autonómico que continúa presidido por quen asinou e amparou os protocolos da vergoña.

Docs Cineuropa transpórtanos en *Soundtrack to a Coup d'Etat* á pouco coñecida historia de como a CIA se serviu dos músicos de jazz afroamericanos como embaixadores culturais nas súas políticas de neocolonialismo tralo asesinato do tan esquecido Patrice Lumumba. A franco-maliense Mati Diop tamén reflexiona sobre as pegadas do colonialismo en *Dahomey*, Oso de Ouro na Berlinale.

Sobre o pasado do Líbano -a partir da reconstrución da figura e da obra do gran cineasta daquel país, Maroun Bagdadi- filma a súa película *Feyrouz Serhal*. Ela rememora un Líbano primeiro ensoñado e logo laminado pola guerra civil e mais a intervención militar israelí. Por iso o acontecido nas últimas semanas reforza o ton de elexía de *Maroun Returns to Beirut* -estreada mundialmente en Venecia hai un par de meses-, á que xa non nos podemos achegar cos mesmos ollos cando de novo a hidra belicista presidida agora por Netanyahu -e antes polo Menajem Begin e mais o seu falcón Ariel Sharon- ameaza nestes aciagos días o país dos cedros.

Protagonista tamén desta edición de Docs Cineuropa é, como non, C. Tangana. El dirixe *La guitarra flamenca de Yeraí Cortés*, un valioso

rescate do legado flamenco que conecta coas novas xeracións.

E, por suposto, non deixen de lle prestar atención a Jerry Lewis. Estreamos en Docs Cineropa -chegada directamente de Venecia- unha xoia cinéfila de valor inmarcesible: *From Darkness to Light*. Esta obra conta, por fin, todo o que de verdade houbo naquela película que deveu maldita coa que Jerry Lewis se obsesionou e na que trataba de facer algo parecido a unha comedia con xudeus nos campos de concentración nazis.

Non foi exactamente así. Lewis encarnaba a un paiaso de circo que acompañaba os nenos xudeus entreténdooos mentres camiñaban cara ás cámaras de gas. Varios pasos alén da xa ben discutible *La vita è bella*, non si? Pasen e vexan *From Darkness to Light*. Porque aquilo que non quedou nun proxecto chegouse a filmar case na súa totalidade. E este documental amosa todo o que se conservaba en bobinas daquel perturbador e desatinado proxecto que acabou coa carreira de Jerry Lewis. O que hai nesta obra é unha veta cinéfila secreta. Ouro en barras para destapar unha páxina nunca ata agora desencadernada da historia do cine.

DOMINGO 10, 17.30 | SALÓN TEATRO
LUNS 11, 16.30 | NUMAX

COLOQUIO CON JUANJO CASTRO

7291 (2024)

Juanjo Castro

España / 123 min / Documental / Español

Ficha técnica:

- Producción e dirección: Juanjo Castro
- Música: Jose Camacho

Sinopse:

En xuño do 2020 iníciase na Asemblea de Madrid unha Comisión de Investigación sobre as persoas falecidas durante a primeira onda da pandemia do Covid-19 nas residencias de maiores da Comunidade Autónoma de Madrid (CAM). Segundo datos da CAM, nos meses de marzo e abril do 2020 faleceron 9470 persoas que vivían nestas residencias. Só 2179 delas recibiron atención hospitalaria e 7291 non tiveron derivación.

No 2021, a Presidenta da CAM, Isabel Díaz Ayuso, convoca novas eleccións. A nova maioría da Asemblea de Madrid decide non continuar cos traballos desa Comisión. En consecuencia, os máximos responsables políticos xa non se ven obrigados a declarar e a investigación queda inconclusa.

En setembro do 2023, asociacións de afectados promoven unha Comisión Cidadá, presidida polo xurista José Antonio Martín Pallín, para continuar coa investigación sobre o acontecido nas residencias de maiores da CAM. Do goberno da CAM no 2020 só declarou Alberto Reyero, exconselleiro de Políticas Sociais.

Juanjo Castro (Valladolid). é un director e produtor que comezou no mundo da curtametraxe e obtivo recoñecemento con *Deseo oculto* (1992). Máis tarde, traballou con diversas produtoras españolas e dirixiu series de televisión como *Hospital Central* e *Yo soy Bea*. En 2022 estreou a súa primeira longametraxe, *Lo que nunca te dije pero debería haberte dicho*, cumprindo un dos seus grandes desexos.

👁️ ESTREA ABSOLUTA EN CINEUROPA 2024



SÁBADO 9, 22.45 | SALÓN TEATRO
MARTES 12, 23.00 | TEATRO PRINCIPAL

APOCALYPSE IN THE TROPICS APOCALIPSE NOS TRÓPICOS (2024)

Petra Costa

Brasil / 110 min / Documental / Inglés, portugués

Ficha artística:

Petra Costa, Jair Bolsonaro, Luiz Inácio Lula da Silva, Michelle Bolsonaro, Silas Malafaia, Oscar Niemeyer, Elizete Malafaia

Ficha técnica:

- Guión: Petra Costa, Alessandra Orofino, Nels Bargenther, David Barker, Tina Baz
- Fotografía: João Atala, Pedro Urano, Murilo Salazar
- Edición: Jordana Berg, Tina Baz, David Barker, Nels Bangerter, Victor Miaciro, Eduardo Gripa
- Producción: Petra Costa, Alessandra Orofino, Malene Flindt Pedersen

Sinopse:

Durante a crise do Covid-19 multitudes de fieis evanxélicos pregaban pedindo a intervención de Xesús. Mentres, na Amazonía milleiros de vítimas enterrábanse en fosas comúns. Ademais, unha vaga de bolsonaristas invadiu os pazos dos tres poderes reclamando unha intervención militar. Simultaneamente, na televisión os líderes evanxélicos prometíanlles riqueza e felicidade neste mundo aos seus seguidores de os axudaren a tomar o poder.

Petra Costa (Brasil). Comezou a súa carreira como cineasta coa curta *Olhos de ressaca* (2011), unha representación poética do avellentamento e o amor a través da perspectiva dos seus avós. Logo viñeron *Elena* (2012), a súa primeira longametraxe, e *Olmo e a Gaivota* (2015), codirixida con Lea Glob e estreada no Festival de Locarno. O seu terceiro filme, *Democracia em vertigem*, estreouse no festival de Sundance e foi nominado ao Óscar como mellor documental.

👁️ SECCIÓN OFICIAL NOS FESTIVAIS DE VENEZIA E SAN SEBASTIÁN 2024



VENRES 8, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL
LUNS 11, 18.15 | TEATRO PRINCIPAL

DAHOMEY (2024)

Mati Diop

Francia, Senegal, Benin / 67 min / Documental / Francés

Ficha artística:

Lee Kang Sheng, Ke-Xi Wu, Haipeng Xu

Ficha técnica:

- Guión: Mati Diop
- Fotografía: Josephine Drouin Viallard
- Edición: Gabriel Gonzalez
- Producción: Mati Diop, Eve Robin, Judith Lou Lévy

Sinopse:

En novembro do 2021 o goberno francés devolveulle á República de Benín 26 tesouros do Reino de Dahomey que saquearan as tropas coloniais francesas en 1892. Mati Diop documenta este traslado dándolles voz aos tesouros e reapropiándose da súa historia. Mentres tanto, na Universidade de Abomey-Calavi, os estudantes participan nun intenso debate sobre a restitución destas reliquias e sobre o impacto da cultura colonialista imposta, cuestionando o seu retorno a unha nación que avanzou sen elas.

Mati Diop (París, Francia). Cineasta e actriz que traballa tanto en Francia como en Senegal. As súas películas, formalmente atrevidas, exploran o exilio e a identidade, a memoria e a perda, empregando ferramentas tanto da ficción como do documental. Os filmes de Mati Diop evocan lugares afastados. Personaxes tanto ficticios como case documentais anhelan lugares alén do seu alcance ou, ás veces, como se estivesen en transe, avanzan magneticamente cara a eles. Tanto ten onde se desenvolvan as películas, sempre existe o espectro doutro lugar e, quizais con el, a posibilidade dunha vida diferente. Comezou coas curtas *Snow Canon* (2011) e *Big in Vietnam* (2012), ás que seguiron o documental *A Thousand Suns* (2013) e a longa *Atlantique* (2019).

👁️ OSO DE OURO DA BERLINALE 2024



LUNS 18, 22.15 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 22, 21.45 | SALÓN TEATRO

FROM DARKNESS TO LIGHT DA ESCURIDADE Á LUZ (2024)

Eric Friedler, Michael Lurie

Estados Unidos, Alemaña / 108 min / Documental / Inglés

Ficha artística:

Martin Scorsese, Harry Shearer, Sarah Silverman, Mel Brooks, Jerry Lewis

Ficha técnica:

- Guión: Eric Friedler, Michael Lurie
- Fotografía: Alexander Precht
- Edición: Thilo Heidermann-May, Lamar R. Tupper
- Producción: Jeffrey Giles, Sohar Solomon, Wim Wenders

Sinopse:

Un dos maiores misterios de Hollywood é a última película autodirixida pola lenda da comedia Jerry Lewis, *The Day The Clown Cried*, un proxecto anticipado en 1972 que desapareceu misteriosamente e nunca se volveu ver. Durante máis de 50 anos, circularon teorías dúbidas sobre esta suposta 'película perdida', pero recentemente xurdiu nova información que bota luz sobre o que realmente aconteceu. A busca deste tesouro histórico desenvólvese con numerosas celebridades e amizades de Lewis que comparten as súas opinións sobre o seu legado e ambición.

Eric Friedler (Sydney, Australia) e **Michael Lurie** (California, EUA). Directores de cinema coñecidos por documentais que abordan temas sociais e históricos. Friedler destaca por contar historias sobre xustiza social e dereitos humanos, mentres que Lurie céntrase en narrativas emocionais que resaltan a complexidade da condición humana. Xuntos colaboraron neste documental que tenta honrar a audaz visión de Lewis á vez que examina criticamente os dilemas éticos e artísticos que expón. É unha homenaxe á procura incesante da creatividade e ás realidades, a miúdo dolorosas, que a acompañan.

👁️ SELECCIONADA NA SECCIÓN DE CLÁSICOS DO FESTIVAL DE VENEZIA 2024



MÉRCORES 13, 20.30 | NUMAX

SÁBADO 16, 20.00 | NUMAX

LA GUITARRA FLAMENCA DE YERAI CORTÉS (2024)**C. Tangana**

España / 91 min / Documental / Español

Ficha artística:

Yerai Cortés, María Merino de Paz, Miguel Cortés, Tania García

Ficha técnica:

- **Fotografía:** Uri Barcelona, Nauzet Gaspar, Àlvar Riu, Diego Trenas, Arnau Valls
- **Edición:** Cristóbal Fernández, Marcos Flórez

- **Producción e dirección:** Santos Bacana, C. Tangana, Cristina Trenas, Chavela Utrera

Sinopse:

Cando C. Tangana coñece a Yerai Cortés queda completamente fascinado co seu talento e intrigado pola súa historia familiar. Yerai é unha figura inusual dentro do flamenco, tan respectada polos xitanos máis tradicionalistas como polos artistas vangardistas da nova onda da que el forma parte. Deciden emprender unha viaxe xuntos para gravaren un disco no que as cancións veñen marcadas por unha gran pena. O propio proceso artístico enfróntao co seu pasado e empúxao a explorar un segredo familiar a través do cal trata de redimir a relación cos seus pais. O resultado é unha película que desenvolve unha experiencia musical única para mergullarnos nunha historia de paixón, amor e perdón.

C. Tangana (Madrid, España). Nado como Antón Álvarez Alfaro, é un destacado cantante español. Coñecido polo seu enfoque innovador na música urbana, C. Tangana levou a súa creatividade ao mundo do cinema, onde explorou a intersección entre música e narrativa visual. Este documental réndelle homenaxe á cultura flamenca e á súa evolución no contexto contemporáneo. A través dun enfoque íntimo e poético, retrata a vida e a música do guitarrista Yerai Cortés, salientando a importancia da tradición na música.

🏆 **MENTIÓN ESPECIAL NA SECCIÓN DE NOVOS DIRECTORES DO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024**

**COLOQUIO CON RAMÓN LLUÍS BANDE**

XOVES 21, 16.00 | NUMAX

VACA MUGIENDO ENTRE RUINAS (2020)**Ramón Lluís Bande**

España / 90 min / Documental / Español

Ficha artística:

Nacho Vegas

Ficha técnica:

- **Guión:** Ramón Lluís Bande, Vera Robert

- **Edición:** Ramón Lluís Bande

- **Fotografía:** Juan A. García

- **Producción:** Vera Robert

Sinopse:

O 24 de agosto de 1937, o Consello Interprovincial de Asturias e León, máxima autoridade republicana, constitúese en "Consello soberano de goberno de todo o territorio da súa xurisdición, e a el quedan integramente sometidas todas as xurisdicións e organismos civís e militares que funcionan e funcionan en diante dentro do referido territorio". O filme achégase a este momento da historia contemporánea de Asturias a través do testemuño do seu principal responsable, Belarmino Tomás, último presidente lexítimo de Asturias antes do triunfo do fascismo, e dunha colección de "evidencias" (fotografías, debuxos, pinturas, textos xornalísticos...), desde uns meses antes de que se produza a declaración ata a derrota, caída e evacuación de Xixón, o 20 de outubro de 1937.



XOVES 21, 18.30 | NUMAX

RETAGUARDIA (2024)**Ramón Lluís Bande**

España / 70 min / Documental / Español

Ficha técnica:

- **Guión:** Ramón Lluís Bande

- **Fotografía:** Constantino Suárez

- **Edición:** Ramón Lluís Bande

- **Producción:** Vera Robert

Sinopse:

Este filme ficciona a reconstrución dunha colección de películas imaxinarias que potencialmente se puideron rodar no ano 1937 en Asturias. Imaxina así un posible cinema de propaganda impulsado desde as institucións e as organizacións políticas e sindicais republicanas asturianas que ben puido desenvolver o equipo xornalístico do diario socialista Avance. O filme apóiase nas series de fotografías de Constantino Suárez e nos textos de Ovidio Gondi, Juan Antonio Cabezas ou Juan Manuel Vega Pico e propón a arqueoloxía dunha posibilidade e, asemade, transforma esa posibilidade, agora si, en cinema.

Ramón Lluís Bande (Xixón, España) é un director que, a través das súas obras, ofrece unha ollada profunda á memoria histórica e á identidade cultural de Asturias. A súa obra amosa o seu compromiso co patrimonio cultural asturiano e o seu deveso por contar aquelas historias que a sociedade tende a esquecer. A súa traxectoria artística está marcada pola interdisciplinabilidade, combinando cinema, poesía e música, e sempre co obxectivo de explorar a riqueza e complexidade da experiencia humana en Asturias.

🏆 **SELECCIONADA NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE XIXÓN 2024**



LUNS 11, 21.15 | NUMAX

MÉRCORES 13, 16.30 | SALÓN TEATRO

SOUNDTRACK TO A COUP D'ETAT BANDA SONORA DUN GOLPE DE ESTADO (2024)**Johan Grimonprez**

Bélxica / 150 min / Documental / Inglés, francés, ruso

Ficha artística:

Louis Armstrong, Fidel Castro, Malcolm X

Ficha técnica:

- **Guión:** Johan Grimonprez

- **Fotografía:** Wannyn Jonathan

- **Edición:** Rik Chaubet

- **Producción:** Daan Milius, Rémi Grellety, Katja Draaijer, Frank Hoeve, Johan Grimonprez

Sinopse:

O jazz e a descolonización entretécense nesta montaxe histórica que reescribe un episodio político significativo, o que levou aos músicos Abbey Lincoln e Max Roach a infiltrarse no Consello de Seguridade da ONU en protesta polo asasinato do líder congoleño Patrice Lumumba. A historia non só ilustra o impacto cultural do jazz, senón tamén a valentía dos artistas que se ergueron en contra das inxustizas sociais e políticas do seu tempo, deixando unha pegada indeleble na memoria colectiva da loita pola liberdade e a igualdade en África.

Johan Grimonprez (Roeselare, Bélxica) é un artista multimedia, cineasta e comisario belga. É máis coñecido polas súas películas *Dial H-I-S-T-O-R-Y* (1997), que o xornal *The Guardian* incluíu no seu artigo *From Warhol to Steve McQueen: a history of video art in 30 works*, *Double Take* (2009), e *Shadow World: Inside the Global Arms Trade* (2016), baseada no libro de Andrew Feinstein.

🏆 **PREMIO ESPECIAL DO XURADO DE SUNDANCE 2024**

🏆 **SELECCIONADA NO PROGRAMA ZABALTEGI-TABAKALERA DO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024**



XOVES 21, 20.30 | NUMAX

WA ADA MAROUN ILA BEIRUT MAROUN VOLVE A BEIRUT (2024)

Feyrouz Serhal

Qatar, Líbano / 125 min / Documental / Árabe, francés, inglés

Ficha artística:

Hassan Daoud Fawwaz Traboulsi, Souraya Khoury Baghdadi, Elie Adabachi, Joana Hadjithomas, Rana Eid, Michel Kammoun, Eliane Raheb, Hady Zaccak, Raja Zgheib, Nour Dimachkieh, Evelyne Hlais, Raymond Zakaria, Mariane Fayyad

Ficha técnica:

- Guión:** Feyrouz Serhal
- Fotografía:** Rachele Noja
- Edición:** Maria Malek
- Producción:** Bekkar Mehdi, Choucair Cynthia

Sinopse:

Feyrouz Serhal realiza unha viaxe dun día por Beirut para explorar a vida e obra do falecido cineasta Maroun Baghdadi. Percorre as rúas da cidade, que moldearon profundamente a súa viaxe na vida e mais no cinema, e vai atopando a persoas achegadas a el e coas que compartiu a experiencia da guerra civil. Así que vai avanzando na investigación, vai aflorando tamén o trasfondo sociopolítico que influíu na obra de Maroun e vaise vendo como o seu cine capturou as historias da nación. A película ofrece unha perspectiva actual sobre os últimos cincuenta anos da historia do Líbano, conectando o pasado co presente.

Feyrouz Serhal (Beirut, Líbano). Directora e guionista libanesa, formada en cinema e medios audiovisuais. Comezou a súa carreira traballando en televisión e dirixindo varias curtas que foron seleccionadas en festivais internacionais. Este filme é a súa ópera prima e explora as complexidades da identidade e o retorno ás raíces nun contexto de cambio social e político no Líbano.

 **SELECCIONADA NO PROGRAMA DE CLÁSICOS DO FESTIVAL DE VENEZIA 2024**




★★★
CINEUROPA
2024
★★★

38 EDICIÓN
7-24.11.2024
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

A CULTURA
É UN DEREITO
.....
DACORUNA.GAL





CINEUROPA 38

SECCIÓNS OFICIAIS

NOVAS/OS
CINEASTAS

Esta é a cuarta edición de Cineuropa como festival internacional competitivo. Xa prendeu no público a idea de que esta sección a concurso, con primeiras ou segundas películas —indo máis alá das grandes firmas ou dos títulos con renome— é a verdadeira sección central de Cineuropa. E que nela se atopan as auténticas sorpresas da programación. Sorpresas que tampouco chegan precisamente sen avais. Proceden do Panorama ou dos Encounters da Berlinale; da súa consagración en Cannes, vía os triunfos na Semana da Crítica ou na esixente sección Un Certain Regard; do palmarés de Locarno, do que nesta edición acceden á nosa selección competitiva a película que gañou o Leopardo de Ouro do festival suízo, *Toxic*, e a que se levou alí a prata, *Mond*, como Premio Especial do Xurado.

Ata unha actriz do alcance de Noémie Merlant entra este ano en competición ao se poñer detrás da cámara por segunda vez coa súa comedia con toques gore *Le femmes au balcon*. Veremos cine procedente de Colombia, por partida dobre, con *Mi bestia* e *La piel en primavera*. Dos Estados Unidos tamén veñen dúas obras (*Turn Me On*, laureada en San

Sebastián, e *Blue Sun Palace*, premiada na Semana da Crítica de Cannes). Teremos cine da India (*Santosh*, un policiaco moi singular seleccionado en Cannes), de Francia, Lituania, Austria ou Noruega (con *Armand*, triunfadora absoluta en Cannes na sección Un Certain Regard e dirixida polo neto de Ingmar Bergman e Liv Ullmann, nun caso que poderíamos considerar un *nepo baby* de *qualité*), de Arxentina (co musical anarco-carcerario e queer *Reas*, segunda película de Lola Arias, con galardóns en San Sebastián e Tesalónica) ou de España, coa ópera prima de animación de María Trénor, *Rock Bottom*.

O palmarés do xurado oficial, composto por dúas directoras —a brasileira Flávia Castro e a galega Sonia Méndez— e a curadora e escritora uruguaia María José Santacreu, darase a coñecer na clausura do festival. No entanto, non lle perdan a pista a estes filmes que garantimos que están entre o cinema máis absorbente da tempada. Sigamos o pulso da nosa competición oficial ata que o último sábado de Cineuropa coñezamos as películas gañadoras que pasarán a integrar a historia do noso festival, como sucedeu o pasado ano coa soberbia *Enigma de lume*. Atentos.

VENRES 15, 17.45 | NUMAX
LUNS 18, 16.00 | NUMAX
MÉRCORES 20, 22.45 | SALÓN TEATRO

**AKIPLĒŠA
 TOXIC (2024)**

Saulė Bliuvaitė
 Lituania / 99 min / Ficción / Lituano

Ficha artística:
 Vesta Matulytė, Ieva Rupeikaitė, Gedrius Savickas,
 Vilma Raubaitė, Eglė Gabrėnaitė

Ficha técnica:
 ·**Guión:** Saulė Bliuvaitė
 ·**Fotografía:** Vytautas Katkus
 ·**Edición:** Ignė Narbutaitė
 ·**Produción:** Giedrė Burokaitė, Justė Michailinaitė, Akis Bado

Sinopse:
 Marija e Kristina son dúas rapazas de 13 anos que devecen por fuxir da crúa realidade da súa cidade industrial. Coñécense nunha escola local de modelos, onde lles prometen unha vida mellor de triunfaren no mundo da moda. As mozas comezan a modificar os seus corpos de maneira cada vez máis extrema mentres se preparan para un cásting que podería cambiar o seu destino e deixar atrás a súa vida rutineira. Unha exploración das complexidades das relacións interpersoais e dos retos e presións que veñen da man da busca de aceptación e éxito.

Saulė Bliuvaitė (Kaunas, Lituania). Directora e guionista formada na Academia de Música e Teatro de Lituania. Bliuvaitė destaca no panorama do cine europeo pola súa capacidade para crear narrativas viscerais e intensas psicolóxicamente. A súa obra caracterízase por unha dirección precisa e unha atmosfera desacomogante, o que lle valeu o recoñecemento en festivais de cine independentes. Os seus filmes abordan temas emocionais e sociais con audacia e profundidade.

🏆 **GAÑADORA DO LEOPARDO DE OURO Á MELLOR PELÍCULA DO FESTIVAL DE LOCARNO 2024**



MARTES 19, 19.30 | SALÓN TEATRO
SÁBADO 23, 20.00 | SALÓN TEATRO

**ARMAND
 A TITORÍA (2024)**

Halfdan Ullmann Tøndel
 Noruega, Países Baixos, Alemaña, Suecia / 116 min / Ficción / Noruegués

Ficha artística:
 Renate Reinsve, Ellen Dorrit Petersen, Øystein Røger, Endre Hellestveit, Thea Lambrechts Vaulen, Loke Nikolaisen, Vera Veljovic-Jovanovic, Karen Chika Gjølmesli

Ficha técnica:
 ·**Guión:** Halfdan Ullmann Tøndel
 ·**Fotografía:** Pål Ulvik Rokseth
 ·**Edición:** Robert Krantz
 ·**Produción:** Andrea Berentsen Ottmar, Sol Bondy, Fred Burle, Koji Nelissen, Derk-Jan Warrink, Dyveke Bjørkly Graver

Sinopse:
 Armand, un neno de 6 anos, é acusado de sobrepasar certos límites co seu compañeiro de clase Jon. Ninguén sabe exactamente o que aconteceu, así que a dirección da escola convoca os pais para dilucidar os feitos, o que desencadea un axitado conflito que porá sobre a mesa cuestións como a sexualidade na infancia, a culpabilidade ou a complexidade das zonas grises que existen entre a violencia e o xogo. Unha película chea de matices tonais que amosa como o comportamento dos nenos non deixa de ser un reflexo do dos adultos.

Halfdan Ullmann Tøndel (Oslo, Noruega). Director e guionista neto de Liv Ullmann e Ingmar Bergman. Dirixiu dúas curtametraxes, *Bird Hearts* (2015) e *Fanny* (2017), que se proxectaron en festivais de todo o mundo, incluíndo Toronto, Karlovy Vary, Palm Springs, Aspen e Busan. Estes filmes recibiron varios premios e dúas nominacións á Academia Norueguesa como mellor curta. *A titoría* é a súa primeira longametraxe.

🏆 **PREMIO Á MELLOR ÓPERA PRIMA NO FESTIVAL DE CANNES 2024**
 🏆 **PREMIO DA CRÍTICA NO FESTIVAL DE ATENAS 2024**
 🏆 **SECCIÓN OFICIAL NA SEMINCI 2024**



VENRES 8, 20.00 | SALÓN TEATRO
MARTES 19, 17.00 | SALÓN TEATRO

BLUE SUN PALACE (2024)

Constance Tsang
 Estados Unidos / 116 min / Ficción / Mandarín, inglés
Ficha artística:
 Lee Kang Sheng, Ke-Xi Wu, Haipeng Xu

Ficha técnica:
 ·**Guión:** Constance Tsang
 ·**Fotografía:** Norm Li
 ·**Edición:** Caitlin Carr
 ·**Produción:** Sally Sujin Oh, Eli Raskin, Tony Yang, Evaline Wu Huang

Sinopse:
 Didi e Amy son dúas inmigrantes chinesas asentadas no barrio de Flushing, en Queens, Nova York, que loitan por un futuro mellor lonxe da súa terra. Didi traballa no salón de masaxes Blue Sun Palace mentres soña con abrir un restaurante en Baltimore xunto con Amy, unha talentosa cocineira. Pero os seus soños esboróanse ao sufriren unha violenta agresión que deixa a Amy sumida nunha fonda depresión. No medio do loito e da dor, un vencello inesperado entre as dúas amigas tórnanse unha poderosa forza. Unha historia conmovedora sobre resiliencia, esperanza e a busca dun fogar no descoñecido.

Constance Tsang (Hong Kong, China). Directora e guionista, graduada en cinema na Universidade de Hong Kong. Comezou a súa carreira no mundo da curtametraxe, e un dos seus traballos neste formato, *The Paper Man* (2018), foi seleccionado en diversos festivais internacionais, consolidando a súa reputación. Actualmente Tsang está a desenvolver novos proxectos que exploran temas sociais e culturais a través da súa persoal maneira de ver as cousas. *Blue Sun Palace* é a súa ópera prima.

🏆 **PREMIO DO XURADO NA SEMANA DA CRÍTICA DO FESTIVAL DE CANNES 2024**
 🏆 **SECCIÓN OFICIAL PUNTO DE ENCUENTRO DA SEMINCI 2024**



VENRES 15, 20.45 | SALÓN TEATRO
DOMINGO 17, 20.45 | NUMAX

HENRY FONDA FOR PRESIDENT (2024)

Alexander Horwath
 Austria, Alemaña / 184 min / Documental / Inglés, alemán
Ficha artística:
 Robert De Niro, Henry Fonda, Jane Fonda

Ficha técnica:
 ·**Guión:** Alexander Horwath
 ·**Fotografía:** Michael Palm
 ·**Edición:** Michael Palm
 ·**Produción:** Irene Höfer, Andreas Schroth, Ralph Wieser

Sinopse:
 Coa voz de Henry Fonda como guía, tomada da súa última entrevista en 1981, este filme-ensaio expón un percorrido pola historia política de Estados Unidos desde o seu acervo cinematográfico. Unha viaxe xeográfica e temporal que nos leva dunha costa a outra, de 1651 a 1976; a través dos personaxes aos que Fonda deu vida. As imaxes de arquivo contrastan coas que roda Horwath na actualidade, sinalando o declive do soño americano e imaxinando unha república de lugares, tempos e personaxes: os Estados Unidos de Fonda.

Alexander Horwath (Viena, Austria). Foi director da Viennale - Festival Internacional de Cinema de Viena e mais do Museo de Cinema de Austria. Traballou no programa de cine de Documenta 12 e noutros proxectos artísticos. Os seus ensaios e libros trataron temas como Josef von Sternberg, Ruth Beckermann, Guy Debord, o cinema de vangarda austríaco, a curadoría de cinema ou o cinema estadounidense dos 60 e 70. É membro da Akademie der Künste en Berlín e profesor na Universidade de Música e Artes Performativas de Viena. *Henry Fonda for President* é a súa primeira película.

🏆 **SELECCIONADA NO FÓRUM DA BERLINALE 2024**
 🏆 **PREMIO ESPECIAL TEMPO DE HISTORIA NA SEMINCI 2024**



MARTES 12, 21.30 | NUMAX
SÁBADO 16, 16.00 | NUMAX

LA PIEL EN PRIMAVERA (2024)

Yennifer Uribe Alzate
Colombia, Chile / 100 min / Ficción / Español

Ficha artística:
Laura Zapata, Alba Liliana Agudelo Posada,
Luis Eduardo Arango Correa, Julián López Gallego

Ficha técnica:
·**Guión:** Yennifer Uribe Alzate
·**Fotografía:** Luciana Riso
·**Edición:** Juan Cañola
·**Produción:** Alexander Arbelaez, José Manuel Duque,
Rebeca Gutiérrez Campos, Miguel Yilales Agelvis

Sinopse:
Hai 15 anos que Sandra vive por e para o seu fillo. Agora que o rapaz é adolescente comeza para ela unha nova etapa ao conseguir un emprego como garda de seguridade nun centro comercial. Na liña de autobús 243 de Medellín, na que se despraza acotío ao seu traballo, coñece a un condutor co que inicia un romance. Sandra comeza a cuestionar a súa vida. O desexo e a relación que agroman fana emprender un camiño cara á liberdade e o autodescubrimento.

Yennifer Uribe Alzate (Medellín, Colombia). Directora, guionista, docente e investigadora. Conta cun mestrado en cinema de ficción, outro en comunicación e actualmente está cursando estudos de doutoramento. A súa curtametraxe *Like the first time* (2017) estreouse no Festival Internacional de Clermont-Ferrand. *La piel en primavera* (2024) é unha especie de *coming of age* tardío e a súa primeira longametraxe.

🏆 SELECCIONADA NO FORUM DA BERLINALE 2024

🏆 SELECCIONADA NO PROGRAMA HORIZONTES LATINOS
DO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024



DOMINGO 17, 20.30 | SALÓN TEATRO
XOVES 21, 17.45 | TEATRO PRINCIPAL

**LES FEMMES AU BALCON
AS MULLERES DO BALCÓN (2024)**

Noémie Merlant
Francia / 103 min / Ficción / Francés

Ficha artística:
Noémie Merlant, Sanda Codreanu, Souheila Yacoub,
Annie Mercier

Ficha técnica:
·**Guión:** Noémie Merlant, Céline Sciamma
·**Fotografía:** Evgenia Alexandrova
·**Edición:** Julien Lacheray
·**Produción:** Pierre Guyard

Sinopse:
Nun axitado barrio de Marsella, en plena vaga de calor, tres mulleres comparten piso e fanlle fronte á rutina cotiá. A súa atención céntrase no misterioso veciño que vive en fronte delas, que se converte no obxecto de todas as súas fantasías. Con arelas de liberdade, as tres amigas buscan escapar da súa vida monótona. Pero unha noite de copas, que comeza como unha celebración, convértese en algo aterrador e delirante, e troca a situación nun pesadelo sanguento que cambiará o rumbo das súas vidas para sempre.

Noémie Merlant (París, Francia). Actriz, cantante e directora. Gañou o premio César á mellor actriz de reparto no 2023 por *L'Innocent* e foi candidata a mellor actriz polo seu papel en *Retrato dunha muller en chamas* (2019). Fixo o seu debut como directora de longametraxes con *Mi iubita, mon amour* (2021), que foi candidata ao premio Cámara de Ouro do Festival de Cannes.

🏆 SECCIÓN OFICIAL NO FESTIVAL DE CANNES 2024



VENRES 15, 16.00 | NUMAX
MÉRCORES 20, 18.00 | SALÓN TEATRO
MI BESTIA (2024)

Camila Beltrán
Colombia, Francia / 75 min / Ficción / Español

Ficha artística:
Stella Martínez, Héctor Sánchez, Marcela Mar, Mallery Murillo

Ficha técnica:
·**Guión:** Camila Beltrán, Silvina Schnicer
·**Música:** Wissam Hojei
·**Fotografía:** Sylvain Verdet
·**Edición:** Jeanne Oberson
·**Produción:** Paola Andrea Pérez Nieto

Sinopse:
Bogotá, 1996. A poboación vive con medo a chegada dunha eclipse lunar porque disque o demo vai vir para secuestrar mozas inocentes. Mila, unha rapaza de 13 anos, nun momento no que o seu corpo empeza a transformarse, séntese cada vez máis angustiada pola presión e polas olladas dos demais. Esta inquedaanza fai que se questione se a súa propia metamorfose está relacionada coa ominosa profecía. Así que se vai achegando o temido día da eclipse, unha lúa vermella ilumina o ceo, converténdose nun símbolo da súa angustia e da busca da súa identidade nun mundo cheo de expectativas e medos.

Camila Beltrán (Bogotá, Colombia). Directora, guionista e produtora de cine colombiana residente en Francia. Comezou a súa carreira como videoartista e, desde 2018, traballa como produtora na súa propia compañía, Felina Films, que fundou para impulsar proxectos cinematográficos. A súa obra combina a súa rica herdanza cultural colombiana coa súa formación e experiencias en Europa e presenta un enfoque único e innovador no cine contemporáneo.

🏆 PREMIO BLOOD WINDOW Á MELLOR PELÍCULA
NO FESTIVAL DE SITGES 2024



LUNS 18, 18.15 | SALÓN TEATRO
XOVES 21, 22.15 | SALÓN TEATRO
MOND | MOON (2024)

Kurdwin Ayub
Austria / 92 min / Ficción / Inglés, alemán, árabe

Ficha artística:
Florentina Holzinger, Andria Tayeh, Celina Antwan,
Naghman Abu Baker

Ficha técnica:
·**Guión:** Kurdwin Ayub
·**Fotografía:** Klemens Hufnagl
·**Edición:** Roland Stöttinger
·**Produción:** Bruno Wagner, Veronika Franz, Ulrich Seidl

Sinopse:
Sarah, unha antiga loitadora de artes marciais, acepta a oferta de adestrar as tres fillas dunha rica familia en Xordania. O que parecía ser o traballo dos seus soños axiña se torna desacougante. As irmás, illadas e baixo constante vixilancia, non amosan interese ningún polo adestramento e Sarah comeza a cuestionarse a verdadeira razón pola que a contrataron. Ao se ir adentrando na vida destas mozas, descobre segredos perturbadores que a levarán a confrontar non só a súa misión como adestradora, senón tamén as complicadas dinámicas de poder e control que a rodean.
Kurdwin Ayub (Duhok, Iraq). Directora, guionista e artista. Dende o 2010, os seus traballos performativos, filmes de animación, videoclips e mais as súas películas documentais e de ficción en formatos curtos e longos presentáronse nunha marea de festivais de cinema e exposicións en todo o mundo e recibiron numerosos premios. A súa primeira longametraxe foi o documental *Paradise! Paradise!* (2016) e a súa primeira longa de ficción, *Sonne*, estreouse no 2022 na Berlinale e foi galardoada co premio á mellor opera prima.

🏆 PREMIO ESPECIAL DO XURADO, BOCCALINO DE OURO DA CRÍTICA
E MENCIÓN ESPECIAL DO XURADO EUMÉNICO NO FESTIVAL DE
LOCARNO 2024



LUNS 18, 20.15 | SALÓN TEATRO

MARTES 19, 22.00 | NUMAX

REAS (2024)

Lola Arias

Arxentina / 79 min / Documental / Español

Ficha técnica:

- Guión:** Lola Arias
- Música:** Ulises Conti
- Fotografía:** Martin Benchimol

Sinopse:

Yoseli ten unha tatuaxe da Torre Eiffel nas costas e sempre quixo viaxar, pero foi arrestada no aeroporto por tráfico de drogas. Nacho é un home trans que foi detido por estafa e fundou unha banda de rock na prisión. Xentís ou rudos, louras ou afeitados, cis ou trans, persoas que levan moito tempo na cadea ou outras que veñen de ingresar: neste musical híbrido, todos recrean as súas vidas nunha prisión de Bos Aires. Unha obra colectiva que reinventa o xénero musical e onde os intérpretes bailan e cantan sobre o seu pasado na prisión, reviven a súa vida como ficción e inventan, a través da fantasía e da imaxinación, un futuro posible para eles mesmos.

Lola Arias (Bos Aires, Arxentina). Escritora, cantante e directora de cine e teatro con obras traducidas a máis de sete idiomas e presentadas en festivais internacionais en cidades como Zúrich, Nova York e Berlín. Estudou letras na Universidade de Bos Aires e dramaturxia en Londres e Madrid. As súas creacións abordan realidades a través da experiencia, e destaca nelas a súa colaboración con protagonistas reais no canto de actores, e a mestura de ficción e realidade no que se coñece como teatro documental.

🏆 PREMIO SEBASTIANE NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024

🏆 PREMIOS GOLDEN ALEXANDER E MERMAID NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE DOCUMENTAIS DE TESALÓNICA 2024

🏆 NOMINADA AO PREMIO TEDDY DA BERLINALE 2024



SÁBADO 16, 21.45 | SALÓN TEATRO

DOMINGO 17, 18.30 | NUMAX

ROCK BOTTOM (2024)

María Trénor

España, Polonia / 86 min / Animación / Español

Ficha técnica:

- Guión:** María Trénor, Joaquín Ojeda
- Edición:** Joaquín Ojeda de Haro
- Produción:** Alba Sotorra Clua, Miguel Molina, Robert Jaszczurowski, Adán Aliaga, Joaquín Ojeda de Haro, Dani Bagur

Sinopse:

Rock Botton é a historia de amor autodestrutivo entre Bob e Alif, unha parella de artistas que viven o ambiente creativo e rompedor da cultura hippie dos anos 70. A súa relación florece nun verán apaixonado, pero as drogas transforman a súa vida nun pesadelo. Inspirada na vida e música de Robert Wyatt, a película explora a euforia e a angustia da creación artística, a fascinación inconsciente polas drogas, o desgaste provocado na parella pola rutina e a degradación física e mental que resulta da busca desenfreada de liberdade.

María Trénor (Valencia, España). Licenciada en Belas Artes pola Universidade Politécnica de Valencia. Sempre combinou a docencia coa creación artística. As súas curtas levárona a participar en festivais como a Berlinale ou Sundance e valéronlle tamén unha nominación nos Premios Goya á mellor curtametraxe de animación.

🏆 SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL ANNECY 2024



MARTES 19, 22.00 | SALÓN TEATRO

VENRES 22, 16.30 | TEATRO PRINCIPAL

**SANTOSH
SEGREDOS DUN CRIME (2024)**

Sandhya Suri

Reino Unido, India, Alemaña, Francia / 120 min / Ficción / Hindi

Ficha artística:

Shahana Goswami, Sanjay Bishnoi, Kushal Dubey, Sunita Rajwar, Shashi Beniwal

Ficha técnica:

- Guión:** Sandhya Suri
- Fotografía:** Lennert Hillege
- Edición:** Maxime Pozzi-Garcia
- Produción:** James Bowsher, Balthazar de Ganay, Mike Goodridge, Alan McAlex,

Sinopse:

Santosh queda viúva e herda o traballo do seu defunto esposo como axente de policía, un papel que nunca imaxinara que ía desempeñar. Con este novo desafío, Santosh atópase nunha zona rural onde a súa vida e a da comunidade son postas á proba. Cando aparece o corpo dunha nena de casta inferior, violada e asasinada, Santosh sente a responsabilidade de participar na investigación e comeza a descubrir as grandes desigualdades sociais e a complexidade do sistema de xustiza.

Sandhya Suri (Darlington, Reino Unido). Directora e guionista formada na National Film and Television School do Reino Unido. Suri acadou recoñecemento co documental *I for India* (2005), que reflexiona sobre a emigración e a identidade. En *Santosh* Suri aborda cuestións de tradición, familia e xénero, combinando a súa característica sensibilidade visual coa análise de complexas dinámicas culturais.

🏆 SECCIÓN UN CERTAIN REGARD DO FESTIVAL DE CANNES 2024



SÁBADO 16, 18.00 | NUMAX

MARTES 19, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

TURN ME ON (2024)

Michael Tyburski

Estados Unidos / 99 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Bel Powley, Nick Robinson, Justin H. Min, D'Arcy Carden, Nesta Cooper, Griffin Newman

Ficha técnica:


- Guión:** Angela Bourassa
- Fotografía:** Matt Mitchell
- Edición:** Matthew C. Hart
- Produción:** Richard J. Bosner, Angela Bourassa, Sean Bradley, Tayler Haynes, Eric Hollenbeck, Camille Mousseau, Toby Nalbandian, Zareh Nalbandian, Gregory Schmidt, Fabien Westerhoff


Sinopse:

Nun futuro próximo, as emocións humanas foron eliminadas por mor dunha pílula diaria imposta polo goberno, que promete unha vida sen sufrimento nin complicacións emocionais. Unha parella de mozos decide non tomar unha das doses e, ao facéreno, descubren un mundo de sentimentos que nunca imaxinaran -o amor, a ledicia, o desexo- e as complexidades que estes traen consigo. Ao exploraren estas novas emocións, teñen que se enfrontar tamén a dilemas éticos e morais que poñen a proba non só a súa relación, senón tamén a propia estrutura da sociedade na que viven.

Michael Tyburski (Nova York, Estados Unidos). Estreou a súa primeira longametraxe, *The Sound of Silence* (2019), na competición do Festival de Sundance. A súa curta *Palimpsest* (2013) gañou un premio especial do xurado tamén nese certame e a revista *Filmmaker* incluíuno na súa lista de '25 novas caras do cinema independente' no mesmo ano.

🏆 PREMIO BLOOD WINDOWA PREMIO DO XURADO NOVO NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024 Á MELLOR PELÍCULA





CINEUROPA 38

SECCIONES OFICIAIS

XURADOS



FLÁVIA CASTRO

Porto Alegre, 1965

Flávia Castro é cineasta. Escribiu e dirixiu o documental *Diário de uma busca* (2011), premiado en varios países, no que retrata a historia de vida do seu pai Celso, xornalista e militante de esquerdas que, en 1984, apareceu sen vida en Porto Alegre, no piso dun suposto ex oficial nazi. Este episodio é o punto de partida para unha viaxe no tempo e na xeografía do exilio a través de cartas, lembranzas e testemuños marcados pola historia do Brasil e polo fracaso dun proxecto político.

A súa primeira longametraxe de ficción, *Deslembro* (2018) estreouse no Festival de Venecia, onde obtivo varios premios da crítica e do público. Este filme narra a historia de Joana, unha adolescente que vive en París coa súa familia cando se decreta a amnistía no Brasil. Dun día para o outro, organizan a volta a un país do que case non ten lembranzas.

Flávia pecha a súa triloxía co filme *As vitrines* (en postprodución), unha ficción inspirada nos tres meses que pasou protexida coa súa familia e centos de refuxiados na embaixada de Arxentina en Santiago de Chile tras o golpe de Pinochet.




MARÍA JOSÉ SANTACREU

Montevideo, 1967

É xornalista cultural, editora e directora de Cinemateca Uruguaya, o principal arquivo fílmico de Uruguai e un dos máis importantes de Latinoamérica. Fundada en 1952 e cun acervo de máis de 22.000 películas e tres salas de exhibición, Cinemateca é un referente non só da preservación cinematográfica senón tamén da distribución e exhibición de filmes de autor e independentes de todo o mundo. Cinemateca organiza, ademais, o Festival Cinematográfico Internacional del Uruguay, que no 2025 celebrará a súa cuadrexésimo terceira edición.

Santacreu ten dado conferencias sobre cinema, preservación fílmica, xornalismo, literatura e novela gráfica. Foi xurado nos festivais de cinema de Mar de Prata en Arxentina, Zinebi en Euskadi e Olhar do Cinema en Curitiba, Brasil, entre outros. Como xornalista cultural escribe no semanario *Brecha* (Uruguai), onde tamén foi editora. Alén diso, publicou artigos de literatura e cinema en medios referentes de Arxentina e Uruguai.



©Sabela Eiriz

SONIA MÉNDEZ

Vigo, 1980

Desde o inicio da súa carreira, Sonia Méndez abarcou diversos ámbitos do audiovisual, dende a actuación á dirección, pasando pola produción e o guión. Así, dirixe, guioniza e produce as curtametraxes *Perversa Lola*, *Leo y Mario (se dejan)*, *Café-Bar Santos Peluquería* e *Ei, Guapa* –para a longametraxe colectiva *Visións-* ou *As Damas Negras* e *Conversa cunha muller morta*. Tamén crea, coguioniza e interpreta a webserie *Angélica e Roberta*.

Ao tempo, traballa como actriz en diversas series, como *Serramoura*, *Os Atlánticos* ou *Terras de Miranda* para a CRTVG, *Cuéntame* para TVE ou *El Vecino* de Netflix, e en longametraxes, como *Olvido y León* e *Rafael*, ambas as dúas de Xavier Bermúdez, *El Sexo dos Ángeles* de Xavier Villaverde ou *Por mí y por todos mis compañeros* de Judas Diz.

No 2014 idea o festival de Contidos Dixitais Carballo Interplay, o primeiro certame de series web e contidos dixitais do ámbito estatal, que dirixe dende a súa primeira edición.

No ano 2018 funda a produtora audiovisual Cósmica Producións xunto a Nati Juncal Portas. Con Cósmica dirixe e guioniza a serie *Antes de perder* para Playz-RTVE, e a longametraxe documental *A poeta analfabeta* sobre Luz Fandiño. Coa mesma compañía desenvolve *As Neves* (2024), a súa primeira longametraxe de ficción será un dos filmes presentes nesta 38ª edición de Cineuropa.

Sonia Méndez é vicepresidenta da Academia Galega do Audiovisual e membro da Asociación de Directores e Directoras de Galicia (CREA).

Foi distinguida co premio Mulleres en Foco da Asociación de Mulleres Cineastas (CIMA) e a Deputación de Pontevedra.



ESTE É O XURADO NOVO DE CINEUROPA 38!

TEÑEN NAS SÚAS MANS A COMPOSICIÓN
DO SEU PROPIO PALMARÉS COAS
SEGUINTES CATEGORÍAS:

- 🏆 MELLOR PELÍCULA
- 🏆 MELLOR DIRECCIÓN
- 🏆 MELLOR GUIÓN
- 🏆 MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA
- 🏆 MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA



Alejandro Alonso Rial



Antía Castillo Fernández



Carmen Mato Filgueira




Raquel Rodríguez Cocaño



Uxío Figueroa de la Fuente

**OS PREMIOS DO XURADO NOVO
SERÁN DE CARÁCTER HONORÍFICO
E DARANSE A COÑECER NA GALA
DE CLAUSURA DO FESTIVAL**



CINEUROPA 38

SECCIONES PARALELAS

HENRY FONDA FOR PRESIDENT: O CORAZÓN DO CINEMA É A LIBERDADE

- 12 ANGRY MEN / DOCE HOMES SEN PIEDADE
- FAIL SAFE / PUNTO LÍMITE
- FORT APACHE
- HENRY FONDA FOR PRESIDENT
- MISTER ROBERTS / ESCALA EN HAWAI
- MY DARLING CLEMENTINE /
PAIXÓN DOS FORTES
- SOMETIMES A GREAT NOTION /
CASTA INVENCIBLE
- THE GRAPES OF WRATH / AS UVAS DA IRA
- THE OX-BOW INCIDENT / INCIDENTE EN OX-BOW
- THE WRONG MAN / FALSO CULPABLE
- YOU ONLY LIVE ONCE / SÓ SE VIVE UNHA VEZ
- YOUNG MR. LINCOLN / O MOZO LINCOLN

O CINEMA DA CONSPIRACIÓN

- BULWORTH
- SECONDS / PLAN DIABÓLICO
[SUBSECCIÓN TRILOXÍA DA PARANOIA]
- SEVEN DAYS IN MAY / SETE DÍAS DE MAIO
[SUBSECCIÓN TRILOXÍA DA PARANOIA]
- THE MANCHURIAN CANDIDATE /
O MENSAXEIRO DO MEDO [SUBSECCIÓN
TRILOXÍA DA PARANOIA]
- TWILIGHT'S LAST GLEAMING / ALERTA: MÍSILES
- BRANDO FAI CEN ANOS. O ACTOR'S STUDIO, DEUSES
E MONSTROS NA REVOLUCIÓN DAS EMOCIÓNS

- A FACE IN THE CROWD /
UN ROSTRO NA MULTITUDE
- A HATFUL OF RAIN /
UN SOMBREIRO CHEO DE CHOIVA
- A STREETCAR NAMED DESIRE /
UN TRANVÍA CHAMADO DESEXO
- ALL FALL DOWN / O SEU PROPIO INFERNO
- BABY DOLL
- EAST OF EDEN / AO LESTE DO EDÉN
- LENNY
- LILITH
- LONELYHEARTS / CORAZÓNS SOLITARIOS
- ONE-EYED JACKS / O ROSTRO IMPENETRABLE
- SCARECROW / ESPANTALLO
- SUMMER AND SMOKE / VERÁN E FUME
- SWEET BIRD OF YOUTH /
DOCE PAXARO DE XUVENTUDE
- THE KING OF COMEDY / O REI DA COMEDIA
- THE KING OF MARVIN GARDENS /
O REI DE MARVIN GARDENS
- THE LANDLORD / O CASEIRO
- THE PAWNBROKER / O PRESTAMISTA
- THE STRANGE ONE
- THE THREE FACES OF EVE /
AS TRES CARAS DE EVA
- THE TRIP TO BOUNTIFUL / REGRESO
A BOUNTIFUL
- WILD RIVER / RIO SALVAXE

LATIDOAMERICANO

- AGARRAME FUERTE
- ALELÍ
- LA PIEL EN PRIMAVERA
- REAS

FANTASTIQUE COMPOSTELA

- AZRAEL
- LE MANGEUR D'ÂMES /
AS DESAPARICIÓNS
- MADS
- STRANGE DARLING

CINEFILIAS


- FROM DARKNESS TO LIGHT /
DA ESCURIDADE Á LUZ
- LE NOTTI BIANCHE / NOITES BRANCAS
[TRIBUTO A MARCELLO MASTROIANNI]
- OPENING NIGHT / NOITE DE ESTREA
[TRIBUTO A GENA ROWLANDS]
- PLEIN SOLEIL / A PLENO SOL
[TRIBUTO A ALAIN DELON]
- THE DAY OF THE LOCUST / COMO PRAGA DE
LANGOSTA [TRIBUTO A DONALD SUTHERLAND]

MARATÓN

- AZRAEL
- LA NOCHE DE LAS GAVIOTAS
- LA NUIT SE TRAÎNE / NIGHTCALL
- MADS
- STRANGE DARLING
- THE UNBEARING / ESTADO DE NECESIDADE

PELÍCULAS PREMIOS CINEUROPA

- DIÁRIO DE UMA BUSCA
- LA PARRA
- UNA BALLENA





CINEUROPA 38

SECCIONES PARALELAS

HENRY FONDA
FOR PRESIDENT:
O CORAZÓN DO
CINEMA É
A LIBERDADE

Alá por febreiro, nunha Berlinale bastante esquecible (e isto non é mera anécdota: pasar en Berlín doce días de febreiro con sobredoses obrigadas de mal cine pasa non só factura anímica, senón emocional), assistimos a un acontecemento filmico exultante. Todo o que o ambiente agrisado e o feo clima estaban en disposición de facer para botar abaixo a moral viuse neutralizado polo bálsamo que supuxo o visionado de *Henry Fonda for President*, un ensaio documental que é –en efecto– unha análise da carreira artística de Fonda. Pero tamén é moito máis ca iso.

O austríaco Alexander Horwarth, na que é a súa ópera prima, acerta a construír un discurso que é tamén a elexía por un territorio estrañado –os Estados Unidos de Fonda– e por un ideal purista, o da Norteamérica de raíz liberal –no mellor dos sentidos– e comprometida coas liberdades, os novos pactos cos cidadáns máis necesitados, as novas fronteiras ou os dereitos civís, todos eles identificados no século XX cos períodos de Roosevelt, Kennedy ou Lyndon Johnson. Pero, ampliando o prisma moito máis, esta película é, en realidade, un recordatorio daqueles principios de honestidade vital que Henry Fonda soubo encarnar nos seus personaxes ao longo dunha extensa filmografía, que abarcaba desde os colonos do século XVII

(en *Corazóns indomables*) á presidencia de Lincoln (*O mozo Lincoln*), os sen teito da Gran Depresión (*As uvas da ira*), a xustiza para todos (*Doce homes sen piedade*) ou a importancia de que haxa alguén sensato á fronte da nación en caso dun ataque nuclear (*Punto límite*). As tres primeiras, obra do fundacional John Ford. E as dúas restantes, dirixidas por Sidney Lumet.

Isto é, xusto os principios da Norteamérica agora ameazada con ver voltados todos os seus alicerces no caso dunha segunda presidencia de Donald Trump que en febreiro –e agora mesmo– se percibían como máis ca posibles. Por iso, *Henry Fonda for President* vai compoñendo, a partir de cada un dos personaxes encarnados por Fonda por unha parte, e da outra a partir da voz do actor –nunha moi longa entrevista que concedeu a Lawrence Grobel en 1981, pouco antes da súa morte–, unha sociedade asentada sobre valores que ata hai ben pouco tempo parecían consensos incommovibles.

A película como ensaio manexa tanto a historia remota dos Estados Unidos como a máis recente. Así, arranca outorgándolle protagonismo a Ronald Reagan e á súa revolución conservadora como un antecedente indirecto da situación abisal á que Norteamérica e o mundo parecen asomarse.

O film recupera unha célebre frase asertiva de John Ford. Fonda posuía aquel magnetismo innato que levou a Ford a contestar cando lle preguntaron que era o cine: Vostede viu camiñar a Henry Fonda? Pois iso é o cine. Pero neste ensaio descubrimos que nada menos que James Baldwin expresou a ese respecto que en *O mozo Lincoln* Fonda camiñaba co ritmo melancólico dun negro.

O que vai tomando corpo nestas tres horas é a elexía pola perda en Norteamérica dos dereitos civís, do agnosticismo e da integridade comprometida cos que o sistema tritura. E lamentabas vendo o film en febreiro que Joe Biden non camiñase, nin pensase, nin falase, nin actuase, nin mirase como Henry Fonda.

Todo o acaecido nestes meses –o recambio democrático na candidatura, o estraño atentado contra Donald Trump– non quebrantou o esencial: unha ameaza de ruptura *cun statu quo* que en realidade é nada menos ca o civilizatorio. E a irrupción definitiva en campaña de figuras como Elon Musk non fai senón amplificar os nesgos de irrealidade e a atmosfera fantasmal conspiranoica que todo o enrarece.

Para acompañar e dotar do amplo marco que merece *Henry Fonda for President* –nas súas proxeccións en Cineuropa contaremos coa

presenza para debater sobre todo iso do seu director, Alexander Horwarth–, decidimos programar un ciclo dedicado a Fonda e aos papeis que singularizan mellor esa vertente idealizada da sociedade pola cal os seus personaxes porfiaban.

Tamén a evolución da situación estes meses, coa campaña de mentiras e difamacións do trumpismo ata chegar á negación de calquera realidade factual, e o atentado do 13 de xullo en Pensilvania, coas súas supostas réplicas nunca contrastadas ata hoxe, parecen debuxar un estado de dereito superado polos ataques antisistema do populismo que tomou as redes. Este magma conspiranoico fíxonos crer oportuno indagar en como o cine abordou esta deriva. E, así, programamos a célebre e máis actual ca nunca triloxía da paranoia de John Frankenheimer –director de cine e íntimo asesor de Bobby Kennedy, que viaxaba a canda el no coche a noite de xuño de 1968 na que foi asasinado no Hotel Ambassador de Los Ángeles–, e mais 3 películas de Robert Aldrich, Warren Beatty e Mike Nichols que se ambientan nese clima de irrealidade que sobrevoa a realidade norteamericana desta precampaña pezoñenta, nos antípodas dos Estados Unidos de Fonda.

MARTES 12, 15.45 | TEATRO PRINCIPAL

12 ANGRY MEN
12 HOMES SEN PIEDADE (1957)**Sidney Lumet**

Estados Unidos / 96 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:Henry Fonda, Lee J. Cobb, Ed Begley,
E. G. Marshall, Jack Warden**Ficha técnica:**

- Guión:** Reginald Rose
- Fotografía:** Boris Kaufmaná
- Edición:** Carl Lerner
- Produción:** Henry Fonda, Reginald Rose

Sinopse:

Un adolescente é acusado de matar o seu pai e doce membros dun xurado deben decidir sobre a súa culpabilidade. Todos, agás un, están convencidos de que o mozo é culpable. O membro que discrepa intenta introducir no debate unha dúbida racial, utilizando os seus razoamentos para convencer os outros de que reconsideren a súa decisión e cambien o sentido do seu voto. A tensión aumenta a medida que se desenvolve o proceso, poñendo á proba a moralidade e a xustiza dos participantes.

🏆 OSO DE OURO NA BERLINALE 1957

🏆 NOMINADA Á MELLOR PELÍCULA, MELLOR DIRECTOR
E MELLOR GUIÓN ADAPTADO NOS ÓSCAR 1958

VENRES 15, 18.30 | SALÓN TEATRO

FAIL SAFE
PUNTO LÍMITE (1964)**Sidney Lumet**

Estados Unidos / 112 min / Ficción / Inglés, ruso

Ficha artística:

Henry Fonda, Walter Matthau, Fritz Weaver

Ficha técnica:

- Guión:** Walter Bernstein, Peter George. Baseado na novela de Eugene Burdick e Harvey Wheeler
- Fotografía:** Gerald Hirschfeld
- Edición:** Ralph Rosenblum
- Produción:** Charles H. Maguire, Max E. Youngstein

Sinopse:

Durante a Guerra Fría, por mor dun erro informático, un escuadrón de bombardeiros dos Estados Unidos é enviado a destruír Moscova con bombas atómicas. O presidente americano tenta facelos voltar pero o sofisticado sistema de seguridade impide abortar o ataque, así que ten a misión de convencer a Unión Soviética de que non contraataque para evitar unha guerra nuclear.



MARTES 12, 18.00 | SALA MOZART

FORT APACHE (1948)**John Ford**

Estados Unidos / 128 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:John Wayne, Henry Fonda, Shirley Temple, John Agar,
Pedro Armendáriz, Ward Bond, George O'Brien**Ficha técnica:**

- Guión:** Frank S. Nugent. Baseado nunha historia de James Warner Bellah
- Fotografía:** Archie Stout
- Edición:** Jack Murray
- Produción:** Merian C. Cooper, John Ford

Sinopse:

Unha vez rematada a Guerra de Secesión, o capitán Kirby York espera ser designado comandante de Fort Apache, un destacamento illado do rexemento de cabalería do exército estadounidense. York, cunha notable experiencia militar e moi respectado polos homes do forte, está cualificado para asumir o mando. Con todo, o seleccionado para o posto é Owen Thursday, un xeneral degradado a tenente coronel durante a guerra. Thursday é un oficial arrogante, excesivamente rigoroso no cumprimento das ordenanzas e inexperto na loita contra os apaches.

🏆 MELLOR DIRECCIÓN E MELLOR FOTOGRAFÍA EN BRANCO
E NEGRO NO FESTIVAL DE LOCARNO 1948VENRES 15, 20.45 | SALÓN TEATRO
DOMINGO 17, 20.45 | NUMAX**HENRY FONDA FOR PRESIDENT (2024)****Alexander Horwath**

Austria, Alemaña / 184 min / Documental / Inglés, alemán

Ficha artística:

Robert De Niro, Henry Fonda, Jane Fonda

Ficha técnica:

- Guión:** Alexander Horwath
- Fotografía:** Michael Palm
- Edición:** Michael Palm
- Produción:** Irene Höfer, Andreas Schroth, Ralph Wieser

Sinopse:

Coa voz de Henry Fonda como guía, tomada da súa última entrevista en 1981, este filme-ensaio expón un percorrido pola historia política de Estados Unidos desde o seu acervo cinematográfico. Unha viaxe xeográfica e temporal que nos leva dunha costa a outra, de 1651 a 1976; a través dos personaxes aos que Fonda deu vida. As imaxes de arquivo contrastan coas que roda Horwath na actualidade, sinalando o declive do soño americano e imaxinando unha república de lugares, tempos e personaxes: os Estados Unidos de Fonda.

🏆 SELECCIONADA NO FÓRUM DA BERLINALE 2024
🏆 PREMIO ESPECIAL TEMPO DE HISTORIA NA SEMINCI 2024

VENRES 15, 16.00 | SALÓN TEATRO
MÉRCORES 20, 17.45 | SALA MOZART

MISTER ROBERTS ESCALA EN HAWAI (1955)

John Ford e Mervyn LeRoy

Estados Unidos / 123 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Henry Fonda, James Cagney, William Powell, Jack Lemmon, Betsy Palmer, Ward Bond

Ficha técnica:

- Guión:** Frank S. Nugent, Joshua Logan. Baseado na obra de teatro de Thomas Heggen e Joshua Logan
- Fotografía:** Winton C. Hoch
- Edición:** Jack Murray
- Produción:** Leland Hayward

Sinopse:

En plena Segunda Guerra Mundial, o Reluctant, un buque mercante norteamericano, navega polas augas do Pacífico transportando mercadoría dun porto a outro sen participar directamente na contenda. A bordo, a tripulación vive con angustia esta situación e arela estar nun buque de guerra. Entre eles atópase Ensign Pulver, quen sofre a tensa convivencia por mor dos constantes enfrontamentos entre os oficiais. Un deles, Doug Roberts, soña cun destino máis emocionante e cheo de acción, pero vese frustrado polo control tiránico do capitán do barco, quen lle impide calquera cambio. A vida a bordo convértese nunha loita constante contra o aburrimiento e mais contra a opresión interna do mando.

🏆 **NOMINADA Á MELLOR PELÍCULA NOS ÓSCAR 1956**

🏆 **MELLOR GUIÓN DE COMEDIA DOS PREMIOS DO SINDICATO DE GUIONISTAS 1956**



MARTES 12, 16.00 | SALA MOZART
MÉRCORES 20, 16.00 | SALÓN TEATRO

MY DARLING CLEMENTINE PAIXÓN DOS FORTES (1946)

John Ford

Estados Unidos / 97 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Henry Fonda, Victor Mature, Linda Darnell, Walter Brennan

Ficha técnica:

- Guión:** Samuel G. Engel e Winston Miller. Baseado nunha historia de Sam Hellman
- Fotografía:** Joseph MacDonald
- Edición:** Dorothy Spencer
- Produción:** Samuel G. Engel

Sinopse:

A Wyatt Earp, antigo xefe de policía de Dodge City, ofrécenlle a praza de comisario da cidade de Tombstone logo de desarmar a un perigoso delincente. Ao primeiro, Wyatt rexeita o posto porque se dedica ao negocio do gando xunto cos seus irmáns. Mais o asasinato do irmán máis novo lévao a aceptar a praza e a nomear os outros irmáns como axudantes. Non tarda en facer amizade cun xogador e pistoleiro chamado Doc Holliday que axudará os Earp na súa loita contra os Clanton.



XOVES 14, 17.30 | SALA MOZART

SOMETIMES A GREAT NOTION CASTA INVENCIBLE (1971)

Paul Newman

Estados Unidos / 114 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Paul Newman, Henry Fonda, Lee Remick, Michael Sarrazin, Richard Jaeckel

Ficha técnica:

- Guión:** John Gay. Baseado na novela de Ken Kesey
- Fotografía:** Richard Moore
- Edición:** Bob Wyman
- Produción:** John Foreman

Sinopse:

A estabilidade económica da ficticia Wakonda (Oregón) vese ameazada cando o sindicato local de madeiros convoca unha folga contra un gran conglomerado madeireiro. Cando o leñador independente Hank Stamper e o seu pai Henry son instados a apoiar os folguistas, néganse, e a xente da vila considéraos traidores. Ademais, a loita de Hank por manter vivo o negocio familiar tamén fai agromar tensións entre os seus membros.



LUNS 11, 18.00 | SALA MOZART

THE GRAPES OF WRATH AS UVAS DA IRA (1940)

John Ford

Estados Unidos / 129 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Henry Fonda, Jane Darwell, John Carradine

Ficha técnica:

- Guión:** unnlly Johnson. Baseado na novela de John Steinbeck
- Fotografía:** Gregg Toland
- Edición:** Robert L. Simpson
- Produción:** Darryl F. Zanuck, Nunnally Johnson

Sinopse:

Tras dous anos de cárcere, Tom Joad regresa á súa casa en Oklahoma coa esperanza de se reunir coa súa familia. Pero ao chegar, descobre con frustración que foron desposuídos das súas terras por compañías anónimas e bancos sen rostro, vítimas dos intereses poderosos que os expulsaron. Sen máis opcións, a familia, como moitas outras tralo crac de 1929, emprende unha longa e penosa viaxe cara a California, na busca dunha vida mellor e fuxindo da fame e da miseria. Viaxan nun pobre e vello Hudson "Super Six", atravesando desérticas e interminables estradas, coa esperanza de atopar un paraíso no que pensan, erradamente, que hai traballo para todos.

🏆 **MELLOR PELÍCULA E MELLOR ACTRIZ DE REPARTO (JANE DARWELL) NOS ÓSCAR 1941**



LUNS 11, 20.30 | SALA MOZART
XOVES 21, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

THE OX-BOW INCIDENT INCIDENTE EN OX-BOW (1942)

William A. Wellman

Estados Unidos / 75 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Henry Fonda, Dana Andrews, Mary Beth Hughes, Anthony Quinn, William Eythe, Harry Morgan, Harry Davenport, Frank Conroy, Marc Lawrence

Ficha técnica:

- Guión:** Lamar Trotti. Baseado na novela de Walter Van Tilburg Clark
- Fotografía:** Arthur Charles Miller
- Edición:** Allen McNeil
- Produción:** Lamar Trotti

Sinopse:

Nevada, 1885. Gil Carter chega a unha pequena vila do oeste buscando á súa vella moza, unha muller de dubidosa reputación na localidade. Na compañía do seu fiel amigo Art, chega á vila xusto cando a comunidade se ve sacudida pola nova do asasinato dun coñecido rancheiro. Ante a ausencia do sheriff, os habitantes deciden formar un grupo de linchamento para buscar e castigar o culpable. Gil e Art únense ao grupo, aínda que cun certo escepticismo. Mentres avanzan na busca, a tensión aumenta e as decisións tomadas polo grupo levan os dous homes a se cuestionar se realmente están a facer xustiza ou actuando por vinganza.

🏆 NOMINADA Á MELLOR PELÍCULA NOS ÓSCAR 1944

🏆 MELLOR PELÍCULA DO ANO PARA A ASOCIACIÓN DE CRÍTICOS NORTEAMERICANOS 1943



MARTES 12, 20.15 | SALA MOZART

THE WRONG MAN FALSO CULPABLE (1956)

Alfred Hitchcock

Estados Unidos / 97 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Henry Fonda, Vera Miles, Anthony Quayle, Harold J. Stone

Ficha técnica:

- Guión:** Maxwell Anderson, Angus McPhail
- Fotografía:** Robert Burks
- Edición:** George Tomasini
- Produción:** Herbert Coleman, Alfred Hitchcock

Sinopse:

Manny é un músico de jazz que vive placidamente en Nova York coa súa muller Rose e máis os dous fillos pequenos. Nunha aseguradora, unha empregada confúndeo cun ladrón que roubara alí uns días antes e denuncia á policía. Comeza entón un pesadelo para el: detéñeno e acúsano dunha serie de furtos cometidos no barrio. O terrible é que todas as testemuñas e as probas caligráficas corroboran a súa culpabilidade. Logo de saír en liberdade baixo fianza, tentará demostrar a súa inocencia. No entanto, a súa muller sofre unha aguda crise nerviosa e ingresa nun psiquiátrico.



LUNS 11, 16.00 | SALA MOZART

YOU ONLY LIVE ONCE SÓ SE VIVE UNHA VEZ (1937)

Fritz Lang

Estados Unidos / 85 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Sylvia Sydney, Henry Fonda, Barton MacLane

Ficha técnica:

- Guión:** Gene Towne, Charles Graham Baker
- Fotografía:** Leon Shamroy
- Edición:** Daniel Mandell
- Produción:** Walter Wanger

Sinopse:

Eddie Taylor, un exconvicto que tenta retomar a súa vida tras saír da cadea, enfróntase a un destino cruel cando o acusan inxustamente dun asasinato que non cometeu. Malia contar co apoio da súa esposa, vese forzado a escapar xunto a ela e o seu bebé. A súa condición de delinciente reincidente, con varias condenas enriba, fai que a sociedade o siga sinalando. A fatalidade impídelle manterse no camiño dereito, malia os seus esforzos por comezar de novo.



VENRES 8, 16.30 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 24, 16.00 | SALÓN TEATRO

YOUNG MR. LINCOLN O MOZO LINCOLN (1939)

John Ford

Estados Unidos / 100 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Henry Fonda, Alice Brady, Marjorie Weaver, Arleen Whelan

Ficha técnica:

- Guión:** Lamar Trotti
- Fotografía:** Bert Glennon, Arthur C. Miller
- Edición:** Walter Thompson
- Produción:** Darryl F. Zanuck, Kenneth Macgowan

Sinopse:

Esta película céntrase nos anos de mocidade de Abraham Lincoln, o futuro presidente dos Estados Unidos, cando aínda era un rapaz con vocación pola xurisprudencia. Animado polo seu amor por Ann Rutledge, Lincoln deixa atrás a súa vida como leñador en Kentucky e comeza a destacar como avogado. Un dos seus primeiros grandes logros profesionais é a defensa exitosa de dous irmáns acusados de asasinato, demostrando xa daquela o seu compromiso cos dereitos dos máis humildes.

🏆 NOMINADA AO MELLOR GUIÓN ORIGINAL NOS ÓSCAR 1940





CINEUROPA 38

SECCIONES PARALELAS

O CINEMA DA
CONSPIRACIÓN

A TRILOXÍA DA PARANOIA

DOMINGO 17, 20.00 | SALA MOZART

XOVES 21, 16.00 | SALÓN TEATRO

SECONDS PLAN DIABÓLICO (1966)

John Frankenheimer

Estados Unidos / 107 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Rock Hudson, Salome Jens, Will Geer, John Randolph

Ficha técnica:

·**Guión:** Lewis John Carlino. Baseado nunha novela de David Ely

·**Fotografía:** James Wong Howe

·**Edición:** David Newhouse, Ferris Webster

·**Produción:** Edward Lewis

Sinopse:

Arthur Hamilton, un banqueiro que vive días grises e decepcionantes a carón da súa familia, comeza a recibir a presión dun amigo que cria morto e que o anima a visitar A Compañía. Alí ofrécéselle a oportunidade de se someter a unha complexa cirurxía estética que mudará completamente o seu aspecto físico, permitíndolle deixar atrás o seu pasado e reiniciar a súa vida. Aínda que Arthur decide aceptar a proposta, debe cuestionarse se este cambio realmente lle vai asegurar un futuro feliz ou se, pola contra, só vai acentuar a súa insatisfacción e baleiro existencial.

SELECCIONADA NO FESTIVAL DE CANNES 1966



DOMINGO 17, 17.45 | SALA MOZART

SEVEN DAYS IN MAY SETE DÍAS DE MAIO (1964)

John Frankenheimer

Estados Unidos / 118 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Burt Lancaster, Kirk Douglas, Fredric March, Ava Gardner, Edmond O'Brien, Martin Balsamh

Ficha técnica:

·**Guión:** Rod Serling. Baseado nunha novela de Fletcher Knebel e Charles W. Bailey II

·**Fotografía:** Ellsworth Fredricks

·**Edición:** Ferris Webster

·**Produción:** Edward Lewis

Sinopse:

O presidente dos Estados Unidos, considerado o máis impopular da súa historia, logra asegurar un tratado de desarme nuclear no Senado, pero enfróntase a grandes dificultades, xa que boa parte da nación está en contra del. Jiggs Casey, un coronel da Mariña, descobre que o popular xeneral Scott, xefe do Estado Maior Conxunto e probable candidato presidencial, non ten intención de agardar para actuar e planea un golpe de estado. Ao informar o presidente, Casey desencadea unha rede de segredos e intrigas, onde resulta complicado saber en quen confiar.

MELLOR ACTOR DE REPARTO (EDMOND O'BRIEN)
NOS GLOBOS DE OURO 1965

NOMINADA Á MELLOR DIRECCIÓN ARTÍSTICA E MELLOR
ACTOR DE REPARTO (EDMOND O'BRIEN) NOS ÓSCAR 1965



DOMINGO 17, 15.30 | SALA MOZART

THE MANCHURIAN CANDIDATE O MENSAXEIRO DO MEDO (1962)

John Frankenheimer

Estados Unidos / 126 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Frank Sinatra, Laurence Harvey, Janet Leigh, Angela Lansbury, Henry Silva, James Gregory, Leslie Parrish, John McGiver, Khigh Dhiagh, James Edwards, Barry Kelley, Robert Riordan

Ficha técnica:

·**Guión:** George Axelrod. Baseado nunha novela de Richard Condon

·**Fotografía:** Lionel Lindon

·**Edición:** Ferris Webster

·**Produción:** George Axelrod, John Frankenheimer

Sinopse:

Durante a guerra de Corea, o batallón do sarxento Raymond Shaw, un oficial novo fillo dunha prominente familia política conservadora dos Estados Unidos, é capturado polos comunistas. Someten os soldados a un lavado de cerebro como parte dun plan para convertelos en axentes infiltrados no propio goberno estadounidense. A través desta intriga política, os comunistas pretenden manipular os infiltrados para que alguén manexable por eles chegue á presidencia dos Estados Unidos. Este thriller político, ambientado na Guerra Fría, explora as tensións internacionais e as consecuencias do control mental nun contexto de espionaxe e conspiración.

MELLOR ACTRIZ DE REPARTO (ANGELA LANSBURY)
NOS GLOBOS DE OURO 1963

NOMINADA Á MELLOR ACTRIZ DE REPARTO (ANGELA LANSBURY)
E MELLOR MONTAXE NOS ÓSCAR 1963



MÉRCORES 13, 18.30 | NUMAX
MARTES 19, 16.00 | SALA MOZART

BULWORTH (1998)

Warren Beatty

Estados Unidos / 108 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Warren Beatty, Halle Berry, Kimberly Deauna Adams

Ficha técnica:

·**Guión:** Warren Beatty, Jeremy Pikser

·**Fotografía:** Vittorio Storaro

·**Edición:** Robert C. Jones, Billy Weber

·**Produción:** Warren Beatty, Pieter Jan Brugge, Frank Capra III, Lauren Shuler Donner, Victoria Thomas

Sinopse:

O senador demócrata Jay Bulworth, farto da falsidade do mundo político, tolea e amaña o seu propio asasinato, dedicando o peche da súa última campaña electoral a dicir só a verdade a ritmo de rap. Ao longo dela arrepíntese tras coñecer a unha atractiva activista política e acadar un éxito inesperado na súa campaña. Ao final o éxito é tan abafador que decide presentarse á presidencia dos Estados Unidos.

COMPETICIÓN OFICIAL NO FESTIVAL DE VENEZIA 1998

NOMINADA AO MELLOR GUIÓN ORIXINAL NOS ÓSCAR 1999



MARTES 12, 15.45 | NUMAX
MARTES 19, 19.45 | SALA MOZART

**TWILIGHT'S LAST GLEAMING
ALERTA: MÍSILES (1977)**

Robert Aldrich

Estados Unidos / 145 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Burt Lancaster, Roscoe Lee Browne, Joseph Cotten, Melvyn Douglas, Charles Durning, Richard Jaeckel, William Marshall, Gerald S. O'Loughlin, Richard Widmark, Paul Winfield, Burt Young

Ficha técnica:

·**Guión:** Ronald M. Cohen e Edward Huebsch. Baseado nunha novela de Walter Wager

·**Fotografía:** Robert B. Hauser

·**Edición:** Michael Luciano, William Martin, Maury Winetrobe

·**Produción:** Merv Adelson

Sinopse:


En 1981, un antigo xeneral veterano da guerra de Vietnam, degradado das Forzas Aéreas norteamericanas, escapa dun cárcere de Montana xunto a tres homes. O grupo apodérase dunha base militar con mísiles nucleares Titán e ameaza con lanzalos contra a URSS se o presidente dos Estados Unidos non cumpre as súas esixencias: pagarlles 100 millóns de dólares, garantirlles impunidade e facer público en televisión un documento secreto redactado polo expresidente Nixon, que revela os verdadeiros motivos da intervención norteamericana no sureste asiático durante a guerra de Vietnam.



CONCELLO DE SANTIAGO

CANDO SAES OU
CANDO ESTÁS NA CASA,
A TÚA DIVERSIÓN TEN
QUE SER COMPATIBLE
CO DESCANSO
DAS DEMAIS PERSOAS.

RESPECTAR E CONVIVIR



FALA
BAIXIÑO





CINEUROPA 38

SECCIONES PARALELAS

BRANDO FAI CEN ANOS.
O ACTOR'S STUDIO,
DEUSES E MONSTROS
NA REVOLUÇÃO DAS
EMOÇÕES

“De todos os actores que coñezo, Brando foi o que máis se achegou á xenialidade. Hoxe hai algo milagroso na súa maneira de imbuirse nas personaxes”

Elia Kazan

O chamado *método*, que ten a súa xénese no teórico ruso Stanislavski, revolucionou o oficio da interpretación en Hollywood e Broadway. Pero aquela revolución tivo un Comité Central: o Actor's Studio. E uns líderes carismáticos: Elia Kazan, Lee Strasberg e Stella Adler. O que daquela xurdiu deulle un xiro á arte da interpretación. Ese xeito de actuar, que pasaba por interiorizar a personaxe e os seus sentimentos ata a neurose e por extraer a dor ou as emocións do armario agochado onde moran as feridas do propio pasado do actor, moveu o chan do teatro e do cinema da segunda metade do século XX.

Marlon Brando, como primeiro profeta dese novo movemento de liberación, foi acollido por Stella Adler cando aínda era un mozo de Omaha de aire esquivo e secretamente desvalido: “Non teñas medo, rapaz, o que hai en ti fará que chegues ben lonxe”. Así foi como Marlon Brando participou daquela II Internacional que se divorciaba do grupo máis ortodoxo de Lee Strasberg. De entre as dúas formas de interpretar o método Stanislavski, Strasberg defendía o uso da memoria emocional, lembrar a experiencia persoal para propulsar un resultado

crible. Adler defendía, en cambio, vivir o momento mediante o uso da imaxinación. E como Strasberg vía en Elia Kazan a un Trotski desviacionista aliado con Stella Adler, Brando acabou militando no grupo de Kazan. Así xurdiu a súa lenda, das táboas de *Un tranvía chamado desexo* e logo da súa adaptación cinematográfica. Dela xurdiron os máis grandes intérpretes da xeración primixenia do método en Hollywood: Rod Steiger, Jo Van Fleet, Kim Hunter, Lee J. Cobb, Karl Malden, Carroll Baker, Eli Wallach, Montgomery Clift, James Dean, Eva Marie Saint, Julie Harris, Anthony Franciosa, Lee Remick, Warren Beatty e Barbara Loden. Todos eles presentes nalgún momento daquela construción dun xeito de expresar o tormento e a éxtase que foi a filmografía de Kazan.

Hoxe é apenas coñecida a curiosidade de que os que foron considerados por Lee Strasberg como os mellores de toda aquela xeración –que en realidade enlazaba dúas– eran Ben Gazzara, Don Murray, Anne Bancroft ou Cliff Robertson. As súas carreiras, aínda sumamente estimables, quedaron tal vez un chanzo por baixo dos citados ao comezo. En realidade, aquela

idea da explosión das emocións máis íntimas dos actores e actrices resultou autodestrutiva para algúns deles. Se é que Dean, Monty Clift ou Marilyn Monroe non eran xa xoguetes rotos e o autoflaxelo que supuña aquel sistema tan esixente de actuación non tivo culpa ningunha das súas desditas e colisións fatídicas.

Máis alá de Kazan, o método alcanzou tal nivel de preponderancia que chegou a ser case hexemónico entre os actores que pretendían non ser só *entertainers* ou carne de alfombra vermella. Así, Paul Newman, Jane Fonda, Steve McQueen, Geraldine Page ou Shelley Winters sumáronse a esa lista dos elixidos que se reunían no Old Labor Stage 432 West Street de Nova York.

O coñecido como *Novo Hollywood*, coa rebelión dos directores máis novos, trouxo tamén consigo uns mozos *komsomoles* do método. Son os Dustin Hoffman, John Voight, Harvey Keitel, Robert Duvall, Al Pacino, Sissy Spacek, Robert De Niro, Jack Nicholson, Sally Field, John Cazale, Gene Hackman, Roy Scheider ou Christopher Walken. Quizais o que se ergueu como paradigma desta quinta, en canto á intensidade de implicación coas súas personaxes, foi o De Niro que se transformou no Travis de *Taxi Driver* ou que engordou para encarnar a Jake LaMotta en *Touro salvaxe*.

Á fronte das parodias que comezaron a popularizarse fronte ao rigorismo dalgúns destes actores que levaban a personaxe para a casa, sempre se destacaron algúns dos veteranos actores da vella escola –practicamente todos británicos, se

exceptuamos a Daniel Day Lewis–, que defendían que a interpretación non precisaba dese espírito atormentado que parecía forzado polo método. Quen máis abertamente nos fixo partícipes das súas ironías foi Sir Laurence Olivier, que compatibilizou a súa escola shakesperiana do Old Vic Theatre cunha brillante carreira en Hollywood. Como se fose unha falcatrada do azar, Olivier –Larry para toda a profesión– foi un dos involuntarios protagonistas dun duelo ao sol por ver quen se facía co papel máis disputado na industria desde o de Scarlett O'Hara: o de Vito Corleone de *O Padríño*. Para ese rol, Coppola, Puzo e o mozo produtor Robert Evans apostaban por un Marlon Brando cunha carreira que se atopaba no seu momento máis baixo. Para os máis veteranos directivos da Paramount, a aposta segura para lle dar vida a un siciliano era a de Larry Olivier. Aquel triunfo dun Brando renacido, co famoso algodón nas súas fazulas tivo moito de simbólico: o método renovaba a súa hexemonía na profesión. E só se eras Charles Bronson, Burt Reynolds ou, como moito, Michael Caine, quedaba para ti espazo en Hollywood se te negabas a durmir cada noite co boxeador, o psicópata, a sindicalista ou a cantante *country* á que lle dabas vida durante o día no estudio. E aí seguimos, aínda que –para que enganar– dá bastante risa escoitar que Timothée Chalamet é un seguidor de Stanislavski. Longa vida ao método no centenario do seu profeta Brando. E atentos aos títulos deste ciclo que o celebra no 38º Cineuropa, con moitas xoias inéditas comercialmente a nivel estatal.

XOVES 14, 18.00 | NUMAX
DOMINGO 24, 19.45 | SALA MOZART

A FACE IN THE CROWD UN ROSTRO NA MULTITUDE (1957)

Elia Kazan

Estados Unidos / 125 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Andy Griffith, Patricia Neal, Anthony Franciosa,
Walter Matthau, Lee Remick

Ficha técnica:

- Guión: Budd Schulberg
- Fotografía: Gayne Rescher, Harry Stradling
- Edición: Gene Milford
- Produción: Elia Kazan

Sinopse:

Estados Unidos a finais dos anos 50. Marcia Jeffries, que traballa na radio local do seu pai en Arkansas, visita a prisión da vila na procura de alguén que participe no seu programa. Alí coñece a Larry Rhodes, un vagabundo borracho e cantante que expresa con descaro todo o que pensa. Impresionada pola súa actitude, Marcia decide levalo ao seu programa de radio. A súa voz rouca, humor desenfadado e encanto persoal atraen a milleiros de seguidores, o que chama a atención dunha canle de televisión en Memphis. A fama atórdao e a súa transformación en estrela mediática tórnase nunha traxedia ao convertelo nunha vítima dos medios de comunicación.



DOMINGO 10, 18.15 | SALA MOZART
LUNS 18, 16.00 | SALÓN TEATRO

A HATFUL OF RAIN UN SOMBREIRO CHEO DE CHOIVA (1957)

Fred Zinnemann

Estados Unidos / 109 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Eva Marie Saint, Don Murray, Anthony Franciosa,
Lloyd Nolan

Ficha técnica:

- Guión: Michael V. Gazzo, Alfred Hayes, Carl Foreman
- Fotografía: Joseph MacDonald
- Edición: Dorothy Spencer
- Produción: Buddy Adler

Sinopse:

Un exsoldado que se volveu adicto á morfina durante o seu tratamento na guerra de Corea intenta levar unha vida normal, apoiado economicamente polo seu irmán. Nin a muller nin o pai son conscientes da súa verdadeira situación, que comeza a tornarse insostenible, poñendo en perigo as relacións e a súa propia vida.

🏆 COPA VOLPI (ANTHONY FRANCIOSA) NO FESTIVAL DE VENECIA 1957
🏆 NOMINADA Á MELLOR ACTOR (ANTHONY FRANCIOSA) NOS ÓSCAR 1958



LUNS 18, 16.30 | SALA MOZART

A STREETCAR NAMED DESIRE UN TRANVÍA CHAMADO DESEXO (1951)

Elia Kazan

Estados Unidos / 122 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Vivien Leigh, Marlon Brando, Kim Hunter, Karl Malden

Ficha técnica:

- Guión: Tennessee Williams, Oscar Saul. Baseado na obra homónima de T. Williams
- Fotografía: Harry Stradling
- Edición: David Weisbart
- Produción: Charles K. Feldman

Sinopse:

Blanche DuBois, que pertence a unha antiga pero arruinada familia do sur, é unha muller madura e decadente que vive ancorada no pasado. Certas circunstancias obrígana a ir vivir a Nova Orleans coa súa irmá Stella e mais o seu cuñado Stanley, un home rudo e violento. Malia á súa actitude arrogante, Blanche oculta un escuro pasado que a levou a certo desequilibrio mental. A súa conduta inestable provoca conflitos que alteran a vida da parella.

🏆 PREMIO ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL DE VENECIA 1951
🏆 MELLOR ACTRIZ (VIVIEN LEIGH), MELLOR ACTOR DE REPARTO (KARL MALDEN), MELLOR ACTRIZ DE REPARTO (KIM HUNTER) E MELLOR DIRECCIÓN DE ARTE EN BRANCO E NEGRO NOS ÓSCAR 1952



MÉRCORES 13, 15.45 | SALA MOZART

ALL FALL DOWN O SEU PROPIO INFERNO (1962)

John Frankenheimer

Estados Unidos / 110 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Eva Marie Saint, Warren Beatty, Karl Malden, Angela Lansbury, Brandon de Wilde, Constance Ford, Barbara Baxley, Evans Evans, Madame Spivy, Albert Paulsen

Ficha técnica:

- Guión: William Inge. Baseado nunha novela de James Leo Herlihy
- Fotografía: Lionel Lindon
- Edición: Fredric Steinkamp
- Produción: John Houseman

Sinopse:

Un mozo sofre unha terrible decepción cando descobre o verdadeiro carácter do seu irmán maior, ao que admira incondicionalmente. O reparigo ten que decidir entre o amor que sente polo seu irmán ou o seu propio sentido da xustiza que lle obriga a castigalo como se merece.

🏆 SELECCIONADA NA COMPETENCIA OFICIAL DO FESTIVAL DE CANNES 1962



SÁBADO 9, 16.00 | NUMAX

BABY DOLL (1956)**Elia Kazan**

Estados Unidos / 114 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Karl Malden, Carroll Baker, Eli Wallach

Ficha técnica:·**Guión:** Tennessee Williams. Baseado nunha obra de T. Williams·**Fotografía:** Boris Kaufman·**Edición:** Gene Milford·**Produción:** Elia Kazan, Tennessee Williams**Sinopse:**

Archie Lee Meighan é un home de mediana idade en decadencia. Leva dous anos casado con Baby Doll, con que non consumou o matrimonio por unha promesa que lle fixera ao seu sogro falecido. Cando a situación financeira de Archie empeora, decide prenderlle lume á plantación de algodón do seu rival, o siciliano Silva Vacarro. Mentres que comezan a xurdir sospeitas sobre a súa culpabilidade, Silva seduce a Baby Doll para que confese a verdade.

🏆 CATRO NOMINACIÓNS NOS ÓSCAR 1957

🏆 MELLOR DIRECCIÓN E ACTRIZ REVELACIÓN MÁIS PROMETEDORA (CARROLL BAKER) NOS GLOBO DE OURO 1957



XOVES 14, 15.45 | NUMAX

**EAST OF EDEN
AO LESTE DO EDÉN (1955)****Elia Kazan**

Estados Unidos / 109 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Julie Harris, James Dean, Raymond Massey, Jo Van Fleet

Ficha técnica:·**Guión:** Paul Osborn. Baseado na novela de John Steinbeck·**Fotografía:** Ted D. McCord·**Edición:** Owen Marks·**Produción:** Elia Kazan**Sinopse:**

Salinas, California, 1917. Adam Trask é un modesto agricultor que vive cos seus fillos, Cal e Aron, aos que fixo crer que a súa nai, Kate, morrera. Ao iren medrando, a rivalidade entre os mozos polo cariño do pai intensifícase, poñendo de manifesto as súas personalidades tan diferentes. A vida de Cal dá un xiro inesperado cando descobre que a súa nai non só está viva, senón que rexenta un bordel na cidade veciña de Monterrey. Esta revelación provoca unha serie de conflitos familiares que poñen a proba a relación entre pais e fillos.

🏆 MELLOR ACTRIZ DE REPARTO (JO VAN FLEET) NOS ÓSCAR 1956

🏆 MELLOR PELÍCULA DRAMÁTICA NO FESTIVAL DE CANNES 1955

🏆 MELLOR PELÍCULA NOS GLOBO DE OURO 1956



DOMINGO 10, 16.00 | SALA MOZART

LENNY (1974)**Bob Fosse**

Estados Unidos / 111 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Dustin Hoffman, Valerie Perrine

Ficha técnica:·**Guión:** Julian Barry·**Fotografía:** Bruce Surtees·**Edición:** Alan Heim·**Produción:** Marvin Worth**Sinopse:**

Lenny Bruce é un mordaz humorista que traballa en locais nocturnos de pouca categoría. Pouco despois de coñecer a Honey, unha exuberante bailarina de striptease, casa con ela. Durante anos manteñen unha relación tormentosa que inclúe drogas e sexo pouco convencional, pero acábanse separando. A súa vida de Lenny como comediante vai en aumento, pero tamén as denuncias e xuízos que debe afrontar por mor do carácter subversivo do seu humor. Filme biográfico sobre a tumultuosa vida do cómico Lenny Bruce baseado na obra de Broadway escrita por Julian Barry.

🏆 SETE NOMINACIÓNS NOS ÓSCAR 1975

🏆 PREMIO Á MELLOR ACTRIZ (VALERIE PERRINE) NO FESTIVAL DE CANNES 1975



MÉRCORES 13, 22.20 | NUMAX

SÁBADO 23, 15.45 | SALA MOZART

LILITH (1964)**Robert Rossen**

Estados Unidos / 114 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Warren Beatty, Jean Seberg, Peter Fonda, Kim Hunter

Ficha técnica:·**Guión:** Robert Rossen. Baseado nunha obra de J. R. Salamanca·**Fotografía:** Eugen Schüfftan·**Edición:** Aram Avakian·**Produción:** Robert Rossen**Sinopse:**

Vincent, un veterano de guerra, regresa a Maryland, o seu estado natal, e comeza traballar nun hospital psiquiátrico privado para ricos. Alí namórase dunha fermosa paciente, Lilith, que vive abstraída nun mundo de seu. A medida que se vai achegando a ela, vai tamén afastándose da súa propia realidade. A derradeira película dirixida por Rossen volve entrecruzar personaxes creativos e destrutivos dun xeito emblemático ofrecendo un relato da procura da perfección e do amor fracasado. Rossen pechou a súa filmografía con esta obra magna.



XOVES 14, 22.15 | NUMAX

**LONELYHEARTS
CORAZÓN SOLITARIOS (1958)****Vincent J. Donohue**

Estados Unidos / 103 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Montgomery Clift, Robert Ryan, Myrna Loy, Dolores Hart, Maureen Stapleton

Ficha técnica:

- Guión:** Dore Schary. Baseado nunha obra de Nathanael West
- Fotografía:** John Alton
- Edición:** John Faure, Aaron Stell
- Produción:** Dore Schary

Sinopse:

Adam White é un xornalista desesperado por atopar un traballo do seu. Nun bar coñece a Florence, a muller dun editor chamado Shrike, e este ofrécelle un posto na sección de consellos sentimentais do xornal. Shrike martiriza a súa muller alcohólica lembrándolle acotío o seu pasado adúltero e asígnalle aos seus empregados traballos que non queren. Un día Shrike propónlle a Adam seducir a unha das corresponsais do diario para que esta cita se convirta nun xogo que poida retratar nun artigo. White está dividido entre a lealdade ao seu novo traballo e a fidelidade e o respecto á súa parella, Justy. Un filme liberal que non deu pasado a censura franquista no momento da súa estrea.

🏆 **NOMINADA Á MELLOR ACTRIZ DE REPARTO (MAUREEN STAPLETON) NOS ÓSCAR 1959**

LUNS 18, 19.00 | SALA MOZART
MÉRCORES 20, 16.00 | NUMAX**ONE-EYED JACKS
O ROSTRO IMPENETRABLE (1961)****Marlon Brando**

Estados Unidos / 141 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Marlon Brando, Karl Malden, Katy Jurado, Ben Johnson, Pina Pellicer

Ficha técnica:

- Guión:** Guy Trosper e Calder Willingham. Baseado nunha obra de Charles Neider
- Fotografía:** Charles Lang
- Edición:** Archie Marshek
- Produción:** Frank P. Rosenberg

Sinopse:

Tras o atraco a un banco fronteirizo, Johnny Rio é traizoado por Dad, o seu mellor amigo e compañeiro de falcatuadas. Arrestado pola policía mexicana, bota cinco amargos anos no cárcere de Sonora, onde vive obsesionado coa idea de vingarse. Tras ser posto en liberdade, visita a Dad, que se converteu nun home respectable e é o sheriff de Monterrey. Cando Dad lle presenta a súa fillastra Louisa, Johnny queda namorado da súa beleza e sedúcea.

🏆 **CONCHA DE OURO E PREMIO Á MELLOR ACTRIZ (PINA PELLICER) NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 1961**

MÉRCORES 13, 20.00 | SALA MOZART
LUNS 18, 18.00 | NUMAX**SCARECROW
ESPANTALLO (1973)****Jerry Schatzberg**

Estados Unidos / 112 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Gene Hackman, Al Pacino, Eileen Brennan, Richard Lynch

Ficha técnica:

- Guión:** Garry Michael White
- Fotografía:** Vilmos Zsigmond
- Edición:** Evan A. Lottman
- Produción:** Robert M. Sherman

Sinopse:

Max, un presidiario que acaba de saír da cadea, atopa na estrada mentres fai autostop a Lionel, un vagabundo sen destino, moito máis novo ca el e cunha grande inxenuidade. Max ofrécelle unirse a el como socio nun negocio de lavado de automóviles que pretende montar en Pittsburgh e co que aspira a poñer fin á súa carreira de convicto habitual de todo tipo de prisións. Lionel acepta e desde aquela ambos os dous comezan un particular periplo viaxando como autoestopistas ou coándose nos vagóns de carga dos trens. Os cartos escasean e Max decide visitar a súa irmá Coley. Na súa casa coñece a unha atractiva amiga dela coa que compartirá unha noite de amor. Mentres, Lionel tenta contactar coa súa antiga moza, Annie, que abandonara abrumado pola responsabilidade ao deixala embarazada, coa ilusión de coñecer o seu fillo, do que non sabe nin o nome.

🏆 **PALMA DE OURO NO FESTIVAL DE CANNES 1973**



XOVES 14, 16.00 | SALÓN TEATRO

**SUMMER AND SMOKE
VERÁN E FUME (1961)****Peter Glenville**

Estados Unidos / 118 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Laurence Harvey, Geraldine Page, Pamela Tiffin, Rita Moreno, Una Merkel, John McIntire, Thomas Gomez, Earl Holliman

Ficha técnica:

- Guión:** James Poe e Meade Roberts. Baseado na obra de Tennessee Williams
- Fotografía:** Charles Lang
- Edición:** Warren Low
- Produción:** Paul Nathan, Hal B. Wallis

Sinopse:

Adaptación do drama homónimo de Tennessee Williams, ambientada nunha pequena poboación do Misisipi. Alma, unha muller tímida e moi espiritual, está namorada de John Buchanan, un médico de ideas materialistas que só ten ollos para Rosa Zacharias, a apaixonada e espelida filla do dono do casino. A trama explora os sentimentos contraditorios de Alma, que se debate entre o seu amor non correspondido por John e a súa admiración pola vitalidade e o carisma de Rosa. Desvélanse así as tensións entre os desexos e a realidade no contexto dunha sociedade marcada por expectativas e normas sociais.

🏆 **CATRO NOMINACIÓNS NOS ÓSCAR 1962**

🏆 **MELLOR ACTRIZ (GERALDINE PAGE) NOS GLOBOS DE OURO 1962**



XOVES 14, 20.00 | SALA MOZART

**SWEET BIRD OF YOUTH
DOCE PAXARO DE XUVENTUDE
(1962)****Richard Brooks**

Estados Unidos / 120 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Paul Newman, Geraldine Page, Shirley Knight, Ed Begley, Rip Torn, Mildred Dunnock, Madeleine Sherwood

Ficha técnica:

- Guión:** Richard Brooks. Baseado na obra de Tennessee Williams
- Fotografía:** Milton Krasner
- Edición:** Henry Berman
- Produción:** Pandro S. Berman

Sinopse:

Chance Wayne, un aspirante a actor, abandona a súa vila natal co soño de saltar á fama, pero a súa vida non transcurre como esperaba. Para lograr a notoriedade que tanto cobiza, comeza unha relación con Alexandra Del Lago, unha antiga estrela de cine en decadencia que lle promete abrirle as portas do mundo do espectáculo. Ao regresar á súa cidade de orixe, hospédanse no hotel máis luxoso, onde as aparencias se entretecen cos desexos ocultos. Aínda que a súa relación coa actriz lle proporciona notoriedade, a verdadeira arela de Chance é recuperar o amor da súa antiga moza, a filla dun poderoso político local. A súa loita por amor e ambición nun ambiente de glamour e desilusión levarao a enfrontarse cos seus propios soños e a cuestionar as súas decisións.

🏆 MELLOR ACTOR DE REPARTO (ED BEGLEY) NOS ÓSCAR 1963

🏆 MELLOR ACTRIZ DRAMÁTICA (GERALDINE PAGE) NOS GLOBO DE OURO 1963



LUNS 11, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

**THE KING OF COMEDY
O REI DA COMEDIA (1982)****Martin Scorsese**

Estados Unidos / 109 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Robert De Niro, Jerry Lewis, Tony Randall, Diahnne Abbott, Sandra Bernhard

Ficha técnica:


- Guión:** Paul D. Zimmerman
- Fotografía:** Fred Schuler
- Edición:** Thelma Schoonmaker
- Produción:** Arnon Milchan

Sinopse:

Rupert Pupkin é un cómico obsesionado coa celebridade e con se converter no mellor no seu campo. Un día, Rupert coñece ao seu idolo, Jerry Langford, e suplicalle que lle dea a oportunidade de aparecer no seu programa, pero este non lla concede. Con todo, Pupkin non se dá por vencido e acosa a Jerry para intentar lograr os seus propósitos. Coa axuda da súa amiga Masha, usará un método contundente para obter os seus minutos de fama.

🏆 MELLOR GUIÓN ORIXINAL NOS BAFTA 1984

🏆 SELECCIONADA NA COMPETENCIA OFICIAL DO FESTIVAL DE CANNES 1983

DOMINGO 10, 16.00 | NUMAX
VENRES 15, 15.30 | TEATRO PRINCIPAL**THE KING OF MARVIN GARDENS
O REI DE MARVIN GARDENS (1972)****Bob Rafelson**

Estados Unidos / 104 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Jack Nicholson, Bruce Dern, Ellen Burstyn

Ficha técnica:

- Guión:** Jacob Brackman Baseado nunha historia de Bob Rafelson e Jacob Brackman
- Fotografía:** László Kovács
- Edición:** John F. Link
- Produción:** Steve Blauner, Bob Rafelson

Sinopse:

David Staebler, un DJ de radio nocturno e melancólico, accede á proposta do seu irmán Jason, un estafador extrovertido, de acompañalo a Atlantic City para participar nun turbio negocio inmobiliario. Malia á súa natureza reservada, David déixase arrastrar polo irmán e axiña os sucesos descontroláanse. No entanto, Sally, unha muller madura que busca un pouco de felicidade momentánea, xoga un papel clave na escura atmosfera que envolve a historia. Os acontecementos avanza cara a unha inevitable traxedia, mentres os irmáns se enfrontan ás súas complexas relacións familiares e ao fracaso do plan.

DOMINGO 17, 16.00 | NUMAX
MÉRCORES 20, 22.15 | NUMAX**THE LANDLORD
O CASEIRO (1970)****Hal Ashby**

Estados Unidos / 113 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Beau Bridges, Lee Grant, Diana Sands, Pearl Bailey

Ficha técnica:

- Guión:** Bill Gunn. Baseado nunha historia de Kristin Hunter
- Fotografía:** Gordon Willis
- Edición:** William A. Sawyer, Edward Warschilka
- Produción:** Norman Jewison

Sinopse:

Elgar Enders, un mozo de 29 anos que provén dunha familia adifeirada e leva unha vida aburrida decide mercar un edificio de apartamentos nun *ghetto* de Brooklyn co obxectivo de desalojar os inquilinos e reformar a propiedade. Mais así que comeza a coñecer os inquilinos, desenvolve unha relación afectiva con eles e decide abandonar a súa idea inicial. Ademais, Elgar namórase dunha das mozas que vive no edificio, e isto complica a situación aínda máis, xa que os seus pais ricos desaproban as súas decisións. Esta historia explora a transformación de Elgar e a súa loita por equilibrar as súas ambicións e as conexións auténticas que atopa na comunidade que inicialmente pensaba desalojar.

🏆 NOMINADA Á MELLOR ACTRIZ DE REPARTO (LEE GRANT) NOS ÓSCAR 1971



SÁBADO 16, 22.00 | NUMAX
SÁBADO 23, 20.00 | SALA MOZART

**THE PAWNBROKER
O PRESTAMISTA (1964)**

Sidney Lumet

Estados Unidos / 116 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Rod Steiger, Geraldine Fitzgerald, Brock Peters, Jaime Sánchez, Thelma Oliver

Ficha técnica:

- Guión:** Morton S. Fine, David Friedkin. Baseado nunha novela de Edward Lewis Wallant
- Fotografía:** Boris Kaufman
- Edición:** Ralph Rosenblum
- Produción:** Philip Langner, Roger Lewis, Ely Landau

Sinopse:

Sol Nazerman é un prestamista xudeu que sobreviviu a holocausto e dirixe unha tenda de empeños no perigoso barrio de Harlem, en Nova York. Aínda que se enfrenta decote a unha realidade dura, o seu verdadeiro tormento provén das desacougantes e dolorosas lembranzas dos campos de exterminio. O horror que viviu, onde presenciou a morte da súa muller e amigos, perségueo constantemente e non lle permite experimentar emocións ou medo no seu novo contorno. A súa existencia, marcada por un fondo sufrimento, converte a tenda non só nun lugar de negocio, senón tamén nun espazo de soidade e angustia.

OSO DE PRATA AO MELLOR ACTOR (ROD STEIGER) NA BERLINALE 1964

MELLOR ACTOR ESTRANXEIRO (ROD STEIGER) NOS BAFTA 1967



XOVES 14, 18.30 | SALÓN TEATRO
MÉRCORES 20, 15.45 | SALA MOZART

THE STRANGE ONE (1957)

Jack Garfein

Estados Unidos / 100 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Ben Gazzara, Julie Wilson, Mark Richman, George Peppard, Pat Hingle, Arthur Storch, James Olson

Ficha técnica:

- Guión:** Calder Willingham. Baseado nunha novela de Calder Willingham
- Fotografía:** Burnett Guffey
- Edición:** Sidney M. Katz
- Produción:** Sam Spiegel

Sinopse:

Jocko De Paris, cadete líder nunha academia militar, utiliza o seu carisma e influencia para manipular os outros cadetes. Jocko provoca a inxusta expulsión de George Avery Jr., o fillo do oficial ao mando, cando este quere denunciar unha timba de cartas ilegal nunha das habitacións e o apalean e finxen que está borracho. Acompañado dos seus fieis seguidores Harold e Roger, terá que resistir as presións do maior Avery, que quere descubrir a verdade dos sucesos. Jocko non só aterroriza os cadetes de menor rango, senón que tamén busca arruinar a vida do director da academia. A rivalidade e as intrigas no recinto militar levan a un enfrontamento que cuestionará a lealdade e a moralidade dos protagonistas.



FILMS FROM GALICIA

Rodaxe de As neves



CATÁLOGO
2024



XUNTA
DE GALICIA

VENRES 8, 16.00 | SALÓN TEATRO

THE THREE FACES OF EVE AS TRES CARAS DE EVA (1957)

Nunnally Johnson

Estados Unidos / 91 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Joanne Woodward, David Wayne, Lee J. Cobb

Ficha técnica:

- Guión:** Nunnally Johnson. Baseado nunha obra de Corbett H. Thigpen e Hervey M. Cleckley
- Fotografía:** Stanley Cortez
- Edición:** Marjorie Fowler
- Produción:** Nunnally Johnson

Sinopse:

En 1951, Eve White, unha muller tímida e humilde, sofre intensas dores de cabeza e vaídos e busca axuda no psiquiatra Dr. Luther. Baixo a súa hipnose, aflora nela unha nova personalidade salvaxe, a da pícara Eve Black, coñecedora de tódolos segredos de Eve White, que ignora a súa existencia. Aínda xorde unha terceira personalidade, a da estable Jane. A situación complícase cando Eve Black amosa a súa vertente máis perigosa e estrangula a filla de Eve White, Bonnie. A historia explora a loita de Eve White por recuperar o control da súa vida, mentres o Dr. Luther investiga o trauma que deu lugar a estas múltiples personalidades. Unha intrigante exploración da mente humana que mantén o espectador en suspenso.

🏆 MELLOR ACTRIZ (JOANNE WOODWARD) NOS ÓSCAR 1958

🏆 MELLOR ACTRIZ (JOANNE WOODWARD) NOS GLOBOS DE OURO 1958



DOMINGO 10, 22.15 | NUMAX

THE TRIP TO BOUNTIFUL REGRESO A BOUNTIFUL (1985)

Peter Masterson

Estados Unidos / 108 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Geraldine Page, John Heard, Carlin Glynn, Richard Bradford, Rebecca De Mornay

Ficha técnica:

- Guión:** Horton Foote. Baseado nunha obra de Horton Foote
- Fotografía:** Fred Murphy
- Edición:** Jay Freund
- Produción:** Horton Foote, Sterling Van Wagenen

Sinopse:

Carrie Watts é unha anciá infeliz que vive cun fillo sobreprotector chamado Ludie e coa súa nora Jessie Mae, unha antipática señora que tenta controlala porque pensa que á súa idade non se dá valido por si mesma. Cansa desta vida, decide marchar a Bountiful, a súa cidade natal. O único problema é que non sabe conducir e o seu fillo non a quere axudar a cumprir o seu desexo. Carrie foxe nun autobús coa axuda da súa amiga Thelma. Cando o seu fillo e a mais a nora descubren que escapou chaman ao sheriff Clancy, pero o que non saben é que Clancy axudou a Carrie a chegar ao seu destino.

🏆 MELLOR ACTRIZ (GERALDINE PAGE) NOS ÓSCAR 1986



MÉRCORES 20, 20.15 | NUMAX
SÁBADO 23, 18.00 | SALA MOZART

WILD RIVER RÍO SALVAXE (1960)

Elia Kazan

Estados Unidos / 110 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Montgomery Clift, Lee Remick, Jo Van Fleet

Ficha técnica:

- Guión:** Paul Osborn. Baseado nas novelas de Borden Deal e William Bradford Huie
- Fotografía:** Ellsworth Fredricks
- Edición:** William H. Reynolds
- Produción:** Elia Kazan

Sinopse:

América, anos trinta. Chuck Glover é un funcionario do Goberno do val do Tennessee, encargado de expropiar as terras da ribeira do río, xa que os seus habitantes sofren a miúdo os seus devastadores desbordamentos. Amais de evitar catástrofes, preténdese construír unha central hidroeléctrica que garanta o progreso da rexión. Pero ese proxecto esixe a demolición das vivendas dunha pequena poboación e a evacuación dos seus habitantes. E o caso máis difícil de resolver é o dunha muller de 80 anos que se resiste con todas as súas forzas a abandonar o fogar dos seus devanceiros. Mentres Chuck intenta convencer a anciá, vaise namorando da súa neta, a fermosa Carol.

🏆 SELECCIONADA NA COMPETENCIA OFICIAL DA BERLINALE 1960



★★★★
CINEUROPA
2024
38 EDICIÓN
7-24.11.2024
SANTIAGO DE
COMPOSTELA
★★★★





CINEUROPA 38

**SECCIONES
PARALELAS**

LATIDOAMERICANO

MÉRCORES 20, 18.45 | NUMAX
DOMINGO 24, 12.15 | SALA MOZART

AGARRAME FUERTE (2024)

Ana Guevara, Leticia Jorge

Uruguai / 71 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Chiara Hourcade, Victoria Jorge, Eva Dans

Ficha técnica:

·**Guión:** Ana Guevara, Leticia Jorge

·**Fotografía:** Soledad Rodríguez

·**Edición:** Lucía Casal, Stephanie Tabárez

·**Produción:** Agustina Chiarino, Hernán Olivera

Sinopse:

Adela, profundamente comovida pola morte da súa amiga Elena, atópase atrapada nunha dor que parece non ter fin. Buscando consolo, e esgotada emocionalmente, retrocede nunha viaxe no tempo a un outono de hai dez anos, a unha casa na praia onde o tempo parece detense. Alí, Elena e mais outra amiga, Luci, agardan por ela, listas para pasar un fin de semana perfecto, entre novelas de detectives, conversas ao pé da lareira e o son do mar de fondo. Este reencontro máxico ofrécelle a Adela a oportunidade de revivir momentos de felicidade compartida, de amizade profunda e sororidade que trascenden a morte e o paso do tempo. "Agárrame forte, non me deixes ir", pide Adela, mentres se enfrenta á necesidade de se despedir e aceptar a perda, nun relato que explora o poder da memoria e o vínculo inquebrantable entre amigas que, malia todo, non desaparecen.

🏆 SELECCIONADA NA COMPETENCIA OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES 2024



XOVES 14, 20.15 | NUMAX

ALELÍ (2019)

Leticia Jorge

Uruguai / 88 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Néstor Guzzini, Mirella Pascual, Cristina Morán,

Romina Peluffo

Ficha técnica:

·**Guión:** Ana Guevara, Leticia Jorge

·**Fotografía:** Lucio Bonelli

·**Edición:** Eliane Katz

·**Produción:** Agustina Chiarino, Benjamín Doménech,

Fernando Epstein, Santiago Gallelli, Ana Guevara,

Leticia Jorge, Eugenia Olascuaga, Matias Roveda

Sinopse:

Tras a morte do pai dos Mazzotti, a venda da casa familiar na praia é cousa de tempo. A vivenda, chamada Alelí, leva o nome formado polas iniciais de Alba e Alfredo, Ernesto e Lilián, pero exclúe a Silvana, a irmá máis nova, que chegou tarde para ser parte dese símbolo familiar. Cando un inesperado atraso na venda da casa interrompe os plans, a familia decide pasar unha última fin de semana xuntos alí. O que debía ser unha despedida tranquila convértese nun caótico encontro cheo de xenreira, desacordos entre irmáns, lembranzas do pasado e tensións mal resoltas. Entre cadeiras de praia, flores de Bach e ata algúns enfrontamentos coa lei, os Mazzotti chocan, tanto metafórica como literalmente, revelando vellas feridas familiares e segredos agochados.

🏆 SELECCIONADA NO FESTIVAL DE MÁLAGA 2020 E NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE CHICAGO 2019



MARTES 12, 21.30 | NUMAX
SÁBADO 16, 16.00 | NUMAX

LA PIEL EN PRIMAVERA (2024)

Yennifer Uribe Alzate

Colombia, Chile / 100 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Laura Zapata, Alba Liliana Agudelo Posada,

Luis Eduardo Arango Correa, Julián López Gallego

Ficha técnica:

·**Guión:** Yennifer Uribe Alzate

·**Fotografía:** Luciana Riso

·**Edición:** Juan Cañola

·**Produción:** Alexander Arbelaez, José Manuel Duque,

Rebeca Gutiérrez Campos, Miguel Yílales Agelvis

Sinopse:

Hai 15 anos que Sandra vive por e para o seu fillo. Agora que o rapaz é adolescente comeza para ela unha nova etapa ao conseguir un emprego como garda de seguridade nun centro comercial. Na liña de autobús 243 de Medellín, na que se despraza acotío ao seu traballo, coñece a un condutor co que inicia un romance. Sandra comeza a cuestionar a súa vida. O desexo e a relación que agroman fana emprender un camiño cara á liberdade e o autodescubrimento.

🏆 SELECCIONADA NO FORUM DA BERLINALE 2024

🏆 SELECCIONADA NO PROGRAMA HORIZONTES LATINOS DO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024



LUNS 18, 20.15 | SALÓN TEATRO
MARTES 19, 22.00 | NUMAX

REAS (2024)

Lola Arias

Argentina / 79 min / Documental / Español

Ficha artística:

Willia Fitzgerald, Kyle Gallner, Madisen Beaty,

Barbara Hershey

Ficha técnica:

·**Guión:** Lola Arias

·**Música:** Ulises Conti

·**Fotografía:** Martin Benchimol

Sinopse:

Yoseli ten unha tatuaxe da Torre Eiffel nas costas e sempre quixo viaxar, pero foi arrestada no aeroporto por tráfico de drogas. Nacho é un home trans que foi detido por estafa e fundou unha banda de rock na prisión. Xentís ou rudos, louras ou afeitados, cis ou trans, persoas que levan moito tempo na cadea ou outras que veñen de ingresar: neste musical híbrido, todos recrean as súas vidas nunha prisión de Bos Aires. Unha obra colectiva que reinventa o xénero musical e onde os intérpretes bailan e cantan sobre o seu pasado na prisión, reviven a súa vida como ficción e inventan, a través da fantasía e da imaxinación, un futuro posible para eles mesmos.

🏆 PREMIO SEBASTIANE NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2024

🏆 PREMIOS GOLDEN ALEXANDER E MERMAID NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE DOCUMENTAIS DE TESALÓNICA 2024

🏆 NOMINADA AO PREMIO TEDDY DA BERLINALE 2024





CINEUROPA 38

**SECCIONES
PARALELAS**

FANTASTIQUE
COMPOSTELA

MÉRCORES 13, 19.30 | SALÓN TEATRO
VENRES 22, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL (MARATÓN)

AZRAEL (2024)

E. L. Katz

Estados Unidos / 85 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Samara Weaving, Victoria Carmen Sonne, Rea Lest

Ficha técnica:

·Guión: Simon Barrett

·Fotografía: Mart Taniel

·Edición: Ben Baudhuin

·Produción: Simon Barrett, Dave Caplan, Dan Kagan

Sinopse:

Nun mundo sumido nun silencio imposto, unha comunidade dominada por mulleres aférrase a rituais antigos e a unha estrutura de poder opresiva. Azrael, unha moza valente e rebelde, desafia estas normas ao escapar da súa reclusión, o que desata a furia de quen a considera un sacrificio necesario para tranquilizar a un antigo demo ancestral. Co destino marcado pola ameaza do sacrificio, Azrael vese obrigada a loitar contra forzas escuras na súa procura desesperada pola liberdade e a supervivencia.

MÉRCORES 13, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL
LUNS 18, 22.00 | SALÓN TEATRO

LE MANGEUR D'ÂMES AS DESAPARICIONS (2024)

Alexandre Bustillo, Julien Maury

Francia, Bélxica / 108 / Ficción / Francés

Ficha artística:

Virginie Ledoyen, Paul Hamy, Sandrine Bonnaire, Francis Renaud

Ficha técnica:

·Guión: Annelise Batrel, Ludovic Lefebvre.

·Baseado na novela de Alexis Laipsker

·Fotografía: Simon Roca

·Edición: Baxter

·Produción: Pierre-Marcel Blanchot, Leo Maidenberg

Sinopse:

Esta desasocugante película lévanos a unha pequena vila de montaña na que rexorde un antigo mito sobre unha criatura malévola. A atmosfera tórnase sombriza trala desaparición de varios nenos e unha serie de mortes horribles e brutais, que espertan o terror entre os habitantes. A medida que os eventos se van sucedendo, a lenda cobra vida e os residentes teñen que se enfrontar á realidade dun escuro segredo que ameaza con consumilos.

XOVES 14, 23.00 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 22, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL (MARATÓN)

MADS (2024)

David Moreau

Francia / 95 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Milton Riche, Laurie Pavy, Lucille Guillaume

Ficha técnica:

·Guión: David Moreau

·Fotografía: Philip Lozano

·Produción: Yohan Baiada, Marlene Wale

Sinopse:

Romain, un adolescente de 18 anos, fai unha parada na casa do seu traficante para probar unha nova droga antes de saír de festa. Mentres conduce, ve a unha muller ferida na estrada e decide deterse para socorrerla. Ao subir ao seu coche, ela comeza a se comportar de xeito aterrador e, presa do pánico, bate a cabeza ata morrer. A partir daquela, comeza para Romain unha noite surrealista e terrorífica, na que non é quen de distinguir entre a realidade e os efectos do potente fármaco que vén de probar.

VENRES 15, 22.45 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 22, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL (MARATÓN)

STRANGE DARLING (2024)

J. T. Mollner

Estados Unidos / 96 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Willa Fitzgerald, Kyle Gallner, Madisen Beaty, Barbara Hershey

Ficha técnica:

·Guión: J. T. Mollner

·Fotografía: Giovanni Ribisi

·Edición: Christopher Robin Bell

·Produción: Bill Block, Roy Lee, Steve Schneider, Giovanni Ribisi, Chris Ivan Cevic

Sinopse:

Nunha noite de festa, unha moza coñece a un home atractivo e carismático, sen saber que é un asasino en serie. O que comeza como unha aventura dunha soa noite axiña se transforma nun pesadelo ao descubrir a verdadeira identidade do seu acompañante. Asustada, intenta fuxir, pero o asasino, obsesionado coa súa nova presa, non está disposto a deixala marchar facilmente. A moza vese envolta nunha perigosa persecución, na que cada paso que dá a achega máis ao perigo.

🏆 SELECCIONADA NA COMPETENCIA OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES 2024



🏆 SELECCIONADA NO FESTIVAL DE ROTTERDAM 2024



🏆 SELECCIONADA NA COMPETENCIA DO FESTIVAL DE SITGES 2024



🏆 MELLOR FOTOGRAFÍA NO FESTIVAL DE SITGES 2024





CINEUROPA 38

SECCIONES PARALELAS

CINEFILIAS

LUNS 18, 22.15 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 22, 21.45 | SALÓN TEATRO

FROM DARKNESS TO LIGHT DA ESCURIDADE Á LUZ (2024)

Eric Friedler, Michael Lurie

Estados Unidos, Alemaña / 108 min / Documental / Inglés

Ficha artística:

Martin Scorsese, Harry Shearer, Sarah Silverman,
Mel Brooks, Jerry Lewis

Ficha técnica:

- Guión:** Eric Friedler, Michael Lurie
- Fotografía:** Alexander Precht
- Edición:** Thilo Heidermann-May, Lamar R. Tupper
- Produción:** Jeffrey Giles, Sohar Solomon, Wim Wenders

Sinopse:

Un dos maiores misterios de Hollywood é a última película autodirixida pola lenda da comedia Jerry Lewis, *The Day The Clown Cried*, un proxecto anticipado en 1972 que desapareceu misteriosamente e nunca se volveu ver. Durante máis de 50 anos, circularon teorías dubidosas sobre esta suposta 'película perdida', pero recentemente xurdiu nova información que bota luz sobre o que realmente aconteceu. A busca deste tesouro histórico desenvólvese con numerosas celebridades e amizades de Lewis que comparten as súas opinións sobre o seu legado e ambición.

🏆 SELECCIONADA NA SECCIÓN DE CLÁSICOS DO FESTIVAL DE VENECIA 2024



LUNS 11, 22.30 | SALÓN TEATRO

TRIBUTU A MARCELLO MASTROIANNI

LE NOTTI BIANCHE NOITES BRANCAS (1957)

Luchino Visconti

Italia / 97 min / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Maria Schell, Marcello Mastroianni, Jean Marais,
Marcella Rovena

Ficha técnica:

- Guión:** Luchino Visconti, Suso Cecchi d'Amico.
Baseado na novela de Dostoievski
- Fotografía:** Giuseppe Rotunno
- Edición:** Mario Serandrei
- Produción:** Franco Cristaldi

Sinopse:

Nunha cidade provinciana, Mario, un mediocre oficinista que vive nunha modesta pensión, coñece unha noite a Natalia, unha moza que reflicte unha profunda tristura no rostro. Conversa con ela para animala e ela explicalle como mudou a súa anódina vida ao coñecer a un apostu forasteiro do que namorou. Durante catro noites máxicas, Mario, namorado de Natalia, mantén a esperanza de substituír no seu corazón ao misterioso forasteiro.

🏆 LEÓN DE PRATA NO FESTIVAL DE VENECIA 1957



MÉRCORES 13, 15.45 | NUMAX

TRIBUTU A GENA ROWLANDS

OPENING NIGHT NOITE DE ESTREA (1977)

John Cassavetes

Estados Unidos / 143 min / Ficción / Inglés, francés

Ficha artística:

Gena Rowlands, Ben Gazzara, John Cassavetes, Joan
Blondell, Paul Stewart

Ficha técnica:

- Guión:** John Cassavetes
- Fotografía:** Bo Harwood
- Edición:** Tom Cornwell
- Produción:** Al Ruban, Sam Shaw, Mike Lally

Sinopse:

Myrtle Gordon, actriz de Broadway, está ensaiando para a súa última obra, que trata sobre unha muller incapaz de aceptar o paso do tempo e o avellentamento. Myrtle mergúllase con grande intensidade nas súas personaxes, o que lle trae tanto éxito como desgaste emocional. Todo muda cando é testemuña da morte dun dos seus admiradores, feito que a leva a sentir unha profunda responsabilidade. Esta experiencia desencadea unha crise emocional que comeza a interferir na súa vida profesional e que a leva a cuestionar a súa identidade como artista e a súa relación co tempo e a morte.

🏆 MELLOR ATRIZ (GENA ROWLANDS) NA BERLINALE 1978



DOMINGO 24, 16.00 | SALA MOZART

TRIBUTU A ALAIN DELON

PLEIN SOLEIL A PLENO SOL (1960)

René Clément

Francia, Italia / 118 min / Ficción / Francés, inglés, italiano

Ficha artística:


Alain Delon, Marie Laforet, Maurice Ronet

Ficha técnica:

- Guión:** René Clément, Paul Gégauff.
Baseado na novela Patricia Highsmith
- Fotografía:** Henri Decaë
- Edición:** Françoise Javet
- Produción:** Robert Hakim, Raymond Hakim

Sinopse:

O señor Greenleaf ofrécelle 5000 dólares a Tom Ripley para viaxar a Italia e traer de volta aos Estados Unidos ao seu fillo Philippe, temendo que este estea malgastando a súa herdanza. Mais cando Tom coñece a vida de luxo de Philippe e da súa moza Marge, comeza a sentir unha forte atracción por ese mundo. A situación complicase cando Philippe engana a Tom, finxindo que está decidido a regresar, mais sen intención real de cumprir os desexos do pai nin de deixar a súa prometida. Neste contexto, Tom suplanta a identidade de Philippe e comeza un perigoso xogo de manipulación e fraude.



LUNS 11, 15.30 | SALÓN TEATRO
 MARTES 19, 17.15 | NUMAX

TRIBUTU A DONALD SUTHERLAND

**THE DAY OF THE LOCUST
 COMO PRAGA DE LANGOSTA (1975)**

John Schlesinger

Estados Unidos / 144 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Donald Sutherland, Karen Black, William Atherton,
 Burgess Meredith

Ficha técnica:

- Guión: Waldo Salt
- Fotografía: Conrad L. Hall
- Edición: Jim Clark
- Produción: Jerome Hellman, Sheldon Schrager

Sinopse:

Tod Hackett chega a Hollywood a finais dos anos trinta co soño de traballar como decorador nun grande estudio cinematográfico. Alí coñece a Faye, unha moza ambiciosa que anhela triunfar como actriz e para iso se vai arrodeando de persoas que a poidan axudar a alcanzar o seu obxectivo. Xorde un romance entre eles, pero Faye acaba preferindo o estilo de vida que lle pode ofrecer un contable solitario. A historia afonda na complexa dinámica de desexos e ambicións na busca do éxito no mundo do cinema. Película remasterizada con motivo do seu 50 aniversario.

SELECCIONADA FÓRA DE CONCURSO NO FESTIVAL DE CANNES 1975

MELLOR DISEÑO DE VESTIARIO NOS BAFTA 1976



CINEEUROPA
2024 38 EDICIÓN
 7-24.11.2024
 SANTIAGO DE
 COMPOSTELA



REAL
 FILHARMÓNIA
 DE GALICIA

TEMPORADA
2024 - 2025
 AUDITORIO DE GALICIA

INCONFORMISTAS





CINEUROPA 38

SECCIONES PARALELAS

MARATÓN

VENRES 22, 22.00
TEATRO PRINCIPAL (MARATÓN)

THE UNBEARING ESTADO DE NECESIDADE (2024)

Miriam Albert-Sobrino, Sonia Albert-Sobrino

Estados Unidos / 14 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Katerina Eichenberger, Branden Greenberg,
Tim Hughes, James Choi

Ficha técnica:

- Guión: Katerina Eichenberger
- Fotografía: Miriam Albert-Sobrino, Sonia Albert-Sobrino
- Edición: Miriam Albert-Sobrino, Sonia Albert-Sobrino
- Producción: Sean Valdivieso, James Mackenzie,
Katerina Eichenberger, HyeYun Lee

Sinopse:

Alice Tilden, unha traballadora de control de pragas nunha América totalitaria, descobre que está embarazada. Como o aborto é ilegal, pídelle axuda ao seu mozo Jimmy, pero este rexeita axudala e ameázaa. Desesperada, Alice consegue píulab abortivas de contrabando, pero decátase axiña de que foron manipuladas. Algo aterrador comeza a medrar dentro dela a un ritmo alarmante, e, atrapada no seu apartamento, terá que loitar contra esa presenza sinistra antes de perder o control sobre o seu propio corpo.



PELÍCULA SORPRESA 1



VENRES 15, 22.45 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 22, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL (MARATÓN)

STRANGE DARLING (2024)

J. T. Mollner

Estados Unidos / 96 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Willa Fitzgerald, Kyle Gallner, Madisen Beaty,
Barbara Hershey

Ficha técnica:

- Guión: J. T. Mollner
- Fotografía: Giovanni Ribisi
- Edición: Christopher Robin Bell
- Producción: Bill Block, Roy Lee, Steve Schneider,
Giovanni Ribisi, Chris Ivan Cevic

Sinopse:

Nunha noite de festa, unha moza coñece a un home atractivo e carismático, sen saber que é un asasino en serie. O que comeza como unha aventura dunha soa noite axiña se transforma nun pesadelo ao descubrir a verdadeira identidade do seu acompañante.

Asustada, intenta fuxir, pero o asasino, obsesionado coa súa nova presa, non está disposto a deixala marchar facilmente. A moza vese envolta nunha perigosa persecución, na que cada paso que dá a achega máis ao perigo.

🏆 MELLOR FOTOGRAFÍA NO FESTIVAL DE SITGES 2024



MÉRCORES 13, 19.30 | SALÓN TEATRO
VENRES 22, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL (MARATÓN)

AZRAEL (2024)

E. L. Katz

Estados Unidos / 85 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Samara Weaving, Victoria Carmen Sonne, Rea Lest

Ficha técnica:

- Guión: Simon Barrett
- Fotografía: Mart Taniel
- Edición: Ben Baudhuin
- Producción: Simon Barrett, Dave Caplan, Dan Kagan

Sinopse:

Nun mundo sumido nun silencio imposto, unha comunidade dominada por mulleres aférrase a rituais antigos e a unha estrutura de poder opresiva. Azrael, unha moza valente e rebelde, desafia estas normas ao escapar da súa reclusión, o que desata a furia de quen a considera un sacrificio necesario para tranquilizar a un antigo demo ancestral. Co destino marcado pola ameaza do sacrificio, Azrael vese obrigada a loitar contra forzas escuras na súa procura desesperada pola liberdade e a supervivencia.

🏆 SELECCIONADA NA COMPETENCIA OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES 2024



XOVES 14, 23.00 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 22, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL (MARATÓN)

MADS (2024)

David Moreau

Francia / 95 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Milton Riche, Laurie Pavy, Lucille Guillaume

Ficha técnica:


•Guión: David Moreau

•Fotografía: Philip Lozano

•Produción: Yohan Baiada, Marlene Wale

Sinopse:

Romain, un adolescente de 18 anos, fai unha parada na casa do seu traficante para probar unha nova droga antes de saír de festa. Mentres conduce, ve a unha muller ferida na estrada e decide deterse para socorrerla. Ao subir ao seu coche, ela comeza a se comportar de xeito aterrador e, presa do pánico, bate a cabeza ata morrer. A partir daquela, comeza para Romain unha noite surrealista e terrorífica, na que non é quen de distinguir entre a realidade e os efectos do potente fármaco que vén de probar.



VENRES 8, 22.30 | SALÓN TEATRO
VENRES 22, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL (MARATÓN)

LA NUIT SE TRAÎNE NIGHTCALL (2024)

Michiel Blanchart

Bélxica, Francia / 97 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Jonathan Feltre, Natacha Krief, Jonas Bloquet

Ficha técnica:

•Guión: Michiel Blanchart, Gilles Marchand

•Fotografía: Sylvestre Vannoorenberghe

•Edición: Matthieu Jamet

•Produción: Nicolas Duval Adassovsky, Michaël

Goldberg, Margaux Marciano, Boris Van Gils

Sinopse:

Mady é unha estudante que traballa polas noites como cerralleira para chegar a final de mes. Durante un traballo rutineiro, abre a porta equivocada e convértese accidentalmente en cómplice dun caso de delincuencia organizada. Atrapada, ten que percorrer a cidade para borrar todas as pegadas da súa implicación, mentres intenta encontrar a Claire, a muller que a traizoou. Nesta carreira contrarreloxo, Mady só ten unha noite para saír deste pesadelo, mentres que o que está en xogo non deixa de aumentar.

SELECCIONADA NA SECCIÓN ÓRBITA DO FESTIVAL DE SITGES 2024



PELÍCULA SORPRESA 2



XOVES 14, 22.15 | SALÓN TEATRO
VENRES 22, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL (MARATÓN)

LA NOCHE DE LAS GAVIOTAS (1975)

Amando de Ossorio

España / 89 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Víctor Petit, María Kosty, Sandra Mozarowsky,

José Antonio Calvo

Ficha técnica:

•Guión: Amando de Ossorio

•Fotografía: Francisco Sánchez

•Edición: Pedro del Rey del Val

•Produción: J. A. Pérez Giner, José Ángel Santos,

Modesto Pérez Redondo

Sinopse:

Un médico e mais a súa muller múdanse a unha pequena aldea na costa do norte de España, onde axiña se decatan de que non son ben recibidos polos veciños. A situación tórnase máis inquietante cando un veciño do lugar chega pedindo axuda e son testemuñas dunha estraña procesión de mulleres na praia. Na aldea, os Cabaleiros Templarios seguen practicando rituais de sacrificio sanguíneo. Esta é a última entrega da tetraloxía de terror de serie B de Amando de Ossorio precedida por *La noche del terror ciego* (1971), *El ataque de los muertos sin ojos* (1973) e *El buque maldito* (1974).





CINEUROPA 38

SECCIONES PARALELAS

PELÍCULAS
PREMIOS
CINEUROPA

MÉRCORES 20, 20.15 | SALÓN TEATRO
DIÁRIO DE UMA BUSCA (2010)**Flávia Castro**Brasil, Francia / 105 min / Documental /
Portugués, español, francés**Ficha artística:**

Alfonso Míguez, Pilar Soto, Lorena Iglesias, Emilio Buale

Ficha técnica:

- **Guión:** Flávia Castro
- **Fotografía:** Paulo Castiglioni
- **Edición:** Flávia Castro
- **Produción:** Estelle Fialon, Mauricio Andrade Ramos, Flávia Castro

Sinopse:

Celso Castro, xornalista cunha longa historia de militancia de esquerdas, aparece morto no apartamento dun suposto ex oficial nazi, ao que entrou pola forza. O episodio, digno dunha película de suspense, é o punto de partida para Flávia Castro, filla de Celso e directora do filme, que decide reconstruír a historia da vida e da morte dese home singular que foi o seu pai.

Flávia Castro (Porto Alegre, Brasil). Con cinco anos tívose que exiliar do Brasil. Viviu en Chile, Arxentina, Bélxica e Francia. Alterna os seus traballos como cineasta entre a ficción e o documental. Como guionista e investigadora traballou con grandes documentalistas, como Richard Dindo (*Ernesto Che Guevara, le journal de Bolivie*, 1994), Philippe Grandrieux (*Jogo do Bicho*, 1995), e Eduardo Escorel (*Imagens do Estado Novo*, 2015). A súa primeira longa de ficción, *Deslembro*, estreouse na sección oficial Orizzonti do Festival de Venecia no 2018.

🏆 **MELLOR DOCUMENTAL NO FESTIVAL DO RIO 2010**🏆 **MELLOR DOCUMENTAL NO FESTIVAL DE BIARRITZ 2010**🏆 **PREMIO ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL DE LA HABANA 2011**🏆 **MELLOR PELÍCULA NO DOCLISBOA 2011****MARTES 12, 20.15 | TEATRO PRINCIPAL****LA PARRA (2024)****Alberto Gracia**

España / 90 min / Ficción / Español

Ficha artística:

Alfonso Míguez, Pilar Soto, Lorena Iglesias, Emilio Buale

Ficha técnica:

- **Guión:** Alberto Gracia
- **Fotografía:** Ion de Sosa
- **Edición:** Velasco Broca, Alberto Gracia
- **Produción:** Belí Martínez, Roi Carballido, Javier Tasio

Sinopse:

Damián, un home de mediana idade que vive de maneira precaria nunha gran cidade, recibe a nova da morte do seu pai e vese obrigado a regresar ao seu Ferrol natal logo de máis de vinte anos de ausencia. O lugar, que lembraba vibrante, converteuse nunha ruína que parece atrapar a todos os seus habitantes. Damián participa tamén nun concurso televisivo no que se premia a literalidade. Cando o programa vai a publicidade, comeza a súa verdadeira historia: o regreso a un Ferrol en decadencia.

Alberto Gracia (Ferrol). Estudou na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, onde cursou a especialidade de escultura, e realizou exposicións en diferentes países. A súa obra participa de ferramentas como a pintura, o debuxo, a *performance*, o vídeo e a instalación. Interesado na estética, publicou o libro de ensaio titulado *Microfugas. Teoría y juego de la profanación* (Aristas Martínez, 2010). Ademais, participou dende aquela en proxectos de investigación como *Grid Spinoza* (2011) e en conferencias e mesas redondas relacionadas co tema. A súa ópera prima, *O quinto evanxeo de Gaspar Hauser*, gañou o premio da crítica en Rotterdam. A súa segunda longa, *La estrella errante*, gañou o premio Novas Olas no Festival de Cinema Europeo de Sevilla. Esta é a súa terceira longametraxe.

🏆 **SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE ROTTERDAM 2024**🏆 **GRAN PREMIO ALQUIMIAS DA SEMINCI 2024****XOVES 14, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL****DOMINGO 17, 22.30 | SALÓN TEATRO****UNA BALLENA (2024)****Pablo Hernando**

España / 108 min / Ficción / Español

Ficha artística:Ingrid García Jonsson, Ramón Barea, Asier Tartás,
Kepa Errasti**Ficha técnica:**

- **Guión:** Pablo Hernando
- **Fotografía:** Sara Gallego
- **Edición:** Pablo Hernando
- **Produción:** Leire Apellaniz, Cristiano Bortone, Daniela Porto

Sinopse:

Cando Ingrid preme o disparador, as súas vítimas non saben quen lles disparou. A súa habilidade para infiltrarse e desaparecer sen deixar pegada convértese na súa mellor arma como implacable asesina a soldo. Pero ese poder provén doutra dimensión, dun lugar habitado por criaturas monstruosas que a afastan cada vez máis da súa humanidade. A medida que Ingrid se mergulla máis no seu inquietante mundo, a liña entre a súa identidade e a das súas vítimas comeza a esvaerse, revelando un conflito interno que a levará a cuestionar o prezo da súa vida de violencia e a súa verdadeira natureza.

Pablo Hernando (Vitoria, España). Director e guionista que ten no seu haber cinco curtas, entre as que destacan *Agustín del futuro* e *Magia*. Ademais, dirixiu a longametraxe *Berserker* (2015), presentada no Festival de Cine Europeo de Sevilla. Hernando tamén se dedica á actuación, á animación e ten experiencia en edición e produción, mostra da súa versatilidade no mundo do cine.

🏆 **SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES 2024****CINEUROPA.GAL**

CINEUROPA 38
ACTIVIDADES

MESA DE DEBATE: O ACTOR'S STUDIO E A REVOLUCIÓN DA INTERPRETACIÓN

SÁBADO 9,
16.00 | NUMAX

O chamado *método*, coa súa xénese no teórico ruso Constantin Stanislavski, revolucionou o oficio da interpretación en Hollywood e Broadway. Pero aquela revolución tivo un Comité Central: o Actor's Studio. E uns líderes carismáticos: Elia Kazan, Lee Strasberg e Stella Adler. Ese xiro na maneira de actuar, que pasaba por interiorizar a personaxe e os seus sentimentos ata a neurose e por extraer a dor ou as emocións do armario agochado onde viven as feridas do propio pasado das e dos intérpretes, moveu o chan do teatro e do cinema da segunda metade do século XX. O seu profeta, nado agora hai cen anos, foi Marlon Brando.

Como complemento ao ciclo de 21 películas –algunhas delas inéditas no noso país– celebramos unha mesa de debate arredor do que supuxo o *Actor's Studio* como revolución dos actores, limitada, ao principio, aos Estados Unidos. Isto é, a Hollywood e a Broadway.

Na mesa contaremos con Javier Rebollo, un dos máis relevantes directores do cinema español actual, que presentará na sección oficial do festival a súa máis recente película, *En la alcoba del sultán*. Rebollo achégase no seu cinema máis a unha idea bressoniana da dirección de actores. Por iso vai ser ben interesante coñecer a súa visión dos actores do método. Participarán tamén na mesa Martin Pawley, director, produtor e mais teórico do cinema, de quen podedes ler os seus textos en *Nós Diario* e en *Caimán*, e Xosé Manuel Sande, historiador e programador cinematográfico.

Interveñen:

Javier Rebollo | Director de cine

Martin Pawley | Director, produtor e teórico do cinema

Xosé Manuel Sande | Historiador e programador cinematográfico

Modera: José Luis Losa | Director de Cineuropa



★★★★
CINEUROPA
2024 38 EDICIÓN
7-24.11.2024
SANTIAGO DE
COMPOSTELA
★★★★

CINEUROPA MIÚDA

DOMINGO 10, 15.30 | SALÓN TEATRO

SÁBADO 23, 15.45 | SALÓN TEATRO

EU VOU COMIGO (2024)

Chelo Loureiro

España / 7 min / Animación / Galego

Todos os públicos

Ficha técnica:

- Guión:** Chelo Loureiro
- Fotografía:** Nani García
- Voz:** Uxia Castro

Sinopse:

Elisa está namorada de Martín, pero el parece non decatarse dos seus sentimentos. Ao buscar consello para atraer a súa atención, cae na conta de que moita xente lle suxire mudar non só o seu aspecto, senón tamén o celme da súa identidade. Ante esta encrucillada, Elisa enfrenta a difícil decisión de renunciar á súa esencia auténtica para conquistar a Martín. A medida que reflexiona, pregúntase se realmente paga a pena transformarse por alguén que non parece valorala tal como é.

Chelo Loureiro (Ferrol). Membro da Xunta Directiva do Clúster Audiovisual Galego, da Academia de Artes e Ciencias Cinematográficas de España e da Academia Galega do Audiovisual. Na súa carreira cinematográfica destaca a súa primeira longametraxe como directora, *Valentina*, que gañou o Premio Goya á mellor película de animación no 2022. A súa filmografía acumula máis de 300 premios internacionais, entre eles 4 premios Goya e 10 Premios Mestre Mateo.



SÁBADO 16, 15.45 | SALÓN TEATRO

TOXOS (2023)

Jacqueline Reimúndez, Anxo Cambón

España / 12 min / Ficción / Galego, castelán

Todos os públicos

Ficha artística:

Mariña Gestoso, Iria León, Carla Álvarez, Rubén Buezas, Nicolás Silva, Paloma San Martín, Gonzalo Valcárcel

Ficha técnica:

- Guión:** Jacqueline Reimúndez
- Fotografía:** Samuel Román
- Voz:** Samuel Román

Sinopse:

Toxos é unha historia de aventuras que viaxa polas lendas e o misticismo galego da man de catro rapaces e rapazas de 12 anos e unha cadela. A súa curiosidade tras ler un libro de historias da tradición oral galega lévaos a descubrir a veracidade dunha lenda dunha grade de ouro agochada no río Ulla.

Anxo Cambón (A Coruña) e **Jacqueline Reimúndez** (A Estrada). Realizaron esta curtametraxe como Traballo de Fin de Grao de Comunicación Audiovisual da Universidade da Coruña. Con ela acadaron a matrícula de honra e o premio ao mellor TFG de Temática Galega.

🏆 **MELLOR PEZA DE FICCIÓN E MENCIÓN Á MELLOR INTERPRETACIÓN NO FACOM FEST 2023**



DOMINGO 10, 15.30 | SALÓN TEATRO

SAUVAGES SALVAXES (2024)

Claude Barras

Suíza / 87 min / Animación / Francés

A partir de 7 anos

Ficha técnica:

- Guión:** Claude Barras, Catherine Paillé, Nancy Huston, Morgan Navarro
- Fotografía:** Simon Filliot
- Voz:** Rhea Plangng

Sinopse:

En Borneo, no límite da gran selva tropical, Keria, unha nena valente, atopa e acolle un bebé orangután na plantación de palma de aceite na que traballa o seu pai. Co apoio do seu curmán Selaï, Keria emprenderá unha loita para protexer o bosque fronte á súa destrución. Esta aventura non só os levará a defender a natureza, senón tamén a conectarse profundamente coas súas propias orixes, nunha viaxe de autodescuberta e toma de conciencia ambiental.

🏆 **SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL ANNECY 2024**



SÁBADO 16, 15.45 | SALÓN TEATRO

SÁBADO 23, 15.45 | SALÓN TEATRO

VALENTINA O LA SERENIDAD (2023)

Angeles Cruz

México / 86 min / Ficción / Español

A partir de 12 anos

Ficha artística:

Danae Ahuja Aparicio, Alexander Gadiel Mendoza Sánchez, Myriam Bravo

Ficha técnica:

- Guión:** Ángeles Cruz
- Fotografía:** Carlos Correa
- Edición:** Felipe Gómez
- Produción:** Isis Ahumada, Myriam Bravo, Ángeles Cruz

Sinopse:

Valentina, unha nena que vive en Villa de Guadalupe Victoria, na rexión mexicana de Oaxaca, enfrontase á perda do seu pai nun accidente. No seu intento de comprender e de aceptar esta dolorosa realidade, Valentina busca refuxio na fantasía e imaxínase como unha superheroína cun pano da casa como capa. Con poderes imaxinarios sobre o vento, a terra e as árbores, tenta superar a devastadora ausencia do seu pai. A historia é un delicado camiño cara á aceptación da morte e a aprendizaxe de continuar coa vida, a pesar da perda.

🏆 **MELLOR PELÍCULA E MELLOR ACTRIZ (MYRIAM BRAVO) NO FESTIVAL DE HUELVA 2023**



DO GUIÓN Á PANTALLA. ENCONTRO CO DIRECTOR GREGO SPIROS JACOVIDES

XOVES 14,
15.30 | SALA
MOZART

Spiros Jacovides naceu en Londres e estudou dirección na Escola Helénica de Cinema e Televisión Stavrakos. En 1998 foi estudante convidado na Academia Alemá de Cinema e Televisión de Berlín (DFFB). Escribiu e dirixiu tres curtas. *Pedra negra* é a súa primeira longametraxe.

Pedra negra é unha historia ficticia sobre a vida real, unha fiestra aberta á traxedia grega moderna. A través da historia dunha familia, amósanos unha sociedade en desintegración, cun sistema familiar forte, no que cada un ten o seu rol, asignado ou asumido persoalmente dunha maneira consciente ou inconsciente. Estes roles perpetúanse xeración tras xeración a un alto prezo para os implicados.

Un fillo decide fuxir. As accións ás veces miopes, a miúdo cómicas, dunha persoa, pódense converter nunha traxedia para moitos. A nai loita por atopalo e manter unida a familia e asume a función dun estado grego cheo de carencias. O intento traxicómico da familia tradicional grega de adaptarse a unha nova realidade, a un mundo que está cambiando. O nó imposible de desfacer da realidade grega, sempre tan complicada e autodestrutiva, que fai que os seus heroes sintan que calquera intento de abondala, resolvela ou escapar dela sempre acabará co mesmo resultado: co nó apertándose. É unha sensación que moitos de nós experimentamos ao medrar neste país.

A forza motriz da nosa historia é Haroula, esta nai que parece perder o seu lugar no mundo moderno. Ten problemas e responsabilidades abondas, pero de non as ter as súas inxedanzas aumentarían, perdería a súa razón de ser, a súa identidade, e todo o que quedaría sería ela soa cos seus desexos,

cos seus sonhos, e daquela tería que se enfrontar ao seu maior medo... ela mesma. É fascinante este tipo de medo como unha forza oposta á vida. A xente que ten medo de vivir, de fallar, de perseguir os seus sonhos, os seus desexos, de descubrirse a si mesma, e que en troques se aferra a un rol e se agocha detrás del, evitando realmente responsabilizarse da súa vida. Vidas que non se viviron. *Pedra negra* comeza incerteira e aos poucos vai atopando o seu camiño e todo encaixa no seu sitio. Vaise debuxando a historia, a trama e os personaxes toman forma e a película convértese nunha viaxe poderosa.

Neste encontro, Jacovides explicará como traballa desde a concepción do guión ata a rodaxe do filme, como a primeira versión dunha película é a que ve o director durante a escrita e lectura do guión co resto do equipo e como se chega á versión que ve o público.

Trátase dunha actividade en dúas etapas:

13 de novembro: Proxección de *Pedra negra*. Sala Mozart, 18.00 h.

14 de novembro: Encontro con Spiros Jacovides. Sala Mozart, 15.30 h.

A sesión desenvolverase en lingua inglesa con tradución simultánea

Inscripcións en cineuropa.gal


arteXINO
FESTIVAL

10 ANOS DE 'CINEMA EN CURSO' EN GALICIA

Cinema en curso é un programa pedagóxico de creación cinematográfica en escolas e institutos que chega á súa 20ª edición con máis de trinta obradoiros en Cataluña, Galicia, Euskadi, Madrid, a Comunidade Valenciana e Navarra, e que tamén promove actividades en Alemaña, Colombia, Eslovenia, Lituania, México e Serbia. En Galicia desenvólvese dende hai unha década coa Filmoteca de Galicia (Agadic - Xunta de Galicia).

O programa ten dous grandes obxectivos: propiciar o descubrimento por parte da mocidade e a rapazada do cine como arte, creación e cultura; e desenvolver as potencias pedagóxicas da creación cinematográfica no contexto educativo. Un dos seus principais eixes de acción son os obradoiros, que se levan a cabo con grupos de idades comprendidas entre os 9 e os 18 anos, ao longo de todo un curso e dentro do horario lectivo. Impártenos conxuntamente un equipo de docentes e cineastas.

O proceso fundaméntase no diálogo entre ver e facer cinema. A rapazada descobre autoras e autores como Chantal Akerman, Jean-Pierre e Luc Dardenne, Jean-Luc Godard, Mia Hansen-Løve, Johan van der Keuken, David Perlov, Nicolas Philibert, Ermanno Olmi, Raymond Depardon, Mercedes Álvarez, José Luis Guerin, Agnès



**XOVES 21,
18.15 | SALÓN
TEATRO**

Varda ou Isaki Lacuesta, e tras as súas pegadas realiza diversas propostas de creación que culminan coa creación dunha curtametraxe documental ou de ficción. Todos os procesos son colectivos: dende a documentación ata a montaxe pasando pola rodaxe, e os cargos distribúense rotativamente.

En Galicia, o equipo de cineastas está formado por Carla Andrade, Xacio Baño, Jaione Camborda, Fon Cortizo, Eloy Domínguez Serén, Marcos Flórez, Ángel Santos e Alejandro Tarraf. Tamén forman parte do equipo, a nivel estatal, Jaume Claret Muxart, Mertixell Colell, Mikel Gurrea, Carla Simón, Daniel Tornero e Jonás Trueba.

Cinema en curso é un programa de A Bao A Qu, asociación cultural dedicada a proxectos que vinculan creación, cultura e educación, dende unha tripla perspectiva artística, social e pedagóxica.

No marco desta actividade de Cineuropa, os responsables deste programa e mais os cineastas galegos Marcos Flórez, Xacio Baño e Jaione Camborda presentarán unha selección dos traballos realizados polo seu estudiantado ao longo destes anos.



VAL DEL OMAR: O CINEMA COMO ELEMENTO



**MARTES 19,
20.00 | NUMAX**

José Val del Omar é unha figura esencial e ao mesmo tempo insólita dentro da historia do cinema. Cineasta cunha visión poética inconfundible, inventor, místico e visionario. A súa ollada clarividente foi obxecto dunha morea de estudos, publicacións, exposicións e retrospectivas en todo o mundo, nun esforzo incesante de dar a coñecer e de preservar a súa obra.

Val del Omar, que foi un artista total e un poeta do cinema, case sempre se presenta como unha *rara avis*, un francotirador solitario que foi quen de inventar o cinema experimental el só desde os distintos emprazamentos dos seus laboratorios.

Nesta sesión especial achegámoslle ao público de Cineuropa o *Tríptico Elemental de España*, a obra maiúscula deste cineasta. Constitúe unha historia sincrética e esotérica do país, na que se concentran a filosofía sufi, o *duende flamenco*, Federico García Lorca, San Juan de la Cruz, San Agustín ou o neoplatonismo. Un elemental é para Val del Omar unha nova forma de poema audiovisual, pero tamén son as tres esenciais naturais constitutivas de cada filme: a lama en *Acariño galaico*, o lume en *Fuego en Castilla* e a auga en *Aguaespejo granadino*.

Neste Tríptico, Val del Omar vai usar intervencións como os desbordamentos da pantalla e o son diafónico, patentados polo autor, que conducen cara a unha percepción física e corporal da imaxe, a chamada táctil-visión. Estas invencións, entre outras moitas, e mais a súa ansia transcendente son o que Val del Omar chamaría a *mecamística* do cine.

ACARIÑO GALAICO (1961-1995)

José Val del Omar

España / 23 min / Documental / Español

Guión, fotografía e montaxe:

José Val del Omar

Trátase, se cadra, do seu filme máis (oniricamente) narrativo.

Cando foi concibido, a comezos dos sesenta, presentaba técnicas especiais de iluminación e

un innovador uso do positivo e negativo, así como unha

concepción vangardista do son, a partir de gravacións de ambiente

que esperaba obter nas primeiras proxeccións do filme.

**Seleccionado na Mostra
Internazionale d'Arte
Cinematografica de
Venecia 1995**

FUEGO EN CASTILLA (1958)

José Val del Omar

España / 17 min / Documental / Español

Val del Omar utiliza as imaxes relixiosas de madeira de Juan de Juni e imaxes das procesións de Semana Santa para poñer en práctica a táctil-visión, un sistema de cinema en 3D para o que non cómpre o uso de gafas, senón que conseguía a través dun uso particular da iluminación e do *flicker* ou parpadeo.

**Mención especial no Festival
de Cannes 1961**

AGUAESPEJO GRANADINO (1953)

José Val del Omar

España / 21 min / Documental / Español

Foi a primeira expresión da diafonía, un sistema de son en estéreo cunha situación e división de canles dirixida á psique da audiencia, e do desbordamento apanorámico da imaxe (unha anticipación do cinema expandido de Vanderbeek, que anegaba a sala de imaxes abstractas extrafoveais que xiraban arredor da pantalla), usando as fontes da Alhambra como tema.

Seleccionado na Berlinale 1956

Este pase contará cun coloquio cos comisarios deste programa, Ana Domínguez e Ángel Rueda, e coa encargada do arquivo Val del Omar, Piluca Baquero.

CINEUROPA E MOCIDADE

**MARTES 19,
18.00 | SALA
MOZART**

Cineuropa 38 acolle a fase final da especialidade de videocreación do certame Xuventude Crea 2024, un programa da Xunta de Galicia que procura recoñecer as propostas creativas da mocidade galega.

Creado en 2010, o concurso chega este ano á súa décimo cuarta edición. Nesta traxectoria acadou a participación de preto de 4.400 mozas e mozos e de 3.200 obras e proxectos distribuídos nas 14 especialidades do programa. Xuventude Crea pretende actuar como estímulo económico para a mocidade (cun primeiro premio de 3.000 euros, un segundo de 1.500 euros e un terceiro de 1.000 euros), pero, sobre todo, servir de escaparate para dar a coñecer entre o público o talento emerxente e as súas obras. As creacións e artistas máis recentes pódense consultar no museo dixital do programa: museoxuventudecrea.gal.

Nesta sesión especial en Cineuropa vanse presentar e proxectar as pezas que o xurado seleccionou como finalistas na modalidade de videocreación e daranse a coñecer as persoas gañadoras da edición.



NOVAS SOLUCIÓNS DE FINANCIAMENTO PARA A PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL XORNADA FORMATIVA

XOVES 14,
10.30 | ZONA C

A Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI) desenvolve no marco da 38ª edición de Cineuropa unha xornada formativa en colaboración con EGEDA (Entidade de Xestión dos Dereitos dos Produtores Audiovisuais) e o grupo Segofinance para afondar na profesionalización do eido audiovisual, dar a coñecer o primeiro portal de emprego centrado nos sectores do cinema, as series, a animación e os videoxogos, e presentar a plataforma de financiamento SEGO Creative, unha iniciativa que busca ofrecer novas solucións que faciliten o desenvolvemento e posta en marcha de producións audiovisuais.

A asistencia é de balde previa inscrición en cineuropa.gal.

PROGRAMA

10.30 | Benvida. Felipe Lage Coro, presidente da AGAPI.

10.35 | A profesionalización do sector: AGAPI e Egeda. Uxía Caride, xerente da AGAPI, e Jesús Prieto, de EGEDA.

11.15 | Platino Empleo. Rafael Sánchez, de EGEDA.

11.30 | Presentación da plataforma de financiamento SEGO Creative, impulsada por EGEDA en colaboración con Segofinance. Con Jesús Prieto e Carlos Antón, de EGEDA.

12.30 | Quenda de preguntas e clausura.

DA PRAZA DO TOURAL ÁS PRATERÍAS

DOMINGO 17,
12.00 | TEATRO
PRINCIPAL

A Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela participa na 38ª edición de Cineuropa cun programa especial do seu ciclo 'Paseos' que convida o público a un percorrido por bandas sonoras do audiovisual galego. Na parada 'Da praza do Toural ás Praterías' ecoarán as músicas creadas para os filmes *A sombra da lei* (Dani de la Torre, 2018), *O Apóstolo* (Fernando Cortizo, 2012), *Sempre Xonxa* (Chano Piñeiro, 1989), *Valentina* (Chelo Loureiro, 2021) e para o capítulo *Dulces vuelos* da serie de animación *Villa Pelusa* (Andrea Castro, Rebeca Domínguez e Javier González, 2017).

PROGRAMA

- *A sombra da lei*, de Manuel Riveiro con transcrición de Marcos Mato
- *Suite do filme O Apóstolo*, de Xavier Font e Arturo Vaquero, con orquestración de Antonio Peña, arranxos de Julián Rodríguez e transcrición de Marcos Mato
- *Suite do filme Sempre Xonxa*, de Pablo Barreiro, Carlos Ferrant e Marcial Prado
- *Suite do filme Valentina*, de Nati García con transcrición de Marcos Mato
- *Villa Pelusa, Dulces vuelos*, de Marcos Mato



A cita anual de Cineuropa coa Real Filharmonía de Galicia vén este ano da man de *Steamboat Bill Jr.* (en galego traducida como *O heroe do río*), o filme que en 1928 dirixiron Charles Reisner e Buster Keaton, quen tamén a protagonizou. Para esta comedia muda, o director e compositor Timothy Brock escribiu, no 2003, unha banda sonora na que pasea pola ironía, a dozura e a extravagancia da película, a través dun traballo orquestral cheo de matices. Como o propio compositor manifesta, compoñer música para Keaton demanda pensar moito na relación narrativa entre a escena e a música, en termos de sincronía e cores musicais, pero demanda tamén saber rir... como lle aconteceu a Shostakovich, gran compositor para cinema, en 1926 cando, acompañando ao piano unha película de Chaplin, non puido sufocar unha sonora gargallada, gañando o seu despido fulminante.

STEAMBOAT BILL, JR. O HEROE DO RÍO (1928)

Buster Keaton e Charles Reisner

Estados Unidos / 70 min / Ficción / Muda

Ficha artística: Buster Keaton, Tom Maguire, Ernest Torrence, Tom Lewis, Marion Byron, James T. Mack

Ficha técnica:

- **Guión:** Carl Harbaugh
- **Fotografía:** Devereaux Jennings, Bert Haines
- **Edición:** Sherman Kell
- **Producción:** Joseph M. Schenck
- **Música:** Timothy Brock, 2003

Sinopse:

No río Misisipi os donos de dous barcos fluviais compiten polo control do transporte de mercadorías. William Canfield é un deles; el confía en que o seu fillo, que estudou na cidade, axude no negocio. Pero o rapaz non ten experiencia ningunha e, ademais, namora da filla do seu rival, o que complica aínda máis o asunto.

XOVES 21, 20.30 |
SALA ÁNGEL BRAGE.
AUDITORIO DE GALICIA
REAL FILHARMÓNIA
DE GALICIA

Timothy Brock, director



CINEUROPA 38

**PELÍCULAS
ORDENADAS
ALFABETICA-
MENTE**

PÁX. 118
12 ANGRY MEN /
DOCE HOMES SEN PIEDADE

PÁX. 80
12 DE MAIO DE 1937

PÁX. 88
7291

PÁX. 134
A FACE IN THE CROWD /
UN ROSTRO NA MULTITUDE

PÁX. 78
A FOTOGRAFÍA VELADA É
ESPAZO PARA UNHA PROPOSTA
DE MEMORIA

PÁX. 134
A HATFUL OF RAIN /
UN SOMBREIRO CHEO
DE CHOIVA

PÁX. 80
A MORTE DO ÚLTIMO
ALCALDE FRANQUISTA

PÁX. 40
A SAVANA E A MONTANHA

PÁX. 135
A STREETCAR NAMED DESIRE /
UN TRANVÍA CHAMADO DESEXO

PÁX. 62
A TRAVELER'S NEEDS /
YEOHAENGJAI PILYO /
NECESIDADES DUNHA VIAXEIRA

PÁX. 181
ACARIÑO GALAICO

PÁX. 62, 148
AGARRAME FUERTE

PÁX. 181
AGUAESPEJO GRANADINO

PÁX. 81
AÍND A HOXE AS HORA

PÁX. 98
AKIPLĚŠA / TOXIC

PÁX. 148
ALELÍ

PÁX. 135
ALL FALL DOWN / O SEU PROPIO
INFERNO

PÁX. 63, 88
APOCALYPSE IN THE TROPICS /
APOCALIPSE NOS TRÓPICOS

PÁX. 40
APRIL / ABRIL

PÁX. 76
AQUARIUM

PÁX. 78
ARDE ARAL

PÁX. 98
ARMAND / A TITORÍA

PÁX. 72
AS NEVES

PÁX. 72
AURORA

PÁX. 152, 163
AZRAEL

PÁX. 136
BABY DOLL

PÁX. 76
BARXACOVA

PÁX. 41
BIRD

PÁX. 41
BLACK STONE / PEDRA NEGRA

PÁX. 99
BLUE SUN PALACE

PÁX. 63
BOB TREVINO LIKES IT

PÁX. 128
BULWORTH

PÁX. 73
BUSCANDO A SANTA COMPAÑA

PÁX. 42
CENT MILLE MILLIARDS /
CEN MILLÓNS DE MILLÓNS

PÁX. 42
DAHOMEY

PÁX. 168
DIÁRIO DE UMA BUSCA

PÁX. 136
EAST OF EDEN / AO LESTE DO
EDÉN

PÁX. 43
EL CIRCO DE LOS MUCHACHOS

PÁX. 43
EN FANFARE /
POR TODO O ALTO

PÁX. 44
EN LA ALCOBA DEL SULTÁN

PÁX. 174
EU VOU COMIGO

PÁX. 118
FAIL SAFE / PUNTO LÍMITE

PÁX. 73
FILMEI PAXAROS VOANDO

PÁX. 119
FORT APACHE

PÁX. 89, 156
FROM DARKNESS TO LIGHT /
DA ESCURIDADE Á LUZ

PÁX. 181
FUEGO EN CASTILLA

PÁX. 64
GOU ZHEN / BLACK DOG /
CAN NEGRO

PÁX. 44
GRAND TOUR

PÁX. 45
HARD TRUTHS / A MIÑA ÚNICA
FAMILIA

PÁX. 47, 99, 119
HENRY FONDA FOR PRESIDENT

PÁX. 47
HOTEL DO RIO

PÁX. 48
L'AMOUR OUF / BEATING
HEARTS

PÁX. 48
L'EMPIRE / O IMPERIO

PÁX. 49
L'HISTOIRE DE SOULEYMANE /
A HISTORIA DE SOULEYMANE

PÁX. 49
LA GUITARRA FLAMENCA DE
YERAI CORTÉS

PÁX. 165
LA NOCHE DE LAS GAVIOTAS

PÁX. 50, 164
LA NUIT SE TRAÎNE / NIGHTCALL

PÁX. 74, 168
LA PARRA

PÁX. 100, 149
LA PIEL EN PRIMAVERA

PÁX. 50
LE DEUXIÈME ACTE /
O SEGUNDO ACTO

PÁX. 100
LE FEMMES AU BALCON /
AS MULLERES DO BALCÓN

PÁX. 152
LE MANGEUR D'ÂMES /
AS DESAPARICIÓNS

PÁX. 156
LE NOTTI BIANCHE /
NOITES BRANCAS

PÁX. 137
LENNY

PÁX. 35
LES FANTÔMES /
A REDE FANTASMA

PÁX. 137
LILITH

PÁX. 138
LONELYHEARTS /
CORAZÓNS SOLITARIOS

PÁX. 153, 164
MADS

PÁX. 101
MI BESTIA

PÁX. 120
MISTER ROBERTS /
ESCALA EN HAWAI

PÁX. 64
MÒ SHÌ LÙ / STRANGER EYES /
OLLOS EXTRAÑOS

PÁX. 101
MOND / MOON

PÁX. 120
MY DARLING CLEMENTINE /
PAIXÓN DOS FORTES

PÁX. 65
MY FAVOURITE CAKE /
O MEU PASTEL FAVORITO

PÁX. 77
O FRÍO

PÁX. 65
OH, CANADA

PÁX. 138
ONE-EYED JACKS /
O ROSTRO IMPENETRABLE

PÁX. 157
OPENING NIGHT /
NOITE DE ESTREA

PÁX. 51
PARTHENOPE

PÁX. 66
PHANTOSMIA / FANTOSMIA

PÁX. 74
PICO SACRO

PÁX. 157
PLEIN SOLEIL / A PLENO SOL

PÁX. 51
POLVO SERÁN

PÁX. 74
PREFIRO CONDENARME

PÁX. 52
QUAND VIENT L'AUTOMNE /
CANDO CAE O OUTONO

PÁX. 79
QUEIMAR CANDO MORRA

PÁX. 52
QUIET LIFE / VIDA EN PAUSA

PÁX. 102, 149
REAS

PÁX. 91
RETAGUARDIA

PÁX. 102
ROCK BOTTOM

PÁX. 81
RUOVESI

PÁX. 103
**SANTOSH /
SEGREDOS DUN CRIME**

PÁX. 53
**SÁPTÁMÁNA MARE /
SEMANA SANTA**

PÁX. 175
SAUVAGES / SALVAXES

PÁX. 139
SCARECROW / ESPANTALLO

PÁX. 126
SECONDS / PLAN DIABÓLICO

PÁX. 72
SEGUNDA II

PÁX. 127
**SEVEN DAYS IN MAY /
SETE DÍAS DE MAIO**

PÁX. 121
**SOMETIMES A GREAT NOTION /
CASTA INVENCIBLE**

PÁX. 91
**SOUNDTRACK TO A COUP
D'ETAT / BANDA SONORA DUN
GOLPE DE ESTADO**

PÁX. 186
**STEAMBOAT BILL, JR.
O HEROE DO RÍO**

PÁX. 153, 163
STRANGE DARLING

PÁX. 139
**SUMMER AND SMOKE /
VERÁN E FUME**

PÁX. 140
**SWEET BIRD OF YOUTH /
DOCE PAXARO DE XUVENTUDE**

PÁX. 79
TAGUIÓN

PÁX. 53
TARDES DE SOLEDAD

PÁX. 158
**THE DAY OF THE LOCUST /
COMO PLAGA DE LANGOSTA**

PÁX. 54
**THE DEVIL'S BATH /
O BAÑO DO DEMO**

PÁX. 54
**THE GIRL WITH THE NEEDLE /
A RAPAZA DA AGULLA**

PÁX. 121
**THE GRAPES OF WRATH /
AS UVAS DA IRA**

PÁX. 140
**THE KING OF COMEDY /
O REI DA COMEDIA**

PÁX. 141
**THE KING OF MARVIN GARDENS /
O REI DE MARVIN GARDENS**

PÁX. 141
THE LANDLORD / O CASEIRO

PÁX. 127
**THE MANCHURIAN CANDIDATE /
O MENSAXEIRO DO MEDO**

PÁX. 122
**THE OX-BOW INCIDENT /
INCIDENTE EN OX-BOW**

PÁX. 142
**THE PAWNBROKER /
O PRESTAMISTA**

PÁX. 66
**THE SEED OF THE SACR
ED FIG / A SEMENTE DA
FIGUEIRA SAGRADA**

PÁX. 142
THE STRANGE ONE

PÁX. 144
**THE THREE FACES OF EVE /
AS TRES CARAS DE EVA**

PÁX. 144
**THE TRIP TO BOUNTIFUL /
REGRESO A BOUNTIFUL**

PÁX. 83, 162
**THE UNBEARING /
ESTADO DE NECESIDADE**

PÁX. 122
**THE WRONG MAN /
FALSO CULPABLE**

PÁX. 174
TOXOS

PÁX. 55
TROIS AMIES / TRES AMIGAS

PÁX. 103
TURN ME ON

PÁX. 128
**TWILIGHT'S LAST GLEAMING /
ALERTA: MÍSILES**

PÁX. 55
UNA BALLENA

PÁX. 90
VACA MUGIENDO ENTRE RUINAS

PÁX. 175
VALENTINA O LA SERENIDAD

PÁX. 56
VOGTER / CONDENADOS

PÁX. 92
**WA ADA MAROUN ILA BEIRUT /
MAROUN VOLVE A BEIRUT**

PÁX. 145
WILD RIVER / RIO SALVAXE

PÁX. 123
**YOU ONLY LIVE ONCE /
SÓ SE VIVE UNHA VEZ**

PÁX. 123
**YOUNG MR. LINCOLN /
O MOZO LINCOLN**



CINEUROPA

2024

38 EDICIÓN
7-24.11.2024
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

CINEUROPA 38

INFO

PRÁCTICA

SEDES CINEUROPA 38



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15704 Santiago de Compostela
T. 981 552 290

compostelacultura.gal



TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
T. 981 542 349 (despacho de billetes)
T. 981 542 347 (oficinas)

compostelacultura.gal



SALÓN TEATRO

Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
T. 881 867 229

agadic.gal



CINEMA NUMAX

Rúa Concepción Arenal, 9, baixo
15702 Santiago de Compostela
T. 981 560 250

numax.org



ZONA C. PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL

Rúa do Preguntoiro, 1 (Praza de Cervantes)
15704 Santiago de Compostela
T. 981 542 462

compostelacultura.gal

ENTRADAS CINEUROPA 38

PREZOS

4 euros

- Seccións Oficiais*: Sección Oficial Europea, Panorama Internacional, Docs Cineuropa e Novas/os Cineastas
- Fantastique Compostela
- Cineuropa Miúda
- Película sorpresa
- Latidoamericano

*Agás Panorama Audiovisual Galego, a proxección de *Black Stone* (vencellada ao encontro con Spiros Jacovides) e as proxeccións das cerimonias de inauguración e de clausura, que son de balde

Entrada de balde previa retirada de convite

- Seccións Paralelas**: Henry Fonda for President: O corazón do cinema é a liberdade, O cinema da conspiración, Brando fai cen anos, Cinefillias
- Panorama Audiovisual Galego
- Proxeccións das entregas de Premios Cineuropa
- Proxeccións das cerimonias de inauguración e clausura

** Agás *Henry Fonda for President* e *From darkness to light*, que forman parte tamén de seccións oficiais

Bono 10 películas: 30 euros

Catálogo: 2 euros

Maratón Cineuropa: 6 euros

Actividades Paralelas

- Mesa debate: o Actor's Studio e a revolución da interpretación. Acceso libre
- Xornada formativa Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI). 'Novas solucións de financiamento para a produción audiovisual'
- Encontro co director grego Spiros Jacovides. 'Do guión á pantalla'. Entrada libre previa inscrición en cineuropa.gal
- Concerto da Banda Municipal de Música de Santiago. Entrada de balde previa retirada de convite
- Xuventude Crea. 'Cineuropa e Mocidade'. Fase final do certame e entrega de premios. Entrada de balde previa retirada de convite
- Sesión especial 'Val del Omar: o cinema como elemento'. Entrada de balde previa retirada de convite
- Presentación '10 anos de Cinema en curso en Galicia'. Entrada de balde previa retirada de convite
- Concerto da Real Filharmonía de Galicia. 15 euros (cos descontos habituais do 50 %)

VENDA DE ENTRADAS E RETIRADA DE CONVITES

Para as proxeccións de todas as salas:

- **compostelacultura.gal**
- **ZONA C Punto de Información Cultural** (Praza de Cervantes): de martes a sábado, de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 h.
- **TEATRO PRINCIPAL:** de 15.00 h ata a hora de inicio do último filme no Teatro Principal ou no Salón Teatro.

En cada sala, para as proxeccións dese espazo:

- **NUMAX:** de luns a sábado (excepto martes) de 10.30 a 14.00 h e de 16.00 a 20.30 h e os martes só de 16.00 a 20.30 h. Os domingos e calquera outro día fóra deste horario, abriríase o despacho de billetes 10 minutos antes do inicio da sesión. Neste despacho de billetes só se poderá pagar en efectivo.
- **AUDITORIO DE GALICIA:** dende media hora antes do inicio de cada sesión.

VENDA DE BONOS

- **compostelacultura.gal**
- **Zona C · Punto de Información Cultural**
- **Despacho de billetes do Teatro Principal**

Pregamos o uso preferente, para a adquisición de entradas e bonos, da páxina web **compostelacultura.gal**

ESTE PROGRAMA ESTÁ SOMETIDO A POSIBLES CAMBIOS. PRÉGASE CONSULTAR A CARTELEIRA DIARIA.

compostelacultura.gal

- 📍 compostelacultura
- 📘 CompostelaCultura
- 📺 CCultura
- 📺 CompostelaCulturaTV

cineuropa.gal

- 📍 cineuropa.gal
- 📘 cineuropa.gal
- 📺 cineuropa.gal

EQUIPO CINEUROPA 38

ALCALDESA DE SANTIAGO

Goretti Sanmartín Rei

CONCELLEIRA DE CAPITAL CULTURAL, TURISMO, EDUCACIÓN E MEMORIA HISTÓRICA

Miriam Louzao Fernández

DIRECTOR

José Luis Losa

PRODUCCIÓN

Ismael Romarís
Alejandra Trelles

COORDINACIÓN DE PROGRAMACIÓN

Jacinta Rivera

EQUIPO DE PROGRAMACIÓN

José Luis Losa
Jacinta Rivera
Alejandra Trelles

COORDINACIÓN PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

Jacinta Rivera
Alejandra Trelles

COMUNICACIÓN

Sandra Carnota
Jacinta Rivera
Silvia Roca

DESEÑO GRÁFICO, REVISIÓN

EDITORIAL E WEB

Luisa Castiñeira
e Patricia Portela
(The Office Comunicación)

CATÁLOGO

Beatriz Pérez
(The Office Comunicación)
Jacinta Rivera
Silvia Roca

PRODUCCIÓN COMERCIAL

Ismael Romarís

TRADUCIÓNS E INTERPRETACIÓNS

Cinematca Uruguaya
Dolores A. Pías Peleteiro
Sara Porto
Itziar Burruel

TRÁFICO DE PELÍCULAS

Ismael Romarís
Emilio Barreiro

COORDINACIÓN PERSOAS

CONVIDADAS

Carlota Álvarez

Asistencia

Elena Rodríguez
Sarah Barragán

RESPONSABLES DE SALAS

SALÓN TEATRO,

Francisco Javier Núñez
NUMAX, Xan Gómez

VÍDEOS PREMIOS CINEUROPA

Brais Gómez
Sergio Santacreu

PROYECCIONISTAS

Miraxe Soc. Coop. Galega
NUMAX

ATENCIÓN AO PÚBLICO

Atlantic Ponte 2000

PRESENTADOR GALAS

Moncho Lemos

ESTUDANTADO EN

FORMACIÓN USC

Carolina Cunqueiro
Gloria Caamaño
Itziar Burruel
Mariña Paz
Mario Elías Blanco
Sara Porto
Uxía Martínez
Uxía Santiago

AUDITORIO DE GALICIA

DIRECTOR-XERENTE
Xaquín López

GABINETE TÉCNICO

David Areán
Chus Busto
Carlos Millán
Silvia Modia
Ángeles Otero
Ana Parga
Ángela Pereira
Silvia Roca

TEATRO PRINCIPAL

GABINETE TÉCNICO

Xesús Amado
Montse Cillero

AGRADECIMENTOS

Adriana Páramo
Albert Serra
Alejandra Frechero
Alejandro Díaz Castaño
Ana Domínguez
Ana Gontad
Anaïs Cornuel
Agustín Touriño
Ángel Quintana
Borja Pena

Bruno Costabel

Carlos Losilla
Cécile Bordas
Celsa F. San Narciso
Elias Siminiani
Enrique Costa
Felipe Lage
Isabel Blanco
José Manuel Sande
Laia Collel
Leire Apellaniz
Lucía Vilela
Xan Gómez
Joao Canijo
Joan Sala
José Antonio Liñares
Juan Manuel Chaves
Costa-Gavras
Michèle Ray
Martín Pawley
Mónica García Iglesias
Nuria Aidelman
Oscar Orengo
Robert Guédiguian
Vincent Lowy
Valentina Otormin
Javier Rebollo
Juan Manuel Chaves
Maren G. Zubeldía
Vanessa Fernández Guerra

INSTITUCIÓNS E ENTIDADES


COLABORADORAS


Grupo Yáñez
Instituto Camões
Albariño Paco & Lola
Cafés Candelas
Artekino
CIFP Imaxe e Son
Hotel A Quinta da Auga
Casa Rural Casa da Costoia
Restaurante Vitela
Hotel Costa Vella
Restaurante O Sendeiro
Restaurante Redes
Restaurante Mesón 42
Productos Gourmet Gula Galega
Restaurante O Dezaseis
Restaurante TS a Casa USC
Acción Cultural Española (AC/E)
Archivo Val del Omar eSe8

O autor do deseño e fabricación das pezas dos Premios Cineuropa é o escultor Francés.

“E nos ollos da xente vese o fracaso, e vese como medra a ira nos ollos dos famentos e nas súas almas inchan e maduran as uvas da ira preparándose para a colleita”.

As uvas da ira, 1940





cineuropa.gal



Compostela
Cultura



CONCELLO DE
SANTIAGO



CONSORCIO DE
SANTIAGO



Deputación
DA CORUÑA



Festival
Internacional
de Cine de
Gijón/Xixón

artexINO
FESTIVAL



XUNTA
DE GALICIA



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



CASA 4
COSTOIA



GAÇHOPIERA
VITELA
SANTOAMARDO



COSTA VELA

Sendeiro
CASA DE GALICIA



REDES
- traballo e coesión -

meja 42



e-REXURDIS

TS
A Casa



CANDELAS